



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 28

Sesión Plenaria
10 de maio de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 2469 (10/PNP-000229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

5.2 5002 (10/PNP-000420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos ou maiores con algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

5.3 6824 (10/PNP-000604)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Chao Pérez, Luca

Sobre a creación polo Goberno galego do Consello Asesor do Libro, previsto na Lei do libro e a lectura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

5.4 7051 (10/PNP-000628)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José, e once deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda en relación coa imputación para efectos fiscais das subvencións percibidas por incorporación de agricultores mozos a actividades económicas no rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

5.5 7487 (10/PNP-000678)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Chao Pérez, Luca

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a declaración da arte rupestre galega como patrimonio da humanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

5.6 7707 (10/PNP-000703)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 no referido aos investimentos en Galicia, así como en materia social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

5.7 7796 (10/PNP-000715)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impulso do uso de gas natural licuado no transporte marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

5.87941 (10/PNP-000729)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

Punto 6. Interpelacións**6.1 2459 (10/INT-000094)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos sobre a pobreza infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.12.2016

6.2 5481 (10/INT-000215)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego para promover o uso da lingua galega entre a mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

6.3 8077 (10/INT-000341)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais e a súa desestaciona-
lización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 8466 (10/POPX-000031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación social e política de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

7.2 8485 (10/POPX-000032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos datos da Enquisa de poboación activa referidos ao comportamento do mercado laboral en Galicia, coñecidos recentemente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

7.3 8488 (10/POPX-000033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da redución do número de persoas galegofalantes e da situación en que se atopa a lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 8467 (10/PUP-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a posición do Goberno galego respecto do actual marco legal e o sistema de financiamento local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

8.2 7661 (10/POP-000993)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que se están a levar a cabo para a posta e marcha do Observatorio de Ríos anunciado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

8.3 8484 (10/PUP-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, incluídas as financeiras, para converter nun vial urbano o tramo de entrada/saída da AP-9 na cidade de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

8.4 7430 (10/POP-000969)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co desenvolvemento dun plan de apoio específico para o sector téxtil no concello de Ordes e a súa comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

8.5 7867 (10/POP-001025)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da autorización da venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

8.6 3676 (10/POP-000435)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Chao Pérez, Luca**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización antes do ano 2018 dun balance da evolución do Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2012-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

8.7 8487 (10/PUP-000080)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre os mecanismos que vai habilitar a Xunta de Galicia para evitar a situación límite na que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Centro Coreográfico Galego, o Centro Galego de Artes da Imaxe ou o Centro Dramático Galego, a consecuencia dos recortes levados a cabo no seu financiamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

8.8 8032 (10/POP-001041)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo, e nove deputados/as máis**

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade en relación co proceso de recollida de achegas e suxestións para a elaboración do Plan funcional e do Plan de espazos do Proxecto Gran Montecelo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106, do 27.04.2017

8.9 7420 (10/POP-000968)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e seis deputados/as máis**

Sobre a situación actual dos recursos e a calidade asistencial dos centros de Política Social da provincia da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación social e política de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos datos da Enquisa de poboación activa referidos ao comportamento do mercado laboral en Galicia, coñecidos recentemente. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

O señor Fernández Leiceaga (S) pide a palabra para facer unha aclaración, que lle é concedida polo señor presidente. (Páx. 24.)

Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da redución do número de persoas galegofalantes e da situación en que se atopa a lingua galega. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 28.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 30.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e once deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda en relación coa imputación para efectos fiscais das subvencións percibidas por incorporación de agricultores mozos a actividades económicas no rural. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. González Vázquez (P)*. (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 35.), *Sr. Quiroga Díaz (S)* (Páx. 36.) e *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 38.)

Nova intervención do señor González Vázquez (P). (Páx. 39.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a declaración da arte rupestre galega como patrimonio da humanidade. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 44.) e *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 46.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 47.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 no referido aos investimentos en Galicia, así como en materia social. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 51.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 54.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 56.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 58.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 60.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impulso do uso de gas natural licuado no transporte marítimo. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 62.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 62.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 66.) e *Sr. Merlo Lorenzo (EM)*. (Páx. 68.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 70.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 75.), *Sr. Merlo Lorenzo (EM)* (Páx. 76.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 78.)

Nova intervención do señor Rivas Cruz (BNG). (Páx. 79.)

Votacións das proposicións non de lei

O señor Bará Torres (BNG) intervén para solicitar a votación por puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 80.)

Votación do punto 1 da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación do punto 2 da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018: *rexeitado por 14 votos a favor, 39 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 81.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos ou maiores con algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 % : *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre a creación

polo Goberno galego do Consello Asesor do Libro, previsto na Lei do libro e a lectura de Galicia: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e once deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda en relación coa imputación para efectos fiscais das subvencións percibidas por incorporación de agricultores mozos a actividades económicas no rural: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

O señor presidente dálle a palabra á señora Quinteiro Araújo (EM) para que comunique o resultado da transacción sobre a proposición non de lei presentada polo G. P. de En Marea, por iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez. (Páx. 82.)

A señora Quinteiro Araújo (EM) le o texto transaccionado. (Páx. 82.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a declaración da arte rupestre galega como 'patrimonio da humanidade': *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 no referido aos investimentos en Galicia, así como en materia social: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impulso do uso de gas natural licuado no transporte marítimo: *aprobada por 39 votos a favor, 12 votos en contra e 20 abstencións.* (Páx. 84.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Interpelación de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos sobre a pobreza infantil. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 85.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 88.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 93.)

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego para promover o uso da lingua galega entre a mocidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 102.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto do actual marco legal e o sistema de financiamento local. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 107.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que se están a levar a cabo para a posta en marcha do Observatorio dos Ríos anunciado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 109.)

Réplica do autor: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, incluídas as financeiras, para converter nunha vía urbana o tramo de entrada/saída da AP-9 na cidade de Vigo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 113.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 115.)

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co desenvolvemento dun plan de apoio específico para o sector téxtil no concello de Ordes e a súa comarca. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 118.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 119.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da autorización da venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 121.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización antes do ano 2018 dun balance da evolución do Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2012-2018. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 128.)

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre os mecanismos que vai habilitar a Xunta de Galicia para evitar a situación límite na que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Centro Coreográfico Galego, o Centro Galego de Artes da Imaxe ou o Centro Dramático Galego, a consecuencia dos recortes levados a cabo no seu financiamento. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 129.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 130.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 132.)

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e nove deputados/das máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Consellería de Sanidade en relación co proceso de recollida de achegas

e suxestións para a elaboración do Plan funcional e do Plan de espazos do Proxecto Gran Montecelo, en Pontevedra. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 135.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 137.)

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual dos recursos e a calidade asistencial dos centros de Política Social da provincia da Coruña. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 140.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 142.)

Remata a sesión ás seis e vinte e tres minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

Reiniciamos a sesión co punto 7 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación social e política de Galicia

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Permítanme que hoxe as miñas primeiras palabras sexan para expresar toda a nosa rabia e indignación ante o último asasinato por violencia machista: un neno de 11 anos.

Eu quero pedirilles que non escatimen esforzos e recursos para loitar contra a violencia. E sobre todo que invistan en educación e en igualdade, porque hai que cuestionar o discurso que sustenta o machismo. Expresábo moi ben María Reimóndez onte: «Debémolleslo ás mulleres e aos menores para as que xa todo chega tarde», señor Feijóo. A violencia é, polo tanto, un grave problema do noso país.

Pero onte o barómetro do CIS tamén nos sinalaba dúas das principais preocupacións que teñen os cidadáns: o paro e a corrupción. Dous sinais de identidade da maneira de gobernar do seu partido. O paro porque as súas políticas económicas están provocando destrución de emprego, precariedade e emigración. E a corrupción porque —como mesmo dixo o señor Rajoy— o seu partido está nun tsunami de casos illados de corrupción. O último, a Operación Lezo, que salpica directamente os intereses de Galiza.

Por certo, sobre este tema vino moi irritado na última sesión de control que tivemos neste Parlamento. Pero eu xa lle adianto que no BNG non imos calar, que queremos unha investigación sobre as concesións públicas a Villar Mir. E por moito que a vostede lle irrite —que vemos que lle irrita—, non podemos deixar pasar por alto os xenerosos donativos á Fundación Fraga, casualmente pouco tempo despois de que ese Goberno en funcións autorizara tres novas concesións eléctricas a Ferroatlántica. É máis, esas concesións caudaron, e vostede a dedo, en 2012, rescatounas, e agora ese empresario imputado quere vendelas ilegalmente.

¿Pode explicarnos por que lle fixo ese agasallo a Villar Mir? ¿Pode, como presidente da Xunta, garantir que non vai aceptar a chantaxe deste empresario que pon en risco 300 empregos na Costa da Morte?

Teña en conta, señor Feijóo, que o emprego é hoxe unha das principais preocupacións que teñen os nosos cidadáns, e o certo é que non é para menos. Segundo a EPA, o 60 % dos novos parados do Estado son galegos. Hai en Galiza un 14 % de traballadores que son pobres, e temos 132.000 persoas — señor Feijóo, ¡132.000 persoas! — en situación de pobreza extrema. Esta realidade é o resultado do seu modelo económico, pero vostede non quere cambiar nada, prefire seguir campando por aí co seu triunfalismo oficial.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos propostas que facerlle. Queremos, en primeiro lugar, que lle digamos non ao recortazo do señor Rajoy, que nos discrimina mentres noutros territorios teñen choiva de millóns. Queremos un concerto económico que nos permita ter 3.500 millóns de euros máis, que agora quedan no peto do señor Montoro, e que nos permitiría blindar servizos públicos e creación de emprego.

Defendamos, señor Feijóo, unha tarifa eléctrica galega. Beneficiémonos da produción de electricidade. Saque a Galiza do vagón de cola da I+D+i, fagamos unha aposta estratéxica por isto ou tendámoslles a man a todos eses mozos e mozas que tiveron que marchar ante a falta de oportunidades. Estas medidas, señor Feijóo, si que crearían emprego, e non o seu triunfalismo oficial.

Por iso hoxe, tendo en conta este contexto político e social, eu preguntolle se non pensa que o emprego melloraría se vostede deixara de mirar para os que están peor, abandonara a submisión ao señor Rajoy e empezara a defender os intereses deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ningún parricidio pode máis que plantexar unha repulsa de todo o pobo galego, ao que me honro en representar dende o Goberno.

Señora Pontón, o popurrí de cuestións que vostede trae a colación debe ser que non ten ningunha cousa concreta que preguntar. En todo caso, señoría, vou intentar contestarlle, co maior respecto posible a esta Cámara, en función das preguntas que me formula.

Pregúntame vostede pola situación que está a vivir Galicia con carácter xeral. Non é fácil contestala nuns minutos, pero a situación social de Galicia é equiparable ás zonas de Europa de maior recuperación económica. É a propia dun país que se está recuperando de forma sólida da profunda recesión e crise económica que sufrimos, que medra de forma clara, que medra incluso máis que a media de España e que ten menos paro que a media de España. E

seguimos cunha tendencia clarísima de diminución de paro e de incremento das afiliacións á Seguridade Social. Pero esta pregunta é do portavoz do Partido Socialista. Por respecto ao portavoz do Partido, déixeme que lla amplíe.

Mire, señoría, sobre a situación política do país, en Galicia hai un Goberno estable que saíu das urnas hai uns meses. Hai un Goberno estable porque Galicia non quixo caer nos riscos do desgoverno nin quixo outorgarlle maior protagonismo a gobernos populistas que están noutras comunidades autónomas. Aquí hai un Goberno estable que goberna, e hai un Goberno sólido e un grupo parlamentario que apoia sen fisuras ese Goberno sólido. É dicir, os galegos acabamos de votar estabilidade política.

E despois, evidentemente, hai unha oposición. Hai unha oposición que toda xunta sacou menos votos que o partido que está no Goberno. Hai unha oposición na que hai un partido que intenta atopar o seu lugar nunha sociedade galega que, cada vez que hai eleccións, lle dá as costas. Hai outro partido que intenta reconstruírse como alternativa. Esperemos que poida facelo algún día, sobre todo para saber a que quere ser alternativa. E despois hai un partido de discursos incendiarios e propostas populistas que están en eterna loita entre si, aínda que a esa loita entre si lle chaman debate interno.

Señoría, esta é a situación social e política de Galicia. ¿Que imos facer nós? Pois preocuparnos pouco polos problemas da oposición e preocuparnos máis polos problemas dos galegos.

O emprego, señoría. Seguimos co obxectivo de que o emprego en Galicia se mova arredor do 15,4 % ao final deste ano. E seguimos, por suposto, traballando polas familias con dificultades.

A taxa de pobreza á que vostede se refire está —acaba de saír publicada no INE— no 19 %; sen dúbida, moito, pero 3,3 puntos por debaixo da media de España e 4 décimas por debaixo do pasado ano. Por certo, señoría, Galicia é unha das cinco comunidades autónomas nas que a taxa de pobreza é menor hoxe que no ano 2008, cando vostede apertaba o botón do Goberno e non lle preocupaba a pobreza do seu país. E somos unha das catro comunidades autónomas que máis baixa en termos de pobreza desde o punto de vista de persoas con moitas dificultades para chegar a fin de mes.

Como comprenderá, señoría, temos bastante traballo, máis recursos para as familias con dificultades, máis política económica para seguir diminuindo o paro e, por suposto, garantir a estabilidade política e a estabilidade social en Galicia.

Lamento, señoría, que vostede non se apunte a nada, salvo a esa desolación que sofren, elección tras elección, por ver que a sociedade galega xa non entende de enganos, senón que entende de cuestións concretas.

Señoría, sobre os problemas das familias e sobre o problema do emprego aquí só hai un aliado: o Goberno da Xunta de Galicia e o grupo parlamentario maioritario.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señor Feijóo, eu fállolle dos problemas e das preocupacións dos cidadáns, vostede fállame de votos e vén aquí facer de oposición da oposición reinventando o Parlamento. En todo caso, señor Feijóo, eu non vexo onde ve vostede a estabilidade dun partido que está trufado por corrupción e que xera inestabilidade en todo o Estado; esa é a realidade.

Vostede aquí quere fuxir e non quere falar de cales son as prolongacións que a corrupción ten no noso país, en concreto nesa Operación Lezo, e nos intereses escuros que están detrás do señor Villar Mir. Non se pronuncia. O silencio faino cómplice desa situación, señor Feijóo. (*Aplausos.*) ¡Faino cómplice! (*Aplausos.*)

¿Vostede de que lado estaría?, ¿dos do Partido Popular que denuncian a corrupción ou dos do Partido Popular que calan? Porque vostede tamén tivo os seus problemas relacionados con temas escuros coa corrupción, señor Alberto Núñez Feijóo, non queira escorrer a súa responsabilidade. Ata onde eu sei, vostede é membro da dirección do partido estatal que está imputado por corrupción política, con moitas ramificacións e con moitas dúbidas sobre cal é o peso desa corrupción política no noso país.

En todo caso, nós hoxe tamén queremos falarlle sobre outro gran problema que ten Galiza, aínda que vostede —insisto— prefira seguir instalado no triunfalismo oficial. Os datos da EPA dixéronnos que o 60 % dos novos e novas parados do Estado son galegos, que hai máis xente no paro no primeiro trimestre e que o crecemento do desemprego en Galiza é moi superior á media do Estado. Pero a vostede todo iso dálle igual, o único que lle preocupa é se ten preparado o titular que vai poñer mañá no Telexornal. Iso é absolutamente o único que lle preocupa ao presidente da Xunta de Galiza.

Nós facémolles propostas, vostede non acepta ningunha. En todo caso, eu agora tamén celebrou que nesta última etapa vostede se estea facendo moi fan doutros presidentes autonómicos. En concreto, acaba vostede de facerse moi fan de Urkullu. Di que o que consegue o señor Urkullu para Euskadi é fantástico para Galiza. Esa é a lectura que fixo vostede do seu papelón en relación co tema dos orzamentos do Estado.

Míre, agora —xa que vostede nos quere situar nese debate— podemos preguntarnos por que Euskadi ten unha taxa de paro do 11,9 % e en Galiza témola do 17,4 %. ¿Sabe por que, señor Feijóo? Pois porque Euskadi ten un modelo de financiamento —como o que defende o Bloque Nacionalista Galego para este país— que lle permite xestionar o cen por cento dos seus recursos e ter máis cartos para mellorar a sanidade ou o emprego. Porque fixeron unha aposta estratéxica pola I+D+i mentres vostede nos situou no vagón de cola. E por último, señor Feijóo, porque en Euskadi...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PONTÓN MONDELO: ...teñen un presidente que exerce como presidente dunha nación e defende os seus intereses, e en Galiza témolo a vostede, convertido nunha marioneta do señor Rajoy. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Mire, señoría, se vostede quere falar da EPA, formule a pregunta sobre a EPA. ¿É que non se dá conta de que lle falta ao respecto ao señor Leiceaga por falar vostede das cuestións que non se lle ocorren salvo pola mañá, en función do que ocorra na prensa do día?

Mire, señoría, as preguntas parlamentarias son algo serio, e ultimamente dáme a sensación de que vostede non está tomando en serio as preguntas parlamentarias nin o Parlamento. (*Murmurios.*) Si, porque non toma en serio, por exemplo, a corrupción. (*Murmurios.*)

Non. Os corruptos forman parte dunha hampa que non ten relación cos partidos. Aos corruptos do PP, aos corruptos do PSOE, aos corruptos do BNG o que lles interesa claramente é olvidarse da súa propia corrupción persoal e intentar manchar o partido do que forman parte. (*Murmurios.*) E intentar manchar un partido do que forma parte un corrupto —aínda que sexa nacionalista— é intentar manchar o BNG, cousa que, como é natural, eu non vou facer.

Mire, señoría, sobre ese tipo de cuestións, témolo claro. Polo tanto, como o temos claro, estamos absolutamente tranquilos e somos contundentes en relación con ese asunto. Aínda non teño ningún membro do meu Goberno acusado por nada. Vostedes gobernaron en Galicia soamente catro anos e aínda teñen un membro do Goberno imputado por algo, (*Murmurios.*) señora Pontón, e aínda non sabemos exactamente que fixo o conselleiro de Industria do BNG. (*Murmurios.*) Polo tanto, señoría, dicir que o conselleiro de Industria do BNG é un corrupto, antes de ser xulgado, paréceme excesivo. E dicir que vostede é unha corrupta por ser compañeira dese conselleiro do BNG paréceme un exceso que non vou cometer. (*Aplausos.*) Mire, señoría, (*Aplausos.*) fai falta efectivamente (*Aplausos.*) ter cara para falar nese ton e con esa sutileza.

Mire, señora Pontón, analicemos con detalle o que vostede queira. A vostede parécelle que Euskadi acaba de conseguir un gran acordo político porque o AVE vai chegar tres anos despois que chega a Galicia. E, sen embargo, en Galicia estamos abandonados polo Goberno porque o AVE chega tres anos antes. (*Murmurios.*) A vostede parécelle un gran asunto o tema da electricidade en Euskadi e vostede quere enganar a xente dicindo que hai unha tarifa propia de Euskadi. ¡Falso! E vostede, iso si, quere ocultar que os galegos temos as nosas propias inquietudes desde o punto de vista da tarifa. Por exemplo, que se presuposten os custos de interrompibilidade. ¿Sabe do que estamos falando? Estamos falando de Alcoa, estamos falando de Megasa, estamos falando de Ferroatlántica. ¿Canto supón iso na tarifa, señora Pontón? (*Murmurios.*) ¿Canto supón na tarifa?, ¿máis ou menos que Euskadi? Xa llo digo eu: moito máis.

Mire, señora Pontón, ¡que non somos parvos, eh! Non crea que os que non militamos no BNG somos parvos, porque iso sería como dicirle a toda Galicia ¡que parvos somos! E parvos non lle somos, señora Pontón, sabemos distinguir.

Mire, señoría, ¿que ocurría se o BNG tivera deputados en Madrid? ¿Estaría disposto a pactar co PP os presupostos do ano 2017 con partidas concretas para Galicia? (*Murmurios.*) ¿Ou é que simplemente como goberna o PP con ese non se pode pactar de ningún xeito? Señoría, vostedes que militaban antes no BNG e agora militan algúns en Mareas, teñen seis deputados en Mareas. ¿Os seis deputados de Mareas propóñenlle algo ao PP en favor de Galicia para pactar os presupostos xerais do Estado? ¿Propóñenlle algo?

Señora Pontón, déixese de sectarismos, non temos ningún complexo de país, e deixen de mirar para fóra constantemente. Vostedes din que son nacionalistas pero sempre están mirando para o que ocorre fóra de Galicia. Mire, primeiro eran aliados de Convergencia i Unió, (*Murmurios.*), si, señoría, esa é historia, aliados de Convergencia i Unió. Agora están de Esquerda Republicana, despois foron do PNV, agora están con Bildu.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señora Pontón, ¿sabe unha cousa? O seu slogan creo que era algo así como «Construír Galicia con ilusión». Non, señoría, o seu modelo é construír Galicia por imitación. Eu non, señoría, síntome orgulloso de ser galego e síntome orgulloso de ser presidente da maioría dos galegos. Ser presidente de todos os galegos, incluído de vostede.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos datos da Enquisa de poboación activa referidos ao comportamento do mercado laboral en Galicia, coñecidos recentemente

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días, señores e señoras deputados.

Señor Núñez Feijóo, os datos publicados recentemente da EPA, do primeiro trimestre deste ano, son unha chamada de atención —eu creo que clamorosa— sobre as insuficiencias da súa política laboral e, por extensión, da súa política económica. O ritmo de crecemento de emprego do último ano en Galicia foi a metade do ritmo de crecemento en España. O ritmo de descenso do paro foi o 40 % do español. Estes datos xa son dramáticos en si mesmos, pero non fan máis que alongar unha tendencia que vén dos últimos oito anos, sobre todo dos últimos catro, desde a metade do exercicio do ano 2012, e que, segundo as previsións existentes, se vai prolongar tamén nos dous últimos anos. Vexa o último informe publicado polo Observatorio Rexional do BBVA.

Temos que discutir seriamente esta situación. Hai que abandonar a mala praxe parlamentaria de facer oposición da oposición e discutir seriamente o que está pasando no mercado

de traballo. Tomemos a EPA, comparemos coa evolución da evolución da media española, collamos desde o inicio do seu mandato e falemos do que pasa.

Señor Núñez Feijóo, hai hoxe en Galicia —voulle dar unha cifra que para min é central— 136.700 persoas menos con emprego que cando vostede chegou á Presidencia da Xunta. Hai 136.700 persoas menos con emprego que cando vostede chegou á Presidencia da Xunta. Ao ritmo do último ano, España vai tardar dous en recuperar o nivel de emprego do primeiro trimestre do ano 2009. ¿Sabe canto vai tardar Galicia ao ritmo do último ano? ¡Once anos para recuperar o nivel de emprego que había en Galicia cando vostede chegou á Presidencia da Xunta! A sociedade galega non pode agardar ese tempo. A nosa mocidade ten que ter expectativas moito mellores que estas. O custo das pensións sería insoportable se prolongamos esta situación.

O seu contrato con Galicia do ano 2009 prometía emprego para todos. ¿Pode asegurar hoxe que cando deixe a Presidencia da Xunta no ano 2020 imos ter un nivel de ocupación superior ao que vostede atopou no ano 2009? Señor Núñez Feijóo, se vostede tivese conseguido que Galicia se comportase nestes anos en materia laboral como a media española, teríamos 85.400 empregos máis, eliminaríamos o paro para aqueles que levan máis de dous anos nesta situación e teríamos 46.000 parados menos; permitiríanos resolver o problema do desemprego daqueles que teñen entre 25 e 34 anos.

A grande diverxencia con España prodúcese nesta materia, señor Núñez Feijóo, e agrávase desde que o señor Conde é conselleiro de Economía. Algo están facendo mal cando a expansión económica do 3 % dá lugar a un incremento do emprego en Galicia que é do 1 % ou inferior, como está previsto para os próximos dous anos. E non hai alivio no mundo xuvenil, tanto a ocupación xuvenil como o desemprego da mocidade tamén se comportan peor que en España. É imprescindible cambiar algúns elementos, elementos centrais da súa política económica e da súa política laboral, porque os datos da EPA nos indican que estamos indo mal.

¿Que avaliación lle merecen eses datos, señor Núñez Feijóo? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, agradézolle a pregunta. E como vostede me invita a falar en serio da EPA, falemos en serio da EPA.

Non é moi serio falar da EPA dun trimestre. Non é moi serio, pero vostede quere falar da EPA dun trimestre. ¿Sabe vostede que se collemos a EPA dos últimos vinte anos, en dezasete anos a EPA do primeiro trimestre é peor que a EPA do último trimestre do ano pasado? Pero vostede diso non quere falar. En fin, di que quere falar vostede en serio. Eu vouno intentar, señoría.

Mire, vostede sabe que a EPA sinala menos paro que no resto de España, cousa que omite; exactamente 1,4 puntos menos. A EPA di que levamos doce trimestres consecutivos baixando

o número de parados e co nivel máis baixo dos últimos seis anos, señoría, dos últimos seis anos; o nivel máis baixo de paro no primeiro trimestre dos últimos seis anos.

A EPA di que o nivel de ocupados segue crescendo, e levamos, segundo a EPA, 12.500 ocupados máis que hai un ano. Señoría, se vostede me pregunta polos datos da EPA, os datos da EPA en ningún caso lle parecen excelentes ao Goberno, por suposto que non. Agora, o que si nos parece positivo é que hoxe temos menos paro que hai un ano e que temos menos paro, de acordo coa EPA, que hai seis anos. E o que si nos parece positivo é que se está consolidando a creación de emprego no último ano.

Falou vostede do paro xuvenil. ¿Por que omitiu o dato de que a EPA do primeiro trimestre sinala que o paro xuvenil baixa nun 22 %? Exactamente 5.900 mozos menos en paro. ¿Por que omitiu o dato de que temos unha diferenza de oito puntos de paro xuvenil sobre a última EPA?

¿Por que omitiu o dato, señoría, de que a ocupación crece, por exemplo, no agroalimentario nun 14 % e na industria crece máis dun 4 %?

¿Por que omite o dato, señoría, de que baixan case un 8 % os fogares con todos os seus membros en paro? E, ¿por que omite o dato de que soben os fogares con todos os membros traballando? Máis de 9.000 novos fogares con todos os membros traballando.

Señoría, ¿por que omite o dato do paro rexistrado no mes de abril? Iso é posterior á EPA. No paro rexistrado no mes de abril hai dúas consideracións: que temos hoxe 23.000 parados menos que hai un ano. Segunda consideración: que temos hoxe menos paro rexistrado que cando tomei posesión no ano 2009. Repito: menos paro rexistrado que cando tomei posesión no ano 2009.

Pero, deixémonos de EPA e de paro rexistrado. ¿Que lle parece se falamos de afiliacións á Seguridade Social? Temos 21.000 afiliados máis á Seguridade Social que hai un ano.

Señor Leiceaga, falar de poboación activa e de poboación ocupada sen falar de demografía é trampa, e vostede non debería facer trampas. Xa non só como parlamentario, senón como profesor de economía, señor Leiceaga. ¿Sabe canto baixou a poboación entre 16 e 34 anos? Baixou 183.900. ¿E impútame que agora teñamos 183.900 xóvenes menos como consecuencia da crise demográfica dos anos noventa etcétera?, ¿impútao agora?

Señor Leiceaga, ¡que casualidade!, a cifra dos 183.900 menos xóvenes de entre 16 e 34 anos vén equipararse aproximadamente coa caída dos activos en 184.000. Señor Leiceaga, se vostede quere falar en serio da EPA, non fale da EPA sen os problemas demográficos do país. E, se vostede quere falar en serio da EPA, si me gustaría, neste turno de réplica, que me diga cales son as receitas do Partido Socialista Obreiro Español. Porque ¿sabe que, señoría? A situación que me atopei en Galicia vostede a sabe ben: eran as receitas do Partido Socialista Obreiro Español.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: En fin, non por emborracharse coas cifras é vostede capaz de discutir as que lle dei eu. E esas son suficientemente dramáticas. Dígame: 136.700 ocupados menos que cando vostede chegou á Presidencia da Xunta. Non mo discutiu porque non é discutible. É así. A EPA é o rexistro oficial en termos de emprego e de desemprego. O que fan todos os países europeos, ¡todos os países europeos! Por tanto, discutamos sobre as ferramentas que nos damos para medir este tema.

Faino o INE, non desconfiemos del. España xa igualou o nivel de paro que tiña no primeiro trimestre do ano 2009, Galicia está un 35 % por riba. ¿E vostede estame dicindo que falemos da demografía? Se cae o número de activos, deberíamos ter a oportunidade de, con menos continxente da poboación, (*Aplausos.*) aumentar o noso nivel de emprego. Pero non, non pasa isto porque o paro xustamente é unha comparativa con ese continxente. A demografía funciona a favor da redución das taxas de desemprego, non en contra, señor Feijóo, debería saber iso.

Pero póñollo máis fácil, ¿está hoxe en condicións de dicirnos que vai cumprir a súa promesa de investidura de crear entre 80.000 e 100.000 empregos durante este mandato? ¿Xa non os 136.700, senón os 100.000 que dixo que ía crear durante este mandato? ¿Está en condicións de dicirnos isto? Porque no último ano creou 12.000, e isto nos leva, aproximadamente, á metade dos que vostede se comprometeu a crear ao longo do mandato.

A taxa de paro da mocidade non chegaba ao 17 % cando vostede chegou á Presidencia da Xunta, hoxe está no 23,5 %, con moito menos xoves no continxente de poboación. Ese é o gran fracaso. Nada do que presumir e moito do que preocuparse.

E agora di que vai poñer ao día un plan de garantía xuvenil que durante os últimos tres anos non poden facer un balance del porque non se atreverían a dar as cifras, e vano complicar con máis burocracia e con pouca dotación.

Fagan algo máis sinxelo, que chegue a todas partes, con 90 millóns anuais, para conseguir empregar a 10.000 xoves cada ano. Non en catro anos, como vostedes din, cada ano, porque é o que necesitamos para superar un incremento no nivel de ocupación de máis de 20.000 persoas cada ano, que é o que nos permitiría seguir a senda da recuperación española e darlles unha oportunidade aos xoves, en vez de que teñan que marcharse ou conformarse con estar en desemprego no noso país, e que permitiría que esa demografía que tanto lle preocupa se revitalice, e a única maneira é creando oportunidades de emprego estable para os nosos xoves, que poidan ter un proxecto vital en Galicia.

Esa é a clave de todo isto, señor Núñez Feijóo, e iso non se vai conseguir se continúan vostedes coa política laboral e económica dos últimos anos.

Eu xa sei que non é responsabilidade do señor Conde, é responsabilidade do conxunto do seu Goberno...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...e de vostede mesmo, pero coincide con iso.

Desde o ano 2012 a comparativa con España é moito peor; a comparativa con España é moito peor. Mire, simplemente a evolución dos ocupados en Galicia e en España. Tomando como referencia o primeiro trimestre do ano 2009, para arriba España e aquí Galicia. Sabe vostede que hoxe hai menos ocupados en Galicia que no terceiro trimestre do ano 2012.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Menos ocupados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ¡que pouco rigor! Lamento, señor Leiceaga, (*Murmurios.*) que volva falar da EPA dun trimestre. O ano pasado, cando o terceiro trimestre en Galicia se comportou moito mellor que en España, vostede non dixo nada. Do paro rexistrado no mes de abril non di nada. Das afiliacións á Seguridade Social, que non teñen nin trampa nin cartón, non di nada. E volve —iso si— intentar trabucar e quere omitir o dato fundamental, que a poboación galega de 16 a 34 anos baixou en 184.000 persoas.

Agora dime que hai menos ocupados entre os xoves. Si, señoría, temos 184.000 xoves menos de 16 a 34 anos, e vostede fala de paro, de EPA, non lle importa a demografía, mezcla todo, fala de trimestres, non fala de anos, non fala de tendencia, non admite que durante os seis últimos anos a mellor EPA é esta, non admite que esta EPA é menos paro que a media de España 1,4 puntos. Non admite vostede absolutamente nada.

Mire, señoría, se vostede me pregunta se arranxamos a desfeita laboral que atopei no ano 2009 na súa totalidade, direille que non. Señor Leiceaga, vostede debería coñecer os datos que deixou Galicia.

Mire, cando vostedes gobernaban, no último ano a EPA arroxou 53.000 parados máis, nun ano do Bipartito. E agora a EPA, esa mesma EPA do primeiro trimestre, di que hai 11.000 parados menos.

Cando eu cheguei, o paro do último ano do Goberno bipartito incrementárase en 51.000 persoas; nun ano, 51.000 persoas. E agora o paro está baixando en máis de 23.000 persoas. No último ano do seu Goberno bipartito as afiliacións á Seguridade Social, que non teñen nin trampa nin cartón, baixaron 50.800; nun ano, 50.800 afiliacións menos cando vostede defendía as súas política laborais. E agora que se incrementa en 21.000 afiliados máis nun ano, vostede di que non estamos en condicións de dar leccións. Non, non, dar leccións, de ningún tipo, señoría. O primeiro problema de Galicia é o paro, sen ningunha dúbida, sempre o dixeran.

Vostede plantéxame se imos seguir co obxectivo dos 80.000-100.000 novos empregos. A resposta é que si. A resposta é que si, señor Leiceaga. Xa ve, podíamos dicir que depende de como vaia a economía, depende de quen governe en España, pois todo isto é evidente que depende de moitas cousas, pero nós imos seguir con ese obxectivo. ¿Por que? Porque o noso único interese é Galicia.

Nós, señoría, cando os escoitamos a vostedes falar, defenderon políticas de destrución masiva de emprego, deixaron o país na maior cota de paro da democracia, e agora resulta que nos van dicir cales son as súas propostas. Señoría, permítame concretarlle cales son as súas propostas.

¿A proposta é o modelo laboral e económico da señora Díaz, en Andalucía, que é a rexión con máis paro de Europa? Señoría, Galicia non vai comprar as propostas económicas e laborais da señora Díaz.

¿A proposta, polo contrario, é a do señor Pedro Sánchez, que non ten máis proposta que chegar ao goberno, con independencia de perder consecutivamente todas as eleccións ás que se presenta? Señor Leiceaga, se aínda conserva un pouco de coherencia, debería de aproveitarlo en favor de Galicia. Non lle faga a pelota a ningún candidato, señoría. Non llo van ter en conta, asegúrollo. Non lle van ter en conta facerlle a pelota á señora Díaz pola mañá e ao señor Sánchez pola tarde.

Mire, señoría, o primeiro problema de Galicia é o paro. Pero lamentablemente as propostas que recibimos do Partido Socialista Obreiro Español o único que son é ensombrecer aínda máis o futuro de España e o futuro de Galicia. Hoxe en Galicia hai menos paro rexistrado que cando tomei posesión no ano 2009, e hoxe, de acordo coa enquisa de poboación activa, temos mellores datos que cando tomei posesión por segunda vez de presidente da Comunidade Autónoma.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Como comprenderá, os galegos... Si, señoría, a EPA do primeiro trimestre é mellor que a EPA do primeiro trimestre do ano 2012. Señor Leiceaga, ten vostede que seguir estudando os datos.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

Perdón. Si, señor Leiceaga, ¿para que quere a palabra? *(O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Se é unha aclaración sobre algo que vostede dixo que non é real, ten dereito a ese turno. *(O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Si, si, o Regulamento contéplao. Se é para rectificar sobre as súas propias palabras, pode facelo.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: O presidente da Xunta di que tomou posesión no primeiro trimestre do 2012, o cal non é así, tomou posesión no terceiro. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Todos sabemos cando tomou posesión o presidente da Xunta. Isto sabémolo todos. *(Murmurios.)*

Silencio. Silencio. ¡Silencio, por favor!

En todo caso, é unha aclaración que todos coñecemos xa. *(Risos.)* Non ten maior transcendencia.

Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da redución do número de persoas galegofalantes e da situación en que se atopa a lingua galega

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señor presidente.

Como cuestión previa, a forma que ten o presidente da Xunta de desprezar ao resto dos grupos da oposición, exemplificada aquí no representante do Partido Socialista, é indigno dunha democracia parlamentaria coma a nosa. *(Murmurios.)* Simplemente esa cuestión que non podía deixar de manifestar.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Mire, a nosa pregunta é...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...sobre lingua. O galego é a lingua propia do noso país e está viva porque a xente a fala e a xente quere falala. Podemos dicir incluso que está viva a pesar do Goberno da Xunta, a pesar do Goberno do Partido Popular e a pesar de Feijóo. E está viva a pesar de que os datos amosan unha perda de falantes iniciais do galego, nos últimos dez anos, do 51 % ao 20 %. Algunha responsabilidade terá o Goberno da Xunta neste sentido. Supoñemos que dará explicacións agora sobre esa situación. A pregunta case sería ¿é planificada? Ante a evidencia deses datos demoledores e catastróficos.

Aínda así, non quixera centrar o enfoque desta maneira, porque a vida do galego é e será longa porque a xente quere falalo e a xente quere vivir en galego a pesar de vostedes.

En primeiro lugar, en relación coa infancia, vostedes anulaban completamente o galego dos primeiros anos da educación infantil, ¡absolutamente! De tal maneira que mesmo o Consello

de Europa lles recrimina unha e outra vez, en cada un dos informes que fai, primeiro, que non teñan liñas de inmersión; segundo, que non fagan unha oferta, conforme á lexislación vixente, de liñas en galego e non se lles fale galego ás nenas e nenos. ¿Que ten que dicir vostede ás críticas do informe do Consello de Europa neste sentido?

É máis difícil neste momento atopar unha gardería nun contorno urbano que lle fale galego aos nenos que atopar un dirixente do Partido Popular de Madrid non imputado por corrupción, e xa é difícil, ¡eh!, Pero é o que está pasando. (*Murmurios.*)

A pesar diso, hai iniciativas cidadás como as de Apego... (*Murmurios.*) É verdade, ¡que lle imos facer! Hai iniciativas como Apego que supoñen que a cidadanía organizada dá pasos cara adiante para non permitir que a lingua esmoreza, para non permitir que deixe de transmitirse. O que están facendo é evitar ou facer cumprir o papel que tería que cumprir a Xunta de Galicia. ¿Que fai vostede para cumprir co seu papel?

En materia de ensino, pasar da etapa inicial do 51 % ao 20 % de galegofalantes durante os últimos dez anos, practicamente todos gobernados por vostede; e un 20 % de xente moza que non é capaz de soste unha conversación en galego porque non pode desenvolverse con fluidez. ¿Que fai vostede? ¿Implementar un decreto do plurilingüismo que afonda nesa situación? ¿Impedir que a xente adquira plenas competencias lingüísticas para desenvolverse na súa lingua? ¿Privar á cidadanía de Galicia dun dereito fundamental básico como é comunicarse cos seus iguais na súa propia lingua?

Aínda así, a sociedade civil, organizada en plataformas como Queremos galego ou Prolingua, ano a ano conseguen mobilizacións, e as rapazas e rapaces e os centros educativos están comprometidos en actividades como, por exemplo, Correlingua, manifestando que si, que queren galego. ¿Que fai vostede para ese galego?

A ciencia en galego. Desde hai sete anos, reivindicase en Galicia, celébrase o Día da ciencia en galego. ¿E por que tiveron a comunidade científica e a comunidade educativa que reivindicar a ciencia en galego? Pois porque o Goberno prohibiu ensinar as matemáticas en galego, ensinar a física en galego, ensinar a bioloxía en galego, ¡coma no franquismo!. (*Murmurios.*) ¡Oh, si... oh! De tanto prohibir, váiselles poñer bigote como a Franco a todos. Queremos galego tamén nas matemáticas porque sabemos contar en galego e en galego contamos no mundo.

Ocio e mocidade. Desapareceu toda a programación infantil de calidade na Radio Galega e na Televisión de Galicia. E a pesar disto, hai iniciativas cidadás como vídeoxogos para xente nova... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...en galego, que se exporta a todo o mundo, sen subvención. Comunidades de youtubeiras e youtubeiros que traballan en galego, sen subvención. O do propio dominio.gal, que saíu da sociedade civil, inicialmente sen o apoio da Xunta de Galicia. ¿Que fan vostedes, dentro do ocio, para promover que clubs de base e espazos onde se socializa a xente nova poidan levar adiante iniciativas e socializarse en galego como fai o Celta

coa súa campaña da afouteza? Nos medios de comunicación, ¿que resultados ten dado, en termos de normalización, a súa subvención permanente aos medios galegocalantes?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Amósenos unha soa portada dun medio de comunicación escrita dos subvencionados que un día diferente ao día 17 utilice o galego na súa portada. Máis fácil aínda, media portada. Máis fácil aínda, información local. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Escolla o que queira e ensínenos un sobre o resultado desa política.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Pero a xente quere escoitar galego, por iso se organizan radios veciñais, radios escolares... ¿Que fan vostedes para cumprir coa lexislación, que establece que os espazos radiofónicos cubran...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...un mínimo de espazos en galego?

Despois seguimos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, señoría.

Sobre o respecto á Cámara, a intervención do señor Villares é suficientemente clara. Todas as cousas que dixo cara ao presidente e cara ao grupo parlamentario maioritario, en definitiva cara á maioría dos galegos, que por iso estamos aquí, é suficientemente clara.

É certo que antes do señor Villares falaba outra compañeira do señor Villares. Sempre me dicía que o meu obxectivo era estar en Madrid, e agora resulta que a señora compañeira esta só fala en español. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Probablemente, señor Villares, a vostede lle vai pasar o mesmo.

Se vostede aínda resiste algo no seu grupo, dentro de todos os grupos e dentro de todos os subgrupos, dáme a sensación de que lle queda moito tempo para falar en español e moi pouco para seguir falando en galego. (*Risos.*)

Señor Leiceaga, nós... (*Murmurios.*) Perdón, señor Leiceaga, permítame esta desculpa solemne que traslado fundamente. Non é bo confundir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ao señor Villares co señor Leiceaga. Entre outras cousas, señor Villares, porque vostede, de política lingüística..., o que vai oíndo.

Ás veces, cando vexo as preguntas das Mareas de Podemos, (*Murmurios.*) dáme a sensación de que son anuncios do Corte Inglés. Cando viña o 1 de maio, preguntaban polo paro aínda sen saber os datos da enquisa de poboación activa e o paro de abril; e agora que vén o 15 de maio, preguntan pola lingua porque (*Murmurios.*) o obxectivo é poder falar da lingua. (*Aplausos.*) Si, señor, sen dúbida. Teñen vostedes unha grande axencia de publicidade. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Iso si, quere vostede falar de espazos en galego, mire vostede La tuerca, que, sen ningunha dúbida, todos os anuncios se fan en galego. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, o galego é un pouco máis serio do que vostedes están plantexando. A política lingüística da Xunta de Galicia é clarísima: cumprir a Lei de normalización lingüística.

A sociedade galega posúe un ben patrimonial inmaterial o máis grande da súa identidade: a propia lingua. Para o que traballamos, loxicamente, é para non dividir, senón para unir. Para o que traballamos é para construír e non para destruír. Para o que traballamos é para que a lingua sexa de todos, non das minorías. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque se a lingua galega fora das minorías políticas, evidentemente, ese non sería un bo futuro para a lingua nin para Galicia.

Dicir as cousas que vostede di sen ruborizarse... Resulta que nunca a nosa lingua gozou dun nivel de coñecemento tan alto, nunca. Temos o nivel de coñecemento máis alto de todas as linguas cooficiais de España —o nivel máis alto— e temos, sen ningunha dúbida, o 98 % dos galegos que din que entenden a lingua propia e o 83 % dos galegos que din que saben escribir correctamente o galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría, xa sei que algúns, cando non lle interesa un dato, din que é falso, pero dá igual.

Temos dous problemas na lingua, no eido económico e, sobre todo, na mocidade. No eido económico fixemos o I Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, feito coa Real Academia, co Consello da Cultura Galega e coas empresas e o tecido económico do país. E coa mocidade, que é a nosa principal preocupación e un dos retos máis importantes, estamos a traballar, efectivamente, nese sector de poboación. Por iso imos presentar o Plan de dinamización da lingua galega na xuventude. ¿Para que? Para abranguer determinados ámbitos relativos á familia e á transmisión xeracional da lingua, á tecnoloxía, ao deporte, ás actividades extraescolares, ao ocio, ao lecer.

Mire, señoría, nós imos seguir traballando, sen dúbida, coa Real Academia da Lingua e co Consello da Cultura Galega, e, por suposto, con todos os institutos, como o Instituto da Lingua Galega. Mañá, por certo, imos aprobar o convenio correspondente a este ano.

¿Imos necesitar consenso? Si. ¿Para excluír a lingua galega da loita partidista? Si. Propono o Consello da Cultura Galega, xa sei que vostedes tamén están en contra diso. Propono a maioría da Real Academia da Lingua Galega, xa sei que vostedes están en contra da maioría da Real Academia da Lingua Galega.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, dado que a vostede lle interesa o vindeiro día 17 de maio... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría, o vindeiro 17 de maio lle interesa, debería ler vostede un pouco máis a Carlos Casares. Carlos Casares era un construtor de pontes. Vostede, desde que chegou, adícase exclusivamente a destruír as pontes, incluso as dos seus propios grupos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Quere asegurar a transmisión do galego? ¿Quere realmente un plan da lingua galega para a mocidade? Levante a prohibición de explicar as matemáticas en galego, remate co franquismo lingüístico ao que ten sometido o sistema educativo do noso país. (*Aplausos.*) Fágao.

Que a xente teña que reivindicar o día da ciencia en galego, que teñamos que reivindicar en Galicia que o galego é unha lingua hábil para as matemáticas, para a física e para a bioloxía é unha anomalía democrática. Cumpra coa Lei de normalización lingüística, efectivamente, que establece o aseguramento de que o primeiro ensino será na lingua materna, algo que non se está cumprindo nin sequera nos contornos maioritariamente galegofalantes. Nin se están respectando os dereitos das minorías galegofalantes nas cidades. Dea unha volta por esas escolas e verá como é a realidade.

Dereitos lingüísticos, Administración de xustiza. A Xunta de Galicia está negando sistematicamente a tradución do programa Minerva ao galego, o cal imposibilita aos servizos e imposibilita aos xulgados ofrecer regularmente a lingua galega na Administración de xustiza. E iso é competencia da Xunta de Galicia, competencia transferida, acordada e recoñecida pola propia Dirección Xeral de Modernización da Tecnoloxía, do propio Ministerio de Xustiza. ¿Non lles chega?

Inmigración. O Decreto de plurilinguismo establece un plan de acollida. ¿Onde está desenvolvido? A xente inmigrante quere aprender galego e non teñen medios para facelo porque vostedes non os habilitan.

Falou da empresa. Botamos de menos que o Igape estableza nas liñas de subvencións tamén condicionamentos lingüísticos para fomentar a lingua e para a garantía dos dereitos lingüísticos dos traballadores, o uso da sinalética tamén en galego e a oferta de produtos en

galego. A xente organízase tamén, porque queríamos facer unha visión positiva do uso da lingua, a pesar da Xunta, para consumir, e demandan a atención telefónica en galego, demandan o etiquetado en galego. Por iso, empresas como Extel teñen sentido en Galicia, na Coruña, porque crean emprego, porque crean emprego que fala galego. ¿Onde están vostedes apoiando todo isto?

Contratación pública. ¿Onde están as súas cláusulas administrativas que establezan a obriga- ción de que todos os servizos públicos se ofrezan, como mínimo, en galego, que poderían facer perfectamente? Vostedes deberían dar exemplo. Falo outra vez da lei, da de normali- zación lingüística. ¿Que exemplo dan cando unha parte importante, e significativa nalgúns ámbitos, dos seus propios representantes públicos non utiliza o galego como lingua vehi- cular? ¿Que transmisión se está facendo disto? Para que a xente poida exercer os seus de- reitos lingüísticos teñen que, en primeiro lugar, coñecer perfectamente a lingua e, en segundo lugar, non ter prexuízos cara a ela. Vostede mesmo apuntou un dato: que non todo o mundo coñece perfectamente a lingua galega. Hai un 20 % da mocidade que non é capaz de expresarse con fluidez. Esa xente non é libre para escoller galego e castelán porque non son capaces de desenvolverse nunha desas linguas. Esa xente está privada dun dereito fun- damental básico, como é falar na lingua do seu país, porque vostedes non lle dan as com- petencias lingüísticas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Pero, sobre todo —e vou rematando—, o peor son os prexuí- zos. ¿Por que se pasou en dez anos do 51 % ao 20 % de lingua inicial? Porque as nais e pais non lles falan en galego aos nenos, ou os avós e as avoas non llelo falan aos seus netos. ¿Por que? Porque vostede está mandando a mensaxe de que o galego non é útil, porque, se fose útil, poderíanse aprender as matemáticas en galego, e a bioloxía, e a física.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: E vostedes téñeno prohibido. Levanten a prohibición, porque a xente ten dereito a vivir con normalidade na súa lingua. ¿Que mal lle fixo o galego a vos- tede? ¿Que mal lles fixo a lingua galega?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Rematou o seu tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: Levanten as prohibicións, por favor. Levanten as prohibicións para que a xente poida vivir con normalidade sen límites a nosa lingua.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Villares, recórdame a algunhas persoas que se achegan cando vou pola rúa a calquera acto e me din: ¿Por que teñen prohibido que as ciencias sociais se poidan dar en castelán? ¿Por que? ¿Por que as ciencias sociais non se poden dar en castelán e vostede obriga a que os galegos non aprendamos as ciencias sociais en castelán? (*Murmurios.*) ¿Por que? É o mesmo pero ao revés, señor Villares. (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, xa rematou o seu turno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O bilingüismo cordial existe no país. Como vostede non é cordial, non entende o bilingüismo cordial que practicamos nas rúas, nas cafeterías, no país. (*Aplausos.*) Vostede só mira pola súa lupa, señoría.

Agora resulta que vén aquí e di que o 20 % dos mozos non saben galego. Pero ¿de que falsidades está vostede falando? (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, por favor, silencio. Acabou o seu turno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Saben falar galego moito, bastante ou pouco o 97,5 % da poboación. Non saben falar galego o 2,5 % da poboación. Isto é o que di, señoría, o Instituto Galego de Estatística.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Entendelo, falalo, escribilo, sabe a inmensa maioría da poboación, e vostede empéñase en chamar franquista a calquera. ¡Se lle dá igual! (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, terminou o seu turno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, o Decreto do plurilingüismo en Galicia ten oito sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a favor. (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, chámoo á orde. Señor Villares, chámoo á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se vostede tamén lle chama franquista ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é o seu problema, e se lle chama franquista ao Tribunal Supremo é o seu problema. Nós cremos na xustiza. E cando se nos di que hai que rectificar o decreto, rectificámolo. E, unha vez rectificado, vostede, que di que é demócrata, ¿por que non o asume, se é un decreto constitucional, estatutario e de acordo coa Lei de normalización lingüística? ¿Por que vén vostede aquí a dicirme que non cumprimos a Lei de normalización lingüística e oito sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

din que é legal conforme a Constitución, o Estatuto e a Lei de normalización lingüística? ¿Sabe por que, señoría? Porque a vostede non lle interesa a verdade, vostede está aquí para outra cousa. A verdade non forma parte do seu patrimonio.

Mire, señoría, ¿hai algunha administración máis proactiva en España en favor do galego na xustiza, ou en favor da lingua propia dun país, que a Xunta de Galicia? ¡Pero vostede como pode negar isto! ¡Si, señoría, si!

Sabe perfectamente que o aplicativo do que vostede me fala non é un aplicativo da Xunta, o Minerva NOJ é un aplicativo do Goberno de España. E sabe vostede que pedimos ao Goberno de España os aplicativos para poder traducilos e que a resposta, de momento, é que non. Sabe... *(Fortes murmurios.)* ¡Se lle dá igual, señor Villares! Lamentablemente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor. Silencio, todos.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O portal xurídico galego, a web Lex.gal, o Plan senda 2020, garantindo a atención nas linguas oficiais, a sede xudicial electrónica, que presenta unha interface bilingüe, a Lei de ordenación da asistencia xurídica na Administración xeral da Comunidade Autónoma, que di que todos os escritos na xustiza que presenta a Xunta de Galicia teñen que ser en galego, todo isto, señoría, vostede omíteo simplemente porque non lle interesa a verdade.

Mire, señor Villares, a maioría dos galegos vemos no idioma unha riqueza e vostedes ven un problema. A maioría dos galegos vemos no idioma un acordo e vostedes sembran a división, e á maioría dos galegos interézanos coñecer o galego, entre outras cousas, porque é a nosa lingua, segundo, porque nos conecta con 250 millóns de falantes no mundo e, terceiro, porque xunto co castelán e, si, tamén co inglés, son as tres competencias lingüísticas que queremos ter en Galicia.

Mire, señor Villares, se o que quere é guerras absurdas, mellor guerree cos seus compañeiros. Parecen bastante máis dispostos a discutir con vostede ca min. Eu vou seguir gobernando, vostede siga guerreando. Pero non se confunda, señor Villares, xa sabemos que o seu problema non o ten co galego, o seu problema é que non o admiten como líder dun partido porque falta vostede constantemente á verdade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Continuamos co punto quinto da orde do día, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e once deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda en relación coa imputación para efectos fiscais das subvencións percibidas por incorporación de agricultores mozos a actividades económicas no rural

O señor PRESIDENTE: Non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor González Vázquez. (*Murmurios.*)

Espere un momento. Espere un momento a que haxa un pouco de tranquilidade antes de empezar. (*Pausa.*)

Cando queira.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Bos días, señor presidente.

Señorías, traemos hoxe a este pleno unha iniciativa que penso, despois destes días dun pouco de guerra, que responde a aquilo para o que nos votan os cidadáns, que é tratar de mellorar a súa situación e as súas condicións de vida, neste caso, no ámbito do rural.

Miren, dende o inicio da lexislatura nós defendemos a necesidade de que os nosos agricultores e gandeiros sexan conscientes de que desenrolan unha actividade agrícola que ten que ter rendibilidade. Temos que convencer —e este é un traballo de todos, tamén de vostedes, dos grupos da oposición— de que os agricultores e gandeiros son empresas, aínda que consideremos os máis pequenos como microempresas, pero son empresas. E, como tales empresas, teñen que ser conscientes de cumprir as súas obrigas, tanto fiscais como doutro tipo.

Tendo todo isto en conta, o que está claro é que temos que tratar de mellorar as condicións de cumprimento desas obrigas. Miren, falamos hoxe aquí dun tema importante, que é a remuda xeracional. A importancia que lle dá a Consellería do Medio Rural á remuda xeracional, a que se incorporen mozos á agricultura, vese nas ordes que se convocan cada ano en relación con este tipo de actuacións, de incorporacións.

Vou dar uns datos referidos aos últimos cinco anos, pero non porque sexa parte do Partido Popular ou do Bipartito senón porque afecta á PNL que hoxe traemos. Nos últimos cinco anos, dende o ano 2012, a Xunta apoiou a incorporación de case 1.800 mozos á actividade agraria en Galicia. Destaca... —non se preocupe, señor Sánchez, que agora vou ao tema, estou explicando a PNL, penso que teño todo o dereito do mundo— Destaca o ano 2016, no que se concederon subvencións a un total de 618 mozos, cun importante incremento respecto do ano anterior. No eido das axudas, durante este período apoiáronse estas incorporacións cunha cantidade que chegou case aos 50 millóns de euros; é dicir, sempre por encima dos 20.000 euros, e, en concreto, no ano 2016 por encima, a título individual, dos 40.000 euros.

Se volvemos agora á primeira parte da miña exposición, tendo en conta que estes mozos desenrolan unha actividade económica, teñen que cumprir coas súas obrigas fiscais. A subvención percibida vaise imputar como un ingreso no imposto sobre a renda das persoas físicas destes agricultores e vai ter a cualificación de rendemento da actividade económica. Ata aquí a cuestión non ofrece dúbida. As subvencións tributan con carácter xeral e aquí non hai unha excepción. Co que xa non está tan de acordo o Grupo Parlamentario Popular é coa forma na que se tributa esta subvención e, máis en concreto coa imputación temporal.

Miren, a imputación temporal dunha subvención, cando estamos a falar dunha actividade económica, depende de se se considera corrente ou de capital. Se é corrente, tense que im-

putar nun só ano; se é de capital, a subvención impútase nos anos nos que se amortiza o ben que se adquire con esa subvención.

Pensemos nun mozo ou nunha moza que neste ano 2016 cobrou os 40.000 euros de subvención dos que falabamos antes. Pode destinar parte desta subvención, por exemplo, a comprar un tractor, ou a comprar outra maquinaria, que vai utilizar durante un período de tempo máis alá dun ano —dez anos, por exemplo—. Imaxinemos que ese tractor custou 25.000 euros e que os outros 15.000 euros, o resto dos cartos, os destinou a gastos necesarios para empezar a súa actividade. Neste momento, e tal como está o tratamento fiscal da subvención, os 40.000 euros considéranse ingresos do primeiro ano de actividade. Esta non é unha cuestión que decida un grupo parlamentario, é unha cuestión que fixa a Dirección Xeral de Tributos, a través de consultas vinculantes, porque considera a subvención como corrente.

¿Cales son as consecuencias desta cualificación da subvención como corrente? Primeiro, que a totalidade do ingreso se impute no primeiro ano de actividade do mozo, co cal no ano no que ten menos liquidez —porque precisamente está gastando todos os seus cartos para facer fronte ao inicio da actividade— é cando lle estamos exixindo, ou cando se lle está exixindo pola Axencia Tributaria, o imposto que lle corresponde pola totalidade da subvención. Pero, ademais, como consecuencia do efecto da progresividade, ao ter que imputar toda a subvención nun só ano o que sucede tamén é que se están pagando máis impostos. É dicir, se os 40.000 euros os levamos no primeiro ano, o mozo vai ter que pagar en torno ao 30 % do IRPF, 12.000 euros, mentres que se os levamos, por exemplo, en cinco anos, se repartimos eses 40.000 euros a razón de 8.000 euros cada ano, como consecuencia da progresividade do imposto, no conxunto pagaría menos. En definitiva, se conseguimos que a subvención se impute en máis anos que no primeiro, conseguimos que os nosos agricultores mozos paguen menos impostos e, ademais, que os paguen máis tarde.

Polo tanto, ¿cal é a postura que defendemos no punto primeiro da PNL? Aínda que eu xa máis ou menos a avancei, quero tamén explicar con claridade por que falamos dun período mínimo de cinco anos. Miren, o que defendemos é que a Dirección Xeral de Tributos cambie o seu criterio para que esta subvención se considere subvención de capital e polo tanto non se impute nun só ano. Repito, son vantaxes indubidables para os agricultores mozos; repito, é traballo que temos que facer para mellorar as condicións destes agricultores.

O noso plantexamento, que entendo que debería de ser apoiado polos grupos da oposición, é que no exemplo do que falabamos antes, dos 40.000 euros, a parte que vai destinada á compra dun tractor que se vai usar en dez anos se impute en dez anos, é dicir, 2.500 euros cada ano. E ¿que pasa cos 15.000 euros que foron para gastos de primeira implantación? Nós aí defendemos que, se o mozo ten a obriga de permanecer na actividade económica durante cinco anos, tamén a subvención debería imputarse, como mínimo, nese período de cinco anos. Polo tanto —repito—, buscamos, por un lado, que paguen menos impostos os que se incorporan ao campo e, por outro lado, tamén que retrasen o pago deses impostos.

Miren, a Xunta é consciente do problema, e modificou este ano, no ano 2017, a orde de concesión de axudas precisamente para clarificar estes temas, para, na medida do posible, evitar esta problemática aos mozos que se incorporan no ano 2017 ao campo. Así, na orde que se

publicou en febreiro deste ano distínguense xa as liñas de axudas: investimentos en activos fixos —cando falo de activos fixos, son aqueles que van estar no patrimonio do mozo máis dun ano, como no exemplo do tractor do que falabamos antes— e desenvolvemento de explotacións agrícolas. Na liña de axudas de investimento en activos fixos xa non hai ningunha dúbida de que a subvención é de capital e, polo tanto, xa resolvemos o problema. Na liña de incorporación dos mozos, na prima de incorporación, o que facemos, ou o que fai a Xunta, é clarificar tamén cales son os períodos que ten que estar o agricultor no campo, coa finalidade de levar tamén a tributación ao período mínimo, do que antes falabamos, de cinco anos.

En definitiva, eu diríalles que, con esta redacción da orde, o problema do 2017 en adiante xa o temos solucionado. Pero o caso é que temos aínda mozos que, por descoñecemento, ou non declararon esta subvención ou, se non cambia o criterio da Dirección Xeral de Tributos, terán neste ano 2016 que volver recoller toda a súa subvención e imputala na súa declaración da renda.

O que pedimos nesta PNL é que a Dirección Xeral de Tributos cambie o seu criterio, adaptándose ao que lles acabo de transmitir: que se considere a subvención como subvención de capital e que a imputación desta subvención se faga nun período mínimo de cinco anos. Isto sería un primeiro punto da PNL.

No segundo punto da PNL tratamos tamén de resolver outro problema dos nosos agricultores mozos. Pode suceder que nalgún caso —ou en varios casos, casos que eu levo visto estes días— o mozo, coa subvención que recibe, o que fai é aportala, por exemplo, a unha sociedade agraria de transformación da que forma parte. Nestes casos o que está sucedendo, dende o punto de vista tributario, é que, aínda que quen recibe ou quen aproveita a subvención é a sociedade agraria de transformación, quen ten que pagar o imposto é o mozo no seu IRPF, no seu imposto sobre a renda das persoas físicas. Nós pensamos que neste caso debería defenderse —aínda que é complicado dende o punto de vista técnico, si politicamente, co apoio do Grupo Parlamentario Popular— que, aínda que a sociedade agraria de transformación non sexa a beneficiaria da subvención, esa subvención debe tributar no imposto da sociedade e non no imposto do mozo, coa finalidade, en definitiva, de que se é a sociedade a que desfruta da subvención tamén sexa a sociedade a que teña que tributar en relación con ela.

Miren, estamos a falar, de verdade, dunha iniciativa que pretende mellorar esta tributación destes agricultores mozos. Estamos a falar de case 1.800 nos últimos cinco anos que poden resultar afectados por esta medida. Buscamos incentivar a incorporación dos agricultores mediante axudas. E con iniciativas coma esta buscamos facilitarlles o cumprimento das súas obrigas, pero sempre coa premisa de que teñen que cumprir con esas obrigas.

Señorías —e remato xa —, se queremos que o noso rural teña futuro, na nosa opinión esta é a liña a seguir. Temos que conformar de verdade un sector produtor forte e profesionalizado. Este é o camiño no que vai estar o noso grupo parlamentario, dende o convencemento claro de que só así conseguiremos que o noso rural teña futuro e que o poidamos poñer en valor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Estaba moi ben o escrito na PNL, pero vostede comezou bastante mal. A ver, entendámonos. Empresas, vostedes pretenden e queren que as explotacións agrarias sexan exclusivamente empresas e macroempresas, esa é a súa política, e aí vai orientada. Non, non, vostedes están negando, coas súas afirmacións, a realidade. *(Aplausos.)* E a realidade é que aquí hai empresas familiares que non chegan a ser empresas, e que son as que necesitan axuda, porque son as que están. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, si, si, señor Moisés, si, están utilizando forraxes e pensos fabricados aquí, e están pasándoas canutas, están destruíndose. Esas son as que se están destruindo. E as macroexplotacións non levan bo camiño, non son para este territorio, convénzanse dunha vez.

De todas as maneiras, eu penso que se levan mal co seu goberno amigo, e lévanse mal coa Consellería. Porque esta solución podían tela hai tempo. Evidentemente, estamos diante dunha das anomalías, por lle chamar dalgunha maneira, que máis irrita a xente moza —e iso sábeno ben— que se incorpora á actividade agrogandeira. Non se entende que unha axuda que obriga por cinco anos teña que pagar todos os impostos dunha soa vez. Tampouco se entende que se cobren estas axudas tarde, mal e a rastro, a rastro e máis o pau de Facenda, que ás veces leva un terzo do importe.

As máis das novas incorporacións van para sociedades civís ou mercantís. Dito en cristiano, xeralmente son pais que incorporan os fillos ou fillas e seguen cotizando para conseguir a súa xubilación. A axuda incorpórase á sociedade e invístese, e ese investimento desgrávo a sociedade, pero quen cobra é o mozo ou moza e tributa pola mesma. É unha senrazón en toda regra: desgrava a sociedade e tributa quen cobra. Iso xa o dixo vostede e repetímolo nós.

Pero fáltanlles algúns detalles. ¿Non lles parece que o que se incorpora de novo á actividade agrogandeira debería poder escoller o sistema de amortización da axuda? É dicir, ou nos cinco anos preceptivos ou nos anos que dura a amortización do ben comprado. Ben, iso non estaba na PNL, iso díxoo vostede agora. Pero deberían obrigar á permanencia ao beneficiario nese tempo de amortización. Ata o 2014 estas axudas tributaban de xeito rateado durante os cinco anos do período de instalación dos novos incorporados, despois non.

Miren, para o BNG a resolución desta proposición non de lei debería ser unha medida temporal, temporal, mentres a Xunta non negocie co Ministerio de Facenda a exención de tributos para este tipo de axudas, a exención de tributos para este tipo de axudas. Faise necesario delimitar cales son os sectores estratéxicos que fan un ben social, que sosteñen o medio natural, é dicir, que inciden en actividades económicas non intensivas, sostibles e respectuosas. Falámoslles de protexer e primar as novas incorporacións a pequenas explo-

tacións de leite ou carne, rendibles por base territorial e manexo pouco mecanizado, e pouca dependencia de insumos esóxenos. ¿É volver ao pasado? Non, é ir a unha realidade que re- parte riqueza, non que acumula riqueza.

Estas incorporacións axudarían a fixar poboación e a enriquecer a agricultura, a conservar a paisaxe humanizada e evitar a desertización do territorio. Son dous modelos distintos, xa o sabemos, xa o sabemos. O de vostedes vai cara a esa macrogranxa de Soria. Si, e están facendo puntos de impacto medioambiental bestiais. Si, si, sábeno ben.

De cada 10 novas incorporacións, 2 parten de cero, é dicir, que inician totalmente a activi- dade. Son casos especiais porque van necesitar investimentos posteriores. Non posúen nada e queren incorporarse, xeralmente a unha actividade agraria. Se os 25.000 euros da nova in- corporación son aprobados e non hai un plan de mellora, a seguridade de poder contar con el, a primeira subvención é carto estragado. Deberían ir no mesmo paquete, xunto cunha proba de proxecto viable e de formación suficiente para o mesmo.

Recorden que a pregunta do millón está na base territorial, recorden iso sempre. É impres- cindible para calquera proxecto agrogandeiro. ¿Que se fai coa superficie agraria das explo- tacións que abandonan a actividade? ¿Que se fai con elas? ¿Plantalas de eucalipto? ¿Que tipo de plans e medidas compensatorias? ¿Que fai a Consellería para que estas terras sigan pro- ducindo e non se abandonen ou se plante eucalipto?

Miren, imos apoiar esta proposición do PP, sen que sirva de precedente e non collan o vicio. (*Murmurios.*) Ímola apoiar, aínda que só atende un aspecto das anomalías, porque esta é unha demanda que teñen os nosos mozos desde hai moito tempo e por fin vostedes se dignan a darlle curso. Benvida sexa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Bos días, presidente.

Señorías, vemos con satisfacción como algunhas medidas que lles imos propoñendo, que imos dicindo, que imos matizando, sobre as políticas agrarias ou agropecuarias que se poñen en marcha desde a Xunta de Galicia, se incorporan hoxe aquí nesta proposición que trae o Partido Popular.

E esta é a proba de que moitas veces as cousas que lles poñemos enriba da mesa, que lles dicimos, non son nin unha visión catastrófica nin demagóxica, senón que son a constatación da realidade e de estar ao pé da rúa.

Tamén comprobamos que na convocatoria de 2017 para a incorporación de mozos e mozas á actividade agropecuaria xa aparecen ligadas aos plans de mellora, que ata agora non era así, o que ten causado moitas disfuncións. E estas disfuncións que se viñan repetindo nos últimos anos, nas últimas convocatorias, tamén llas propuxemos nas dúas comparencias que fixo a conselleira diante desta Cámara.

Nesas dúas comparecencias fixemos especial fincapé na incoherencia de, por un lado, dar a axuda económica —que podemos cifrar nesa media dos 40.000, 45.000 ou 50.000 euros—, e, por outro, ter que tributar a imputación desa axuda toda dentro do primeiro ano. Esa era unha incoherencia, unha contradición, que había que solventar e que nós levabamos repetindo varias veces diante das comparecencias da conselleira. Polo tanto, celebramos o cambio de posición do Partido Popular e que baixe á realidade e tome o pulso desa realidade no eido rural.

A posibilidade, desde logo, de alongar o período de tributación ata os cinco anos vai ser un paso positivo, en caso de saír adiante no Ministerio de Facenda, cousa que aínda non temos clara pero que desexamos que se leve a cabo.

Imos apoiar esta proposición, como no pode ser doutra maneira, porque vai na dirección de flexibilizar a fiscalidade e a tributación da xente que vive no eido rural, no mundo rural. E cremos que esa flexibilidade fiscal e tributaria vai ser unha peza clave que alicerce a radicación de mozos e de mozas no eido rural.

Pero esta iniciativa faise sen chegar a satisfacer todas as expectativas do sector agrogandeiro. A flexibilidade fiscal e tributaria pode e debe ser unha arma fundamental se de verdade se quere potenciar a actividade socioeconómica e demográfica no rural. Nós defendemos unha flexibilidade fiscal e tributaria ligada ás características da actividade e investimento realizado, que nesta iniciativa non se contempla e que esperamos que se poida ampliar. Para entendernos, non son as mesmas circunstancias do mozo ou moza que se incorpora, por exemplo, á actividade hortícola, e que fai un investimento de entre 10.000 e 20.000 euros, que o mozo ou moza que se incorpora á actividade aviar, dunha granxa avícola, onde de investimento podemos estar a falar de entre 250.000 e 400.000 euros. Son circunstancias moi distintas, e é unha ligazón ao sector tamén radicalmente distinta. Polo tanto, a distintas circunstancias hálalles que aplicar tamén diversas solucións para adecuarse á realidade. O esforzo investidor non ten nada que ver nun caso respecto do outro caso. Tampouco o período desa amortización, e tampouco as circunstancias dese labrego ou labrega con esa ligazón coa actividade e co territorio.

Polo tanto, volvemos reseñar que son moi distintas as circunstancias e que había que ir tratando de limar esas diferenzas para adecualas o máximo posible ás circunstancias reais desas incorporacións. Porque, se non, estamos falando de períodos, por exemplo, de amortización de entre tres e catro anos para o primeiro caso, e de quince ou vinte anos para o segundo ou outros casos.

Se, polo tanto, as circunstancias económicas son radicalmente distintas, tamén deben ser distintas as condicións desa flexibilidade que hoxe se nos trae aquí, desa flexibilidade fiscal e tributaria. Defendemos, polo tanto, a ampliación dos prazos moito máis alá dos cinco anos que se nos propón nesta iniciativa en función das características da actividade, en función do esforzo investidor e en función da ligazón coa actividade e co territorio. Polo tanto, habería que adecuar e afinar moito máis esta iniciativa.

Dito isto, o que dicíamos ao principio da intervención: ímola apoiar porque nos parece un paso importante. Pero aínda hai que limar e adaptala a esas circunstancias que vive a nosa

xente se queremos que esta flexibilidade sirva para alicerzar a actividade económica e tamén a demográfica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós tamén pensamos que esta iniciativa é positiva se hai vontade real de aplicala. Pero queremos facer unha reflexión crítica que pensamos que deberían facer dende o Grupo Popular, pero que sabemos que non van facer. Esta exixencia chega tarde —tamén se mencionou antes—, eu creo que tiveron bastante tempo para facelo e para poñerse en contacto. E tamén deberían prestar atención a moitas outras cuestións que están relacionadas; por exemplo, ás dificultades burocráticas que hai moitas veces para tramitar este tipo de axudas.

Xa falaron os portavoces de todos os grupos parlamentarios sobre o positivo que ten esta modificación que se propón. Resultan evidentes as dificultades engadidas que se atopan en contabilizar todos os cartos nun só ano. Non vou estenderme moito máis. É unha excesiva imposición, o IRPF actual crea dificultades engadidas sobre as persoas beneficiarias. É un período moi delicado da súa actividade profesional no que deben enfrontar numerosas amortizacións e precisan dispoñer de liquidez.

Pero, como digo, a maioría está dita, e penso que debemos aproveitar esta iniciativa para reflexionar un pouco sobre o marco máis xeral e sobre a situación na que nos atopamos respecto da poboación agraria. Porque, aínda que esta medida é positiva, pensamos que en absoluto é suficiente. E creo que moitas veces —como en todos os discursos cada vez que falamos do medio rural nas comisións e nos plenos— o Goberno obvia a realidade e describe unha situación que non se corresponde en absoluto coa situación que vive a maioría de gandeiros e de agricultores do noso país. Non sei se será intencionadamente para ocultar o fracaso das súas políticas, porque —aínda que xa o dicimos sempre—, por suposto, o rural é hoxe para Galicia unha oportunidade de futuro, pero é unha oportunidade se modificamos por completo as políticas actuais, porque as actuais están demostrándose fracasadas e erradas.

As cifras son negativas, non son positivas, aínda que vostedes intenten dicir o contrario. Menos dun 5 % dos agricultores titulares das explotacións teñen menos de 40 anos, e máis do 60 % dos profesionais do campo superan os 60 anos de idade. E cando falan da incorporación de mozas e mozos ao rural, aínda que as cifras poidan parecer moi positivas, atopámonos con problemas que son silenciados, porque só din as persoas que solicitan as axudas e que acceden a esas axudas, pero non falan de que nos anos da crise a porcentaxe de incorporación no Estado español foi o dobre, duplicou á galega.

Tampouco se fai ningún tipo de seguimento do que pasa coas persoas que se incorporan ao rural. Non se trata, por suposto, de incorporar por incorporar, para ter unhas cifras moi po-

sitivas, senón de que estas incorporacións sexan permanentes no tempo e que teñan apoios e cuestións materiais concretas. Entón, como xa lles preguntamos en moitas ocasións, ¿onde están os datos das persoas que se incorporan ao rural e fracasan no seu intento por falta de apoio? Eses datos tamén servirían para contrastar cantas desas persoas que se incorporan todos os anos teñen que volver traballar no urbano.

Apóíase ofrecendo máis formación, apóíase con apoio financeiro, pero non só, tamén con redes de comercialización dos seus produtos, con titorización e seguimento de proxectos de incorporación, con asesoramento técnico, non desmantelando as oficinas agrarias comarcais e, sobre todo —que xa o comentou o portavoz do Bloque Nacionalista—, apóíase aumentando a superficie agraria útil. Se queren explotacións que sexan economicamente sostibles, doten de recursos e persoal o Banco de Terras e fagan moitas máis medidas para que a xente poida aumentar a superficie agraria. Porque, se non, detrás de iniciativas como esta, que xa dicimos que están ben e nas que se supón que o Partido Popular defende o noso rural e a incorporación de mozas e mozos, atopamos unha enorme contradición. Non nos vale de nada que traian iniciativas como esta se o resto de políticas van na dirección contraria, ou se todos os acordos tomados previamente non se teñen en conta.

Xa se tomaron acordos nesta Cámara, por exemplo, no 2013, con motivo dunha iniciativa da Alternativa Galega de Esquerda pola que se solicitou a creación dun grupo de traballo para crear un plan de incorporación de xente moza ao rural. É un acordo incumplido —como moitos outros—. Limitouse a facer dúas reunións preliminares e nada máis. Se realmente queren facer un traballo exhaustivo sobre a incorporación dos mozos e mozas, sobre as problemáticas que teñen, déanlle pulo a este acordo parlamentario, porque, se non, sinceramente, non cremos a boa vontade.

Isto serve, e nós xa dicimos que estamos de acordo, pero realmente necesitamos que fagan un mínimo de autocritica e que cambien por completo o ritmo ou o sentido das súas políticas. Porque, se non, parécenos que actúan dando bandazos. Isto está ben, pero a maioría das políticas son totalmente contrarias á filosofía da defensa dos mozos e mozas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Rivas, non me equivoquei cando empecei. E dígolle que os que se equivocan son vostedes se non apoian esta perspectiva empresarial e de rendibilidade económica. Temos que falarlle á xente do rural de incremento de prezos, de redución de custos, de rendibilidade. Porque, se non, estamos a repartir miserias, (*Aplausos.*) e nós non estamos a repartir miserias. (*Aplausos.*) Temos que facer produtos con valor engadido para que cheguen a todos, señor Rivas. Se se

vende o viño e se vende caro, tense que pagar a uva correctamente tamén. Se se vende ben o leite, ténselles que pagar aos gandeiros. Temos que falar de rendibilidade económica.

E o que non podemos facer é contarlles historias aos nosos agricultores. ¿Como é isto de que ten que estar exenta a subvención? Tamén van vir mañá os taxistas pedir que estean exentas as súas subvencións, van vir os donos dos bares e vai vir todo o mundo pedir que estea exento en toda subvención. ¿Onde poñemos o límite, señor Rivas? ¿Onde o poñemos?

O que temos que dicirlle é: Ti es unha persoa que desenrolas unha actividade económica e tes que cumprir as túas obrigas. E se algunha obriga está mal regulada nós temos que traballar aquí no Parlamento. Por certo, non contando historietas, senón traendo iniciativas. Din que chega tarde. ¡Preséntena vostedes! ¿Por que non a presentaron vostedes? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Claro! É que, de verdade, eu levo pouco tempo no Parlamento pero é que é unha cousa que me deixa abraiado. Agora resulta que chega tarde. Eu escribina cando puiden.

En todo caso, esta iniciativa, co rigor técnico co que vai mandada, o que pretende é salvar a situación de polo menos catro anos para atrás, que son os que están pendentés de prescrición. Mire, dígollo con todo o cariño —que sabe vostede, señor Rivas, que lle teño moito afecto—, déronlle mal os datos. A consulta vinculante pola que se aplica este criterio —dígollo por se a quere buscar— é a consulta vinculante 1348/2011. Polo tanto, non é que ata o 2014 había un criterio, é que isto xa se está facendo dende o ano 2011 e máis para atrás. É dicir, é un criterio na nosa opinión —e tamén na súa, porque están de acordo coa nosa PNL— errado. E temos que convencer a Dirección Xeral de Tributos, e imos traballar con esta iniciativa para convencer a Dirección Xeral de Tributos, para que cambie ese criterio. Está a prexudicar os nosos mozos que se incorporan, e nós, por suposto, non imos defender ese criterio, queremos que se cambie. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, claro, tamén somos amigos de Villar Mir, señor Rivas, estamos sempre co mesmo, ¡veña! (*Murmurios.*)

Mire, voulle dicir unha cousa. Eu, coma moitos de vostedes, veño da sociedade civil para ser aquí parlamentario. Estamos un pouco fartos os da sociedade civil de escoitar sempre as mesmas milongas que contan vostedes, seguro, (*Murmurios.*) e eu agora como parlamentario. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Quiroga, o mesmo. Eu non sei exactamente cando puxo vostede a medida encima da mesa. Pero, dende logo, penso que aquí o traballo que temos que facer é presentar as iniciativas. Poderían tela presentado tamén vostedes.

Eu o que lle quero dicir é que todas as propostas que fagan na liña da de hoxe, da mesma forma que vostedes nos están dando apoio, se son razoables, nós ímolos apoiar. Nós non temos aquí a única capacidade de discorrer cousas boas para a xente do rural, estamos a sacalas con iniciativas coma esta. Pero se vostedes traen iniciativas boas para a xente do rural, por suposto, nós tamén as imos apoiar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a declaración da arte rupestre galega como patrimonio da humanidade

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Propónse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Inventariar e catalogar as pezas de arte rupestre existentes na Galiza.*
- 2. Elaborar e implementar un Plan para a conservación, protección e posta en valor con dotación orzamentaria suficiente.*
- 3. Iniciar os trámites necesarios para impulsar a candidatura da arte rupestre galega como Patrimonio da Humanidade perante a UNESCO.»)*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar, no prazo máximo de tres meses, os trámites para acadar a declaración da arte rupestre galega como Patrimonio da Humanidade. No prazo máximo dun ano despois de comezar o trámite, a Xunta de Galicia presentará no Parlamento un informe sobre o traballo feito e o plan de acción futuras no caso de que non se rematara o expediente de petición de dita declaración.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Como vimos comentando dende o Grupo Parlamentario de En Marea, tendo en conta que estamos a piques de entrar no 17 de maio —non 15 de maio, aínda que tamén é para nós

unha data para celebrar—, (*Aplausos.*) quixemos aproveitar este pleno para poñer o foco sobre a cultura galega. Resulta que si nos preocupa o calendario e, polo tanto, adaptamos as nosas iniciativas ao calendario, non é un descubrimento do presidente, é unha evidencia. É un tema fundamental que entendemos que non entra nestas paredes tantas veces como debería. E mesmo cando o fai en forma de poesía semella que incomoda a bancada popular. Eles saberán por que.

Como non pode ser doutro xeito, cando falamos da riqueza cultural de Galicia facémolo con pleno orgullo e co total convencemento de que somos afortunadas e afortunados de podermos desfrutar dos tesouros que agocha a nosa terra. Mais lamentablemente, cando falamos da riqueza cultural do noso país, temos que facelo tamén pensando no abandono e a despreocupación que historicamente vén sufrindo por parte da Xunta de Galicia. Cos números na man, semella que a política cultural deste goberno é, sobre todo, de terra queimada, pois —como evidencian os datos— a cultura foi unha das máis damnificadas polas políticas austericidas do Partido Popular. Dende o 2009 vostedes reduciron o orzamento en termos reais en case un 65 %, o que supuxo perder 77,5 millóns de euros para protexer o noso valiosísimo patrimonio cultural; 77,5 millóns de euros menos para a promoción artística, 77,5 millóns de euros menos para garantir un dereito fundamental como é o dereito ao acceso á cultura. Menos mal que no eido cultural non tratan de dicirnos que con menos se fai máis, porque os datos son desesperanzadores. E xa advirto que son datos do Instituto Galego de Estatística, co cal non tería ningún sentido subir aquí e tratar de desprestixialos, porque son os seus datos.

Dende que chegaron vostedes ao Goberno temos 7.000 empregos menos no sector cultural, as familias gastan de media 211,6 euros menos en actividades culturais. Pero, centrándonos no asunto que nos atinxe hoxe, a conservación do patrimonio, cando vostedes chegaron ao Goberno a partida de conservación, protección e consolidación dos xacementos arqueolóxicos era de nada máis e nada menos que de 1.153.506 euros. Nos últimos orzamentos vostedes deixaron 100.000 euros para conservar todos os xacementos arqueolóxicos deste país, 1.053.006 euros menos, que en termos reais supón case un descenso do 99 %. ¡Aí é nada!

Na mesma liña camiña a partida de promoción, catalogación e inventario do patrimonio cultural, que tiña 1 millón de euros en 2009 e hoxe algo menos da metade. Podemos sinalar tamén as transferencias a corporacións locais para a protección do patrimonio, que pasou de 650.000 a 90.000. É un suma e segue de desatinos que ten consecuencias evidentes no estado de abandono do noso patrimonio cultural. Pensamos que son datos o suficientemente contundentes para parar a reflexionar sobre o legado cultural e patrimonial que queremos deixar ás persoas que veñan despois de nós.

Pero non só é cuestión do volume de recursos, senón de en que se gastan; un orzamento claramente insuficiente pero que vostedes insisten en seguir gastando nese «aeroporto sen avións» que teñen no monte Gaiás. Aí si que non hai austeridade, senón gastos escandalosos. Mentres as traballadoras e os traballadores da cultura deste país viven nunhas condicións cada vez máis precarias, mentres o acceso á cultura se converte cada vez máis nun privilexio para as elites deste país, mentres esmorece o noso patrimonio, na Cidade da Cultura séguese enterrando nada máis e nada menos que 1 de cada 3 euros que este goberno dedica á promoción de actividades culturais. Case 11.000 euros diarios vanse acendendo a

luz e coa limpeza e a seguridade do recinto. ¡Case 11.000 euros! Deste xeito resulta que en só nove días gastan tanto na Cidade da Cultura como en todo o ano para protexer e conservar o patrimonio arqueolóxico de toda Galicia. ¡Un auténtico escándalo!

O certo é que a súa política cultural non só é inxusta senón claramente insuficiente. Como xa tivemos ocasión de comentar nesta Cámara, os datos respecto do PIB e do emprego deberían ser o suficientemente claros para que o Goberno entenda que a cultura non só ten incalculables beneficios sociais —eses que normalmente lles importan pouco— senón que tamén é unha actividade economicamente rendible. Segundo o Instituto Galego de Estatística o sector cultural galego representa o 2 % do PIB e o 3 % do emprego. cifras moi semellantes ás doutros sectores chave da economía galega, como pode ser a pesca.

Pero hai máis, aínda que é moi complicado avaliar os efectos sociais do investimento en cultura a curto prazo, cun histórico sobradamente grande para cruzalo con outras variables podemos inferir que o investimento en cultura crea emprego indirecto inducido moi útil para que as empresas continúen coa súa actividade, elevando os niveis educativos e rebaixando a taxa de delincuencia.

Comprobouse tamén que un incremento do investimento en cultura reduce a débeda dos municipios. Por poñer un exemplo, podemos citar o caso dunha cidade cuxa economía virou da industria pesada á cultura e aos servizos. E, segundo di Fierro, por cada posto de traballo cultural directo que creou o concello, xeráronse nove inducidos. No mesmo senso, nun estudo sobre as repercusións das actividades culturais que se realizaron nesta cidade, chegaron á conclusión de que existía unha correlación clara entre desenvolvemento cultural e social, como o asociacionismo, a paridade laboral entre homes e mulleres, a inmigración e a calidade de vida.

Lendo sobre este asunto, unha pregunta é que ocorrería se, destes estudos de cultumetría, se aplicaran as súas leccións en cada provincia do noso país. Quizais así poderíamos ser verdadeiramente conscientes do ben que nos fai a todas e a todos investir en cultura. É dicir, a cultura non só é un dereito fundamental, senón que falamos dun sector que aporta valor engadido. Por tanto, é incomprendible o desprezo que ten este goberno cara á nosa cultura. Cómpre cambiar a óptica e comezar a entender que os recursos destinados á cultura non son un gasto, senón un investimento de futuro. Cando se recorta o orzamento para teatros, as investigacións arqueolóxicas, o mantemento do patrimonio, estase cerceando a excelencia do país, e eliminando calquera posibilidade de formar a toda unha xeración. As reducións propostas no orzamento das ciencias, as letras e as artes son dobremente perversas porque, dunha banda, son pouco cuantiosas dende o punto de vista financeiro, pero nocivas dende todos os demais puntos de vista. É dicir, falamos de políticas realmente rendibles coas que, con pouco, pode facerse moito, como a cuestión que traemos hoxe aquí, unha proposta que entendemos de especial interese que axudaría a valorizar a importante arte rupestre galega.

¿Por que traemos esta cuestión a esta Cámara? Porque nos preocupa que a nosa terra, que hoxe queremos coidar e protexer para que mañá coiden e protexan as nosas fillas e fillos, estea en mans de quen, con ollos e mans pechadas, limita o seu potencial cultural. Pero non se trata dunha proposta de En Marea. Neste caso, este grupo parlamentario quere ser o mero transmisor dunha demanda da sociedade civil organizada, que recollemos da organización

SOS Arte Rupestre, que non só trata de dar a coñecer e pór en valor o noso patrimonio, senón que reivindica o potencial retorno económico e social que tería o seu adecuado tratamento.

A arte rupestre galega forma, sen dúbida, un dos conxuntos de petróglifos prehistóricos ao aire libre máis importantes de Europa, pero parte destes gravados corren un enorme risco, non só de deterioración, senón tamén de desaparición, tal e como alertan as persoas expertas nos mesmos, ante a ausencia de coidados en materia de limpeza e mantemento que aseguren a súa correcta conservación. É por iso que nos unimos ás súas demandas, para solicitar a súa urxente protección e declaración como patrimonio da humanidade. O seu valor patrimonial ten sido suficientemente documentado polos estudosos do mesmo, de xeito que afirman que os petróglifos galegos poden equipararse ás covas da cornixa cantábrica ou ás pinturas da zona levantina, en canto á súa riqueza patrimonial, á súa beleza estética e á súa relevancia histórica. Pero, ao contrario do que con elas acontece, estes atópanse totalmente desprotexidos e sen salvagarda ningunha tanto de traballos agrícolas como de lumes forestais que os poñen en perigo.

Hai numerosos exemplos da situación de perigo na que se atopa este patrimonio, entre os que podemos destacar o exemplo da emblemática pedra das Ferraduras, de Campo Lameiro, cualificado como un dos dez monumentos máis importantes de Galicia, e que, a pesar do seu valor incalculable, se encontra totalmente abandonado. Non son verbas nosas, senón verbas dese manifesto citado de SOS Arte Rupestre.

Por iso pensamos que é a hora de darlle a volta a esta situación, de reivindicar unha das manifestacións artísticas máis valiosas da humanidade que temos a sorte de ter no noso país, e que de nós depende a súa adecuada conservación, recoñecendo o seu incalculable valor e dotándoo da máxima protección, pedindo a súa declaración como ben patrimonio da humanidade. Declaración que xa teñen as pinturas e gravados cantábricos que antes citaba e que de seguro serviría para xerar riqueza coas visitas de xente de todo o mundo, así como para fomentar o seu estudo e divulgación por parte das administracións públicas.

É por todo isto que o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte proposición non de lei: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar os trámites para acadar a declaración da arte rupestre galega como patrimonio da humanidade».

Oxalá sexamos quen de acadar un consenso nesta materia; de seguro que as xeracións vindeiras nolo agradecerían.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, bo día a todas e a todos.

Vaia por diante que nós apoiamos esta iniciativa que presenta hoxe En Marea.

Nós formulamos unha emenda para incorporar unha serie de puntos á proposta inicial, porque nos parece que completa —ou, dalgunha maneira..., si, eu creo que «completa» é a palabra— a iniciativa tal e como foi proposta. E, dalgunha maneira, o que propomos é seguir unha serie de pasos, co horizonte precisamente posto nese impulso da candidatura patrimonio da humanidade, como solicita SOS Arte Rupestre, á que nós nos sumamos. Pero tamén é certo que aquela campaña foi lanzada cun obxectivo fundamental, que era tamén evidenciar e reivindicar a situación na que se atopa a arte rupestre no noso país e, en concreto, boa parte dos petróglifos que atopamos espallados por todo o noso territorio. Con ese, xa digo, horizonte posto no impulso da candidatura de patrimonio da humanidade, coa que estamos absolutamente de acordo, nós incluimos dous puntos máis:

O primeiro sería inventariar e catalogar todas as pezas, todos os petróglifos que se atopan, xa digo, espallados polo conxunto do territorio do noso país, porque o certo é que non sabemos nin sequera o que temos; non existe un rexistro, non existe un catálogo, un inventario oficial, literalmente, dos exemplos e das pezas de arte rupestre que atopamos en Galiza.

E nese sentido entendemos que o primeiro paso será que a Xunta asuma, que a Administración asuma a responsabilidade que ten no que ten a ver coa súa catalogación e co seu inventariado. Houbo un forte, moi forte traballo popular, na sinalización, na descuberta, no coidado incluso e na protección destes petróglifos, destas pezas de arte rupestre, en moitos casos por colectivos sociais, como pode ser aquí, na cidade de Compostela, o centro social a Gentalha do Pichel ou outros moitos semellantes a este polo país adiante.

En segundo lugar, nós cremos que o que hai que facer —porque ademais temos exemplos dabondo do que tardaría en desenvolverse xa só a propia candidatura patrimonio da humanidade—, que o que cómpre é que a Xunta de Galiza asuma a obriga que ten desenvolvendo un plan de conservación, de protección e de posta en valor destes bens patrimoniais, incorporando, ademais, nese plan orzamento suficiente para facelo efectivo. Eu creo que é unha realidade que urxe, independentemente, xa digo, de que de maneira paralela, tanto á catalogación como ao propio desenvolvemento e á aplicación dese plan de conservación, de protección e de posta en valor, se inicien os trámites necesarios —que é o terceiro punto que nós incorporamos, e que é o que recolle na súa parte resolutiva o Grupo de En Marea— para impulsar esa candidatura diante da Unesco. Mais tendo en conta, e eu creo que a realidade tamén nese sentido nolo pon de maneira máis evidente, que é unha carreira de fondo. Exemplos temos dabondo: aínda no último pleno estaba aquí o conselleiro anunciando que o expediente de catalogación da Ribeira Sacra como ben de interese cultural non empezará até o verán. De feito, hai un par de días o señor Feijóo foi por alí sacar unha foto co señor Baltar para anunciarnos exactamente o mesmo. Ou, por exemplo, a incoación, é dicir, a abertura, o inicio dese expediente de catalogación como ben de interese cultural da Cova Eirós, que é o único xacemento arqueolóxico do noso país que conta con pinturas de arte rupestre, e que, ademais, nos sitúa como epicentro desa arte no que ten a ver co noroeste peninsular, tampouco se iniciou até hai escasamente uns días, e houbo que agardar, precisamente, para iniciar ese expediente de ben de interese cultural da cova Eirós, oito anos, e incluso que a Adegas presentase unha demanda xudicial para empurrar a Xunta para cumprir coa legalidade vixente, coa súa obriga legal.

Nese sentido, nós agardamos que se poidan aceptar as nosas achegas e, xa digo, que, dalgunha maneira, e co horizonte posto no inicio dos trámites necesarios para candidatar a arte rupestre galega patrimonio da humanidade, a Xunta comece desde xa a asumir a realidade, a asumir a responsabilidade que ten, primeiro catalogando e despois conservando, protexendo e poñendo en valor eses exemplos tan valiosos do noso país, como son os petróglifos.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Señora Chao, permítame que primeiro lle diga que estou totalmente de acordo co seu plan-texamento e con todo o que comentou aquí sobre a política cultural da Xunta de Galicia. Baste dicir que todo o presuposto da Consellería, incluíndo os soldos dos funcionarios, exactamente todo, é un 1,2 % de todo o presuposto da Xunta. Dá idea da importancia que ten a cultura para o Partido Popular, que é fundamentalmente para el, como sempre foi, un elemento de propaganda, algo que queda ben, e que, pois, digamos que dá un contexto bonito á situación, pero nada máis profundo que isto.

O mesmo pasa co que nos trae agora mesmo aquí, que, por suposto, imos apoiar. Estamos absolutamente de acordo en que toda a arte rupestre galega merece, ten os merecementos necesarios, para ser patrimonio da humanidade, e, ademais, nestes momentos sabemos perfectamente que Galicia ten unha das maiores concentracións de petróglifos de Europa, que ademais, ao xuízo dos investigadores, teñen unha personalidade propia, fronte a outros focos do occidente europeo, non soamente pola cantidade, senón polas representacións de animais e armas, que están ao longo de toda Galicia, cunha maior concentración nas Rías Baixas; pero as distintas investigacións que se están multiplicando nesta última década están descubrindo moitos máis, tamén na zona sur de Ourense ou na zona interior de Lugo.

Os máis coñecidos son, sen dúbida, os de Campo Lameiro, pero iso non quere dicir que sexan, nin moito menos, os únicos, que son impresionantes, pola súa cantidade e pola súa calidade. Alí hai un parque arqueolóxico; aberto, por fin, non teño tempo de incidir nel, pero nalgún momento teremos que volver falar neste Parlamento da súa xestión, do concepto da súa xestión, pero, en fin, polo menos está alí.

Pero os petróglifos, como todos sabemos, son un elemento patrimonial que necesita dunha protección moi especial. As asociacións culturais en defensa do patrimonio do noso país están continuamente denunciando o abandono do patrimonio no seu conxunto, pero tamén en concreto dos petróglifos, porque son un elemento difícil de conservar, iso é certo. Están no aire libre, e, cunhas condicións meteorolóxicas como as nosas, son difíciles de conservar, é certo; pero, claro, máis difícil é conservalos se non se fai nada; é dicir, se non hai ningunha

política activa de conservación. E todos sabemos —e a Xunta de Galicia digo eu que é a primeira que o saberá— que a protección dos petróglifos non é unha protección ao uso, igual que se protexe o patrimonio dunha ermida ou dunha igrexa. Os petróglifos, como arte rupestre, necesitan dunha política transversal que debería de estar liderando a Consellería de Cultura —que non o está a facer— tanto co resto da Xunta de Galicia como cos concellos. E poño un exemplo fundamental: a política forestal deste país. A política forestal deste país non ten en conta a arte rupestre: non ten en conta a existencia de petróglifos, de mámoas ou doutros elementos, porque, por exemplo, non debería de permitirse a repoboación forestal de calquera maneira ao lado dos restos da arte rupestre, dos petróglifos; habería que ter unhas condicións de protección que non se teñen.

Pero o mesmo pasa con permitir traballos no monte sen ningún tipo de medida preventiva, con facer obras incontroladas, coa apertura de pistas forestais sen ningún control... ¿Por que? Porque, como dicía vostede, non existe nin sequera un catálogo; non temos, parece mentira, pero non temos un catálogo integral e exhaustivo da arte rupestre e dos petróglifos en Galicia, que hai que comezar por facelo. Pero tamén hai que ter esta política transversal de mantemento. Por non ter, non temos nin sequera algo que sería fácil e sería fundamental: un rexistro fotogramétrico de todos os petróglifos do país.

Ben, polo tanto, nós imos apoiar... Facemos unha emenda, froito do noso coñecemento de como actúa a Consellería de Cultura e, dende logo, da nosa desconfianza, digamos así. Polo tanto, poñemos algún deber. Un —cronolóxico—, que comece a facer estes trámites nun prazo máximo de tres meses, e que renda contas neste Parlamento no prazo máximo dun ano, porque xa sabemos o que está a pasar coa Ribeira Sacra: dous anos e todo segue sen facer, e outras declaracións.

Simplemente iso, pero tamén lle digo que, se non a acepta, imos votar a favor igualmente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente. Bos días.

Este Partido Popular é consciente de que Galicia conta cun extraordinario conxunto de gravados rupestres ao aire libre, que se configuran como unha das formas do patrimonio cultural máis salientables do noso país, comparable a outros conxuntos de España e mesmo de Europa.

Nese sentido, concordamos con vostede na necesidade de asegurar a súa conservación e damos a benvida a todas as iniciativas que supoñan a valorización da nosa arte rupestre, unha finalidade na que a Xunta de Galicia xa está traballando. Porén, discrepamos en case todo o que resta da súa proposta. Non é certo que non exista un inventario dos petróglifos. A Consellería de Cultura leva máis de trinta anos —e vostedes deberían de sabelo porque

algúns tiveron responsabilidades— desenvolvendo traballos, dicía, de prospección para o inventario de xacementos arqueolóxicos. Existen máis de 2.600 fichas de inventario de conxuntos rupestres; un inventario que segue medrando día a día como consecuencia dos traballos promovidos ou autorizados pola Consellería.

Non é certo que a arte rupestre galega, como di vostede, corra un serio perigo de desaparición— así, no seu conxunto— aínda que recoñecemos que está ameazada por diversas causas: o retroceso do modo de vida agrario tradicional; a presenza de especies arbóreas pirólicas e de rápido crecemento; ou situacións conxunturais como as crises incendiarias.

Este problema estrutural require solucións estruturais para corrixir e mitigar estes problemas, onde a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural é unha peza máis, pero non a única.

Non é certo que a declaración da Unesco supoña maior protección da que xa gozan agora, como debería vostede saber. Os petróglifos xa contan co máximo grao de protección por ministerio de lei. Por ministerio de lei, da Lei do patrimonio histórico español e da Lei do patrimonio cultural de Galicia, atópanse xenericamente declarados BIC. E por riba destas declaracións, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural desenvolve traballos específicos para o establecemento dos seus ámbitos de protección, que se incorporan aos diferentes planeamentos urbanísticos.

Cremos que a protección e a posta en valor do patrimonio de arte rupestre galego non pode pasar por unha declaración da Unesco. Unha declaración como a que se pide sería a consecuencia final dun proceso, e vostede, na súa proposición, está empezando a casa polo tellado. Mesmo o BNG se decatou disto e por iso lle emendou a plana coa súa emenda.

Na nosa opinión, nestes intres non se dan as circunstancias para poder cumprir cos criterios e coas condicións previas que exige a Unesco. Pero nós non nos pechamos á posibilidade de declaración, pero cremos que o enfoque a estudar ten que ser diferente do que vostede propuxo.

Apostamos por un traballo conxunto entre administracións de maneira piramidal e non desbotamos a posibilidade de presentar unha candidatura conxunta coas rexións limítrofes que comparten características similares co noso patrimonio como Asturias ou o norte de Portugal, pero para nada Cantabria ou o Levante español.

E, sobre todo, non compartimos a súa afirmación de que este partido considera que investir en cultura non é rendible, porque se alguén apostou pola rendibilidade do patrimonio rupestre foi o Goberno do Partido Popular, que puxo en marcha un espazo de estudo, investigación e interpretación da arte rupestre galega como é Campo Lameiro, entre outras accións.

Quixera salientar que vostede acusa a Xunta de recortar en cultura en momentos de crise pero, mire, a Xunta tivo que recortar en todo o orzamento da comunidade autónoma porque a situación era insostible. ¿Pero sabe unha cousa? Hai algo peor que recortar en cultura para saír da crise: é ter recursos na propia crise e non saber utilizalos; é ter orzamento en cultura e non xestionalo; é ter equipamentos culturais pechados por déficit de xestión. E diso o seu grupo si que sabe, porque lle pode preguntar ao alcalde de Santiago por que el ten pechado

o centro de arte de interpretación rupestre en Villestro (*Aplausos.*) e grazas a quen se están catalogando os petróglifos de Santiago e a súa contorna.

A Xunta de Galicia seguirá traballando en conservación, protección, posta en valor e xestión do patrimonio e da arte rupestre galega para que, efectivamente, nun horizonte próximo poida formar parte do patrimonio mundial, pero nun contexto realista, cunha estratexia definida e cos mecanismos de corresponsabilidade determinados.

En tanto en canto se traballa nesta liña, a Xunta continuará o seu labor nas candidaturas que agora mesmo forman parte da lista indicativa, e naquelas outras que polo seu grao de desenvolvemento teñan posibilidades.

E, se me permite, finalizo cunha brincadeira. O señor Nogareda seguramente estará contento de ser a orixe da súa inspiración, pero pode botar de menos as referencias ás cidades que vostede omite na súa presentación, que, por certo, son dúas diferentes, non son unha: Barakaldo e Getxo. Sería bo que a próxima vez que utilice un artigo, señora Chao, para inspirar a súa proposición nomee as fontes, non copie sen máis, porque en cultura o plaxio está moi mal visto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Un esperpento, señora Antón, un esperpento ao que nos ten vostede acostumadas na Comisión... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio todos. Silencio.

¡Silencio, por favor! Está no uso da palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: O esperpento ao que nos ten acostumadas vostede na Comisión de Cultura votando en contra de todas as iniciativas que levamos, asumindo un auténtico papelón. Votan vostedes en contra de cousas que saben que teñen que votar que si, como fixeron co Pasatempo e, como non lles importa facer hoxe, coa declaración de patrimonio da humanidade da arte rupestre. Un esperpento.

Non deu aquí vostede nin unha soa razón; mire que eu era optimista. É verdade que pensaba que lle ía tocar ao señor Fernández Gil, non me acordaba que en asuntos de patrimonio é vostede a que asume os marróns. Pero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...do que estaba convencida era de que hoxe non ían ter a cara dura de subir aquí e votar en contra de algo que non hai ningunha soa razón obxectiva para votar en contra. Non deron un só motivo xustificativo que explique votar en contra. ¿De verdade que non lles importa ser cómplices do desleixo e abandono do noso patrimonio cultural? ¿Pode negar aquí a relevancia dos datos que se comentaron? ¿De verdade cre posible desligar o investimento orzamentario na propia

conservación do patrimonio? ¿Acaso a conservación sae gratis? Non, non sae gratis, é evidente que non.

Ante a política culturicida do Partido Popular, as listas vermellas elaboradas por asociacións e colectivos da defensa do patrimonio en Galicia continúan a aumentar. Como saben, estas listas vermellas son listaxes nas que se inclúen aqueles bens e elementos do patrimonio que estean en grave risco de degradación, deterioración ou desaparición. Listas que elabora unha comisión científica integrada por especialistas na materia en base a criterios como a importancia histórica e arquitectónica do ben ou o estado en que se encontra. Entre as varias que podemos atopar e a falta dunha listaxe oficial da Xunta ou, se existe, descoñecida, animámola a que se existe a publiquen de xeito inmediato na páxina web, actualizada para que todos poidamos coñecela, porque se é algo de hai trinta anos entenderá que non ten validez ningunha, xa que cada ano se fan descubrimentos novos; así que ánimoa, se existe, publíquena. Pero mentres non existe ten que ser a sociedade civil a que, coma sempre, vaia tapándolle as vergoñas ao Goberno do Partido Popular na conservación do patrimonio. Así pasa que temos organizacións como Patrimonio Galego ou Hispania Nostra que elaboran esas listas vermellas. E, segundo eles, na última lista debemos falar de máis de vinte elementos en perigo, segundo Hispania Nostra. Máis completa é aínda a lista vermella que fai a asociación citada Patrimonio Galego, que leva catalogado preto de 9.000 bens culturais por todo o país dos que inclúen na súa lista vermella case 100 tesouros do noso pasado en perigo inminente; perigo inminente, perigo, non o di En Marea, dino as asociacións que se encargan da defensa do patrimonio cultural. Vostede subiu aquí e dixo que nós inventabamos falando da conservación do patrimonio. Resulta que nós non inventamos nada, escoitamos aos que saben, cousa que a vostedes non lles gusta.

Hai máis. O que evidencian estas listas non só é o estado de abandono, senón tamén a falta de responsabilidade da Xunta de Galicia. O que non pode ser é que teñan que ser persoas afeccionadas as que elaboren as listas de conservación; esa é a súa responsabilidade e vostedes non a asumen.

Mágoa que estes datos non os inciten a pensar no moito que queda por facer e só os leven á autocompracencia. Mágoa que non vaia ser así. O único que nos queda é agardar o que fan sempre, que aquí veñan dicir que non e logo uns días despois digan: ¡ai!, perdón, equivocámonos, rectificamos, como fixeron coa Cova de Eirós. Está ben, rectificar é de persoas sabias, pero o que estaría mellor é que de verdade se comprometan con defender a cultura, que non traten a cultura como un asunto colateral, que non importa esmagar, como se non tivera que ver co desenvolvemento económico, a creación de emprego ou os dereitos das persoas. Son as súas políticas as que dificultan o acceso á cultura...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...e por moitas voltas que dea non vai distraer a atención falando do Concello de Santiago e do Concello da Coruña. Estamos falando da nefasta xestión do patrimonio cultural que ten a súa consellería; non o di En Marea, dío a sociedade civil.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: Por iso, respecto ás emendas imos chegar a unha transacción co BNG para asumir dous dos seus puntos e aceptaremos a modificación proposta polo Partido Socialista. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entendínlle que acepta dous puntos da emenda do Bloque Nacionalista Galego. ¿Dous puntos? *(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Van transaccionalo. Vale, correcto. Xa me farán chegar a transacción.

Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 no referido aos investimentos en Galicia, así como en materia social

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

A cuestión dos orzamentos do ano 2017 forma parte do memorial de agravios do Goberno do Partido Popular do señor Rajoy, que non fai máis que medrar ao longo dos últimos anos e medra, ese memorial de agravios, coa complicidade, coa submisión e co servilismo do Partido Popular galego do señor Feijóo.

Poderíamos falar aquí da AP-9, que xa está máis que requetefalado, ¿non?, o veto do Partido Popular á tramitación, a estafa, o espolio interminábel da autoestrada, que coincide, ademais, co rescate multimillonario das autoestradas, entre elas as catro autoestradas madrileñas, rescatadas con 3.500 millóns de euros, que se van poñer nos orzamentos do Estado para o ano 2017 e para o ano 2018.

O agravante sistema de financiamento local e autonómico que sofre o noso país; o agravante atraso e sucesión de enganos e incumprimentos con respecto ao AVE, que, ademais, para máis agravio, é un AVE de segunda categoría, un AVE de única vía e sen electrificar en grande parte do seu trazado. É así, é así.

Tamén o agravio dos incumprimentos e as inexecucións dos orzamentos entre o ano 2012 e 2016, que deixaron sen executar máis do 50 % das cantidades inicialmente orzadas. Así que non vale de nada poñer diñeiro nos orzamentos cando despois nin sequera se executan na súa maior parte.

No ano 2015 —no que non había goberno en funcións, por certo— deixouse sen executar o 60 % das obras previstas para o tren de alta velocidade. E no ano 2016 o Ministerio de Fo-

mento investiu o 43 % dos seus orzamentos: de 1.363 millóns investíronse 586. Non sei como lle queren chamar, señores e señoras do Partido Popular a isto, pero a nós parécenos, desde logo, agravante para o noso país.

E agora chegamos ao orzamento de 2017 e continúan as aldraxes, continúan os agravios, continúan as discriminacións co silencio cómplice do PP galego, mesmo co aplauso. Porque o señor Feijóo parece que saltaba de alegría cando viu os orzamentos, porque seica había alí unhas partidas para que chegue o AVE con non sei cantos anos de retraso.

O que demostra isto é que antepoñen os intereses partidistas á defensa dos intereses de Galiza. E, desde logo, teñen unha actitude submisiva, servil e subordinada ante as decisións do Partido Popular de Madrid.

No caso do Ministerio de Fomento o recortazo destes orzamentos é de 440 millóns de euros, 440 millóns de euros que xa saberemos despois, diremos despois para onde van. Pasamos de 1.363 millóns a 924 millóns.

E claro, ao mesmo tempo que sufrimos esta situación escoitamos o señor Rajoy anunciar investimentos millonarios en Cataluña. Foi recentemente, no mes de marzo, cando falou de 4.000 millóns para investir no tren de cercanías —¿sóalles isto do tren de cercanías, que vostedes xa anunciaran no ano 2010 para Galiza e do que non se soubo nada máis?—; pois ben, 4.000 millóns para o tren de cercanías en Cataluña, 677 millóns para a liña ferroviaria Tarragona-Vandellós, 850 millóns para a rede de estradas, e así sucesivamente os investimentos multimillonarios que anuncia o Goberno do señor Rajoy en Cataluña, mentres aquí aplica o recortazo.

Ou tamén podemos falar dos acordos recentemente asinados entre o PNV e o Goberno do señor Rajoy, tamén para aprobar investimentos millonarios en Euskadi. Un acordo que lle fixo dicir ao señor Urkullu que estaba moi contento por esta chuvia de millóns, por exemplo, a devolución de 1.400 millóns, que saen do peto común, 1.400 millóns polo cupo vasco dos anos 2007-2015 ou a redución da achega este ano das contas da Facenda vasca en 500 millóns ao Estado. Ou os investimentos en infraestruturas tamén do ferrocarril, principalmente por valor de 3.380 millóns; ou tamén a tarifa eléctrica aprobada para a industria vasca, porque vostedes se empeñan en dicir que non, pero a realidade é que neste acordo hai unha tarifa eléctrica para que as empresas vascas paguen 50 millóns de euros menos a partir do ano 2018, e cando nós pedimos algo para aquí din que non pode ser, que non pode ser; pois si, acábase de acordar co PNV, precisamente, unha tarifa eléctrica para o País Vasco. Por non falar xa de todas as subvencións que aprobaron para festivais, para eventos culturais, etc.

E mentres que Euskadi recibe esta chuvia de millóns, aquí parece que se conforman con esa solución ocorrente, podemos dicir, do Partido Popular pontevedrés, das aparicións marianas. Vostedes propoñen como solución as aparicións marianas; non sei se se refiren a ese eixe máxico que conecta Pontevedra con Fátima e con Lourdes ou se se refiren a esas aparicións marianas, periódicas, por Ribadumia cando fai a súa exhibición deportiva o señor Rajoy. Non sei de que aparicións falan vostedes. Pero as aparicións que queremos nós son as aparicións

dos orzamentos respectando este país e defendendo os intereses deste país. Esas son as aparicións que defendemos nós, non as aparicións marianas. *(Aplausos.)*

E falta aínda a traca final, que é a traca canaria, falta aínda a negociación con Nueva Canarias, que vai significar tamén máis achegas millonarias para esta comunidade en detrimento de investimentos no noso país.

Isto por non falar tamén dos recortes sociais que levan aparelados estes orzamentos e todos os orzamentos dos últimos anos, e do recorte tamén nestes orzamentos do gasto en cultura; non sei por que vostedes teñen esa obsesión enfermiza, esa persecución especial cara á cultura e cara ao idioma, por suposto, no noso país.

Uns orzamentos, ademais, que establecen unhas previsións de ingresos que eu cualificaría, tamén, como irrealis; non sei se son aparicións marianas, pero son, desde logo, irrealis, de máis de 200.000 millóns. Ou a cantidade que prevén vostedes para o pagamento da débeda pública, que supón o 9 % do gasto: máis de 32.000 millóns de euros, que é a segunda partida en contía.

E ao mesmo tempo os orzamentos tamén establecen claramente cales son as prioridades do Partido Popular: gasto militar e Casa Real. Aquí si que hai cartos, para o gasto militar e para a Casa Real imos incrementar os orzamentos. Efectivamente, non sei se é que queren agora fomentar estas excursións culturais da garda real, que vai facer unha xira por Ourense —haberá que pagar estas cuestións—. Pero o que chama máis a atención, o que é tamén máis agravante, e máis indignante, é que a partida que máis medra sexa precisamente a do gasto militar; é que vostedes son moi submisos, son moi servís e moi obedientes. Xa lles dixo a OTAN e xa lles dixo o señor Trump que tiñan que subir o gasto militar ao 2 %, e si, a señora ministra de Defensa e o señor Rajoy xa empezaron a cumprir as ordes e xa estableceron eses incrementos.

Ben, nesa suma de agravios tamén poderíamos falar da evolución dos orzamentos do Estado nos últimos anos. Efectivamente, porque aquí houbo un incremento —a vostedes non lles gusta moito que se fale disto— nos investimentos en Galiza ata o ano 2009-2010, que se acadaron os máximos, que se superaron os 2.000 millóns de euros de investimento en Galiza, precisamente cando o BNG apoiou os orzamentos do Estado. Non sei se teñen o gráfico, pero pódolles pasar unha copia para que se informen, para que se enteren, e despois vemos a curva descendente do señor Feijóo, o efecto Feijóo, que nos leva a estar agora nuns índices practicamente do ano 2004, e xa non digamos da era Aznar, que non chegaban nin aos 1.000 millóns de euros os investimentos en Galiza. Esa é a realidade, por non falar de todos eses miles de millóns, 2.000 millóns de euros, que se deixaron de investir por incumprimento dos orzamentos nos anos 2012-2016.

Polo tanto, nós propoñémoslles un acordo que significaría un acto de xustiza con este país, unha compensación por todos eses agravios: un plan de investimento no noso país por valor de 3.600 millóns de euros para desenvolver nos anos 2017-2019. Ese sería un acordo realmente beneficioso para o noso país, que debería levar aparelada, tamén, unha negociación nesta lexislatura da transferencia de competencias, relacionadas con esas materias: co fe-

rrocarril, coa mellora da rede de estradas, coa modernización e coa mellora da rede de aeroportos. Propoñémoslles ese acordo e propoñémoslles tamén un acordo concreto, no texto desta iniciativa relacionada cos orzamentos do Estado deste ano, que di o seguinte: «O Parlamento de Galiza acorda como resolución trasladarlles ao Congreso das e dos Deputados e ao Goberno central o rexeitamento ao proxecto de orzamentos do Estado para o 2017 polo recortazo nos investimentos en Galiza e polos recortes sociais que presentan.»

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, tendo en conta que nunha resposta sobre o mercado laboral o presidente da Xunta opinou alegremente sobre a vida interna do Partido Socialista Obreiro Español, eu quero tamén, nunha iniciativa moito máis transversal, que é sobre os orzamentos e que, polo tanto, afecta o conxunto da política económica do país, falar da vida interna do noso e tamén da dalgún outro.

Mire, non temos que facerlle a pelota a ninguén os militantes do Partido Socialista, señores do Partido Popular, porque votamos en primarias e en urna os nosos líderes. (*Aplausos.*) Hai unha diferenza con vostedes, non sei se recordan cando había un presidente que dixo que estaba moi orgulloso da foto dos Azores. Aquel presidente, que é verdade que tiña dous para elixir: un, que foi o elixido, cuxa máxima política é a de aprender a mirar para outro lado, especialmente neste momento destes delicados casos de corrupción de chuvia fina, especie de poalla que está humedecendo o tecido asociativo do Partido Popular; e o outro que era o señor Rato, de quen, en fin, para que imos falar, e, por suposto, con toda a presunción de inocencia todo parece indicar que había algún comportamento heterodoxo en termos fiscais e financeiros.

Polo tanto, tendo en conta o capital humano que teñen, non deberían de preocuparse demasiado da pelota que facemos os militantes do Partido Socialista; eu creo que teñen moitas máis cousas de que preocuparse vostedes.

O señor PRESIDENTE: Vaille quedar pouco tempo para a parte social. (*Risos.*)

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou, vou, estaba contestando.

O señor PRESIDENTE: Non, é que lle vai quedar pouco tempo para a parte social, os investimentos sociais, que é un tema importante. Vaia ao tema.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou apoiar —é moi importante, señor presidente— ...

O señor PRESIDENTE: Si, si. vaia ao tema.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...voulle trasladando ao señor Bará que o Grupo Socialista vai apoiar a iniciativa do BNG, e polo tanto xa me estou posicionando.

A partir de agora vou seguir reposicionándome. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Mire, estes orzamentos recollen, coma sempre, un modelo de sociedade. E hai dúas maneiras de que a xente viva, xa non digo que viva ben —porque xa escoitamos o outro día como era un luxo que... *bueno, si llegan 400 euros para qué coño queremos más*—, pero que viva —desculpen o exabrupto, síntoo. Está perdoado, moitas grazas—. Hai dúas, unha é vía salarios, e aí xa se encargaron vostedes, primeiro coa conxelación do salario mínimo interprofesional, en decembro do ano 2011, xusto recén entrados na Moncloa; eu creo que aínda non tiveran tempo de ver a decoración, a ver se a cambiaban ou non, como a señora Botella. Ou ben, despois, a reforma laboral. Ese foi o mecanismo de asignar riqueza neste país vía salarios.

E logo hai a outra parte, que é vía servizos públicos, e, evidentemente, aí eu creo que non fai falta que falemos de recortes. Eu creo que non fai falta que falemos de recortes porque é evidente que lles podemos chamar axustes de gastos; houbo moitos nomes, moitas metáforas e moitos sinónimos, pero, efectivamente, recortes.

E, ¿isto que significa? Pois isto significa dous titulares. Eu síntoo moito, a min o da heme-roteca gústame, gústame a prensa escrita, gústanme as fotocopias, son un pouco antigo. Os custos laborais intensifican a súa caída e no diario *Expansión* de hoxe, pouco sospeitoso de marxismo-leninismo, como vostedes ben saben, acelerón económico: «*Los empresarios dicen que la economía vive su mejor momento.*»

Eu creo que non fai falta dicir moito máis. Podo continuar profundando no tema, señor presidente, pero é indubidable que modelo social e económico defenden, e eu —téño dito moitas veces— non o comparto, pero gustaríame que o dixesen. Gustaríame que nos conten cos orzamentos que aproban en Galicia, en Madrid e alí onde gobernan que é o que queren facer. Gustaríame que nos contaran que querían facer co tren de Navalcarnero, porque o outro día —non vexo moito a televisión— vin unha fenda alí, no medio da estepa castelá, que, polo visto, levaba sete anos; unha especie de trincheira del Don, pero, en fin, en Madrid.

Polo tanto, isto é o que lles pediría, porque miren, ademais, faltan á verdade —non digo «menten», porque xa sei que é unha palabra tabú—, porque a memoria de orzamentos presentada en Madrid ao Congreso dos Deputados e o Programa de estabilidade 2017-2020 presentado a Bruxelas é diferente. Pero non diferente nunha décima, ou en dúas; é conceptualmente diferente, é diferente nos obxectivos políticos... En fin, é unha arma de engano masivo como, por certo, veñen sendo a maior parte dos discursos e da práctica política do Partido Popular desde que gobernan.

Mire, chega a tal nivel a cuestión que neste momento, que estamos medrando a un 3 % do PIB... Se medramos a un 3 % do PIB e os custos laborais baixan, ¿onde vai ese crecemento? A min gustaríame que o voceiro, quen representa o Partido Popular, nolo conte, porque eu fártome de facer esa pregunta. Fártome tamén de facer a pregunta —que o señor Feijóo sitúa

na demografía— de por que esta é a única comunidade autónoma na que baixa máis o paro rexistrado do que aumentan as afiliacións á Seguridade Social. Levo, xa non meses; anos, facéndoa, cun éxito cero. Pero ocorre, é un feito obxectivo que ocorre, e entón gustaríanos saber por que, porque algún elemento diferencial haberá.

E por certo, de novo, mire, revisen os datos. Eu comprendo que cando aquí utilizamos interanuais, a vostedes lles gustan mensuais; cando utilizamos mensuais, prefírenos interanuais; cando utilizamos EPA, prefiren paro rexistrado. En fin, toda a combinatoria estatística posible. Pero o feito —que eu sigo utilizando datos interanuais, coma sempre...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...mesmo ademais da EPA, que dixo o señor Leiceaga e é obxectivamente así— é que son os datos oficiais do Eurostat e, polo tanto, reivindico humildemente o dereito a utilizar os datos oficiais do Eurostat, porque son os únicos que nos permiten compararnos en I+D, por exemplo, con Ucraína e con Turquía.

E a afiliación á Seguridade Social no último ano en España medrou un 3,8 % e en Galicia un 2,2 %.

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, xa está ben de falar doutros partidos políticos, xa está ben de mentir cos datos e, desde logo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...xa está ben de mentir co tipo de sociedade que se defende; uns orzamentos falidos... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

De hoxe en sete días é o 17 de maio, e por iso quero traer aquí, ao lugar onde reside a soberanía do pobo galego, as fermosas e combativas palabras dun dos grandes poetas do país sobre o ben máis prezado que ten un pobo, a súa lingua: «Lingoa proletaria do meu pobo/ eu fáloa porque sí, porque me gusta,/ porque me peta e quero e dame a gaña/ [...] Falar a fala nai,/ a fala dos abós que temos mortos,/ e ser, co rostro erguido,/ mariñeiros, labregos do lingoaxe,/ remo i arado, proa e rella sempre./ Eu fáloa porque sí, porque me gusta/ e quero estar cos meus, coa xente miña,/ perto dos homes bos que sofren longo/ unha historia contada noutra lingua».

Celso Emilio Ferreiro falando da *Longa noite de pedra* que sufriu a lingua e o pobo galego nos corenta anos da ditadura franquista; unha das máis sanguinarias na recente historia europea

e que parece que aínda segue proxectando a súa negra sombra dende o Pazo de Meirás. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Vou ao tema. (*Murmurios.*) Ao mellor, a lingua galega non lle interesa ao Partido Popular, a nós si.

O señor PRESIDENTE: Ese poema non o interrompe ninguén, pero agora, se pode ir ao tema, paréceme ben.

O señor LAGO PEÑAS: O primeiro cualificativo que quero utilizar para valorar os orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 é o de que son sorprendentes. Un escoita o discurso oficial do Goberno e estamos no cuarto ano da recuperación económica, a recesión quedou atrás e no ano 2017 imos volver ao mesmo nivel de PIB que tiñamos diante da recesión. Un pensaría que con este escenario macroeconómico teríamos un orzamento expansivo que empezara a reconstruír os destrozos da crise, que empezara a recuperar pouco a pouco, paseniñamente, o nivel de recursos destinados aos servizos públicos, á protección social, ou que servira para capitalizar a economía do Estado e de Galicia. Isto é deixar atrás os recortes e empezar a recuperar os dereitos perdidos. Pero non é así. Os orzamentos do ano 2017 continúan na senda dos recortes e na austeridade. Redúcense en 5.000 millóns de euros en comparación co ano 2016. Para que se entenda ben: a economía medrando, en termos nominais, ao 5 % e o orzamento redúcese ao 4 %.

Montoro é quen de dicir que no ano 2017 se acadará a máxima recadación fiscal na historia de España, pero a pesar diso hai que seguir recortando. A prioridade non son as persoas, é outra vez máis, outro ano máis, reducir o déficit e pagar a débeda. A Troica, o artigo 135, a ideoloxía neoliberal do partido do Goberno van sempre na mesma dirección: recortar o gasto público, deteriorar o Estado do benestar. Dá igual que a economía vaia ben, que a economía estea en recesión, sempre é o mesmo: na crise, porque os recortes veñen obrigados polas circunstancias; na expansión, porque si, porque iso se define no propio programa de estabilidade que ten presentado o Partido Popular, o Goberno de España, en Bruxelas, no que entre o ano 2017 e o ano 2020 prevé que se reduza o peso do gasto en educación, en ensino, como a porcentaxe do PIB, e que acade o seu nivel mínimo.

Un segundo cualificativo é o da descapitalización da economía española e da economía galega, porque a variable de axuste, unha vez máis, é o investimento público.

O terceiro cualificativo é o da aldraxe ao seu país e —e vou dicilo porque o sinto así— o desprezo ao presidente deste país. Aquí faltan as palabras para describir a realidade. No cuarto ano da expansión, coa maior cifra de ingresos públicos xamais acadada, o Goberno central recorta o 32 % o investimento en Galicia, 440 millóns de euros menos. Antes, o compañeiro do BNG trasladaba de que ano estaríamos falando e ata que ano habería que regresar para ver unha cifra similar, e daba o ano 2004. Pero esqueceuse dun dato fundamental, que é a variación dos prezos. En termos reais, hai que retroceder a 1997 para atopar unha cifra de investimento similar á do ano 2017; un retroceso de vinte anos é o que ten provocado o Goberno central. O Goberno central maltrata a Xunta de Galicia, despreza a Feijóo, búrlase do partido que lle dá a única maioría absoluta que ten o PP no Estado. A miña solidariedade coa militancia e cos dirixentes do Partido Popular polo que teñen que aguantar.

Non só se recorta no investimento, son presupostos antisociais; vou dicilo: os 760.000 pensionistas de Galicia son estafados nestes orzamentos. Sóbenlles a pensión o 0,25 %, e a inflación está no 2,75 %. Perden 2,5 puntos de poder adquisitivo. O PP tiña razón no ano 2011 cando criticou a conxelación das pensións. ¿Que di agora cando se lles reducen en termos reais 2,5 puntos?, ¿que di agora cando os 2 euros que soben ao mes as pensións non serven para pagar o que subiu a bombona de butano?

Son maltratados por estes orzamentos antisociais os empregados públicos, porque, cunha suba do 1 %, están perdendo 1,75 puntos de poder adquisitivo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ¿Non dixera aquí o conselleiro que empezabamos xa a recuperar os dereitos dos empregados e das empregadas públicas? —vou rematando—. Vou dicilo con certa dor. Estes orzamentos son os orzamentos da corrupción política, porque só así se pode cualificar a práctica inaceptable de comprar —¡com-prar!— apoios parlamentarios utilizando os recursos públicos; un exercicio obsceno no que se cuantifica en millóns de euros o voto de cada un dos deputados que se suman á maioría parlamentaria.

Nese sentido, apoiamos a PNL do BNG, porque dicindo si a esa PNL dicimos non aos orzamentos, como xa fixeron os deputados e deputadas de En Marea no Congreso dos Deputados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas, señor presidente.

Estamos ante unha proposición non de lei novidosa, atípica, no que é unha cámara, porque, basicamente, o que traslada é a frustración do Bloque Nacionalista Galego de non poder presentar e debater unha emenda á totalidade aos orzamentos no Congreso dos Deputados. E isto a min non me parece nin ben nin mal, simplemente aceptamos o debate encantados, pero simplemente quixera reflexionar: no contexto do Estado autonómico, ¿que estaría dicindo o Bloque Nacionalista Galego se a cuarta forza do Congreso dos Deputados, que intentou entrar nesta Cámara e non puido pola vontade popular, estivese proponendo unha PNL e dicindo como hai que facer os orzamentos nesta Cámara? Simplemente, eu comprendo a frustración do Bloque de non poder presentar unha emenda á totalidade no debate dos orzamentos e que o traía a esta Cámara, pero eu creo que, simplemente, por respecto institucional, desde logo, desde o Grupo Popular nos sentimos perfectamente representados por todos os deputados electos en Galicia, e fundamentalmente pola maioría, que son os deputados do Grupo Popular. (*Aplausos.*)

O plantexamento desta iniciativa ten, claramente, dous compoñentes, deixando á marxe tarifas eléctricas e corrupcións —que, polo visto, agora negociar nun parlamento e aprobar algo

tamén é corrupción—, ten dous plantexamentos: o primeiro é o vitimista —falouse da aldraxe— e o segundo é a petición de que pidamos que non se aproben os orzamentos. Primeiro, ¿hai motivos para o vitimismo? Evidentemente, nós non entendemos que os orzamentos do Estado sexan unha subasta; son un instrumento para a cohesión territorial. Aquí falouse de picos de investimento que dependen, loxicamente, das obras que se van desenvolvendo ao longo dunha programación plurianual. Eu vou incidir precisamente nestes dous asuntos.

Primeiro, a curto prazo: os investimentos territorializados para o ano 2017 dan 925.000 millóns de euros de investimento a Galicia, de tal xeito que somos a quinta comunidade das dezasete; per cápita, somos a segunda: 341 euros per cápita; Cataluña, 155; Canarias, 126 e País Vasco, 176. Se estamos louvando a capacidade de negociación dos vascos, canarios e cataláns, certamente, o presidente da Xunta é catro veces, ou dúas veces, polo menos, máis digno de louvanza do que os líderes vascos, cataláns ou canarios. Sobre o total representamos o 11,5 %, cifra nestes orzamentos que se pode comparar co 5 % ou 6 % que representa a poboación, o territorio e o produto interior bruto de Galicia sobre o total español; ou co 8 %, que vostedes dicían que era o obxectivo cando se pediu a reforma do Estatuto. Sobre o executado: o ano pasado executáronse, coa parálise política, 585 millóns de euros; resulta que agora, se se executan, serán 925, un incremento do 40 %. De aí a importancia da execución e que nós aplaudamos a iniciativa da Xunta de facer unha comisión de seguimento da execución dos orzamentos do Estado.

A longo prazo —vou asumir, ademais, a reivindicación do que se fixo polo Goberno do Estado, incluso cando gobernaba o Partido Socialista, dado que o señor Losada parece que se apunta ao vitimismo—: na última década —datos oficiais dos presupostos xerais do Estado—, Galicia é a cuarta comunidade autónoma na que máis se inviste, por un total de 15.647 millóns de euros, tras Andalucía, Cataluña e Castela e León, que, por calquera das tres variables —poboación, territorio e PIB—, como saben, están ben por riba. De acordo con estudos académicos —IVIE, Instituto Valenciano de Investigacións Económicas—, Galicia na última década tivo o 7,5 —tendendo cara ao 8, a partir do ano 2013— dos orzamentos do total español; por certo, quitando a eiva do franquismo —a democracia e a autonomía trouxeron e cubriron a eiva do franquismo—, que deixou a Galicia como a 15ª comunidade autónoma. E, insisto, agora somos xa a sexta en capital público e físico na nosa comunidade autónoma.

En terceiro lugar, se non lle vale o dato académico nin o dato orzamentario, a longo prazo, licitación: Seopan, os construtores. A media da Administración xeral en Galicia nos últimos anos, do ano 2008 ao 2016, foi do 12,4 da licitación da Administración xeral total do Estado; a media da Xunta foi do 6,6. Estamos falando de 856 millóns de euros de media/ ano, e a Xunta, 370. Un total de 1.700 millóns de euros ao ano, que representan que en Galicia se inviste e se licita —que se licita— directamente o 9,2 do total de España —insisto, sobre o 5 % ou 6 % de poboación, territorio e PIB—. ¿Isto é moito ou é pouco? Eu creo que o Estado está funcionando, redistribuíndo e cohesionando a través das obras públicas. A nós parécenos ben. Algúns pedirán máis, e oxalá houbera máis. Xa sabemos que á Marea lle parece menos. ¿Por que? Porque acaba de presentar unha emenda no Congreso dos Deputados —a emenda 3611— na que retira 5 millóns de euros á autovía que vén de León cara a Valdeorras e quita a circunvalación de Monforte porque as obras, polo visto, non están

consensuadas coa poboación local. Pero en vez de destinalos a outras obras de Galicia, o que fai é levalos ao Fondo de Continxencia, (*Murmurios.*) o cal debe de querer dicir que A Marea pensa que non hai ningunha obra mellor que esa que facer e que, ademais, hai que sacar esa obra. Bueno... (*Aplausos.*)

Segunda cuestión, ¿que pasaría se todos toleamos, se dicimos que si, que non se aproben os orzamentos, e que Madrid decide, con base na petición que fai o Bloque no Parlamento de Galicia, apoiada pola Cámara, non tramitar os orzamentos? Este ano Galicia perdería 247 millóns de euros menos, o 3,6 do PIB, das liquidacións do sistema de financiamento autonómico. Os orzamentos incorporan 329 millóns en formación profesional e emprego, en políticas activas de emprego e dependencia, que tampouco poderían materializarse no exercicio do que estamos a falar; 329 millóns de euros, segunda consecuencia.

Terceira consecuencia: taxas de reposición no sector público. Como mínimo, 1.200 prazas non se poderían convocar este ano en Galicia, 800 delas en sanidade. As prazas crecen, tamén en xustiza, o 7 %...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...que é a que combate realmente a corrupción.

E, finalmente, en cuarto lugar, pensións. Falouse das pensións. Nos orzamentos do Estado, como hai un déficit das cotizacións sociais en relación coas prestacións, incorpóranse 10.000 millóns de euros de transferencia dos impostos públicos do presuposto do Estado á caixa da Seguridade Social. Quen fale de garantir as pensións que teña en conta que as pensións non poderían pagarse se non se fai esta transferencia que vai incorporada aos orzamentos.

Remato, señor presidente.

Nós, desde logo, non imos dicir que son uns orzamentos ideais; si que imos dicir que sen estes orzamentos redistributivos, que afondan nunha relación que a Galicia lle interesa, porque estamos nun Estado de benestar solidario e equitativo, é evidente que teríamos menos investimento, menos gasto social, especialmente en Galicia, menos recuperación e máis paro, e, por iso, señores do Bloque, imos votar que non á súa iniciativa.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Di o señor Puy que o BNG presenta unha iniciativa novidosa. Efectivamente, nós estamos pola innovación; innovación en todos os ámbitos, I+D+i, si, señor. Tamén no Parlamento galego; pensamos que necesita, desde logo, imaxinación, innovación, frescura este Parlamento, e non lle vexo, ademais, ningún problema a que o Parlamento galego se pronuncie a respecto dos investimentos do Estado en Galicia. Se non, ¿para que serve

este Parlamento? Se non se pronuncia sobre unha cuestión tan fundamental como os investimentos do Estado en Galiza, pois a ver para que estamos aquí. (*Murmurios.*)

Pero vostede retorce o argumento, claro. Nós non estamos votando aquí ou propoñendo unha votación para que non haxa orzamentos. Propoñemos unha votación para que haxa un orzamento que respecte este país. (*Aplausos.*) Queremos un orzamento que respecte este país e o pobo e que permita outro desenvolvemento para o noso país. Para iso queremos outros orzamentos.

E fala vostede de frustración. Creo que a frustración é a que ten unha parte importante do pobo galego cando ve estas cifras, cando ve outros territorios que están negociando vantaxes e investimentos, como Canarias ou como Euskadi, e ve como o Partido Popular galego e o señor Feijóo calan, outorgan e aplauden coas orellas estes acordos.

Polo tanto, eu creo que hai, desde logo, cada vez máis xente que bota de menos unha voz contundente en defensa de Galiza no Parlamento galego. Porque vostedes, desde logo, os doce deputados e deputadas que teñen alí non se sabe se van, se veñen, se están, se foron ou o que pintan alí porque non pintan nada, porque o que din é amén a todo o que lles mandan dicir.

E vemos aquí como, ademais, vostedes se atreven a aplaudir un recorte de 440 millóns de euros que nos devolve á etapa máis negra da era do Goberno de Aznar, cando os investimentos en Galiza tocaron fondo. E tamén aplauden que a execución dos orzamentos ao longo de todos estes anos deixara sen executar máis de 2.000 millóns de euros. Nós estámolle propoñendo medidas e un acordo para recuperar eses investimentos, para facer un plan de investimentos e de infraestruturas; unha aposta decidida polo ferrocarril, pola mellora da rede de estradas —que falta fai atender as cuestións, por exemplo, da seguranza viaria— ou pola modernización dos aeroportos e dos portos.

A min gustaríame imaxinar que dirían vostedes se este acordo do Goberno central co PNV o aprobase outro goberno distinto que non fose o do Partido Popular. ¿Que diría o señor Feijóo? ¿Que diría o Partido Popular galego ante tal agravio, ante tal aldraxe? E se a redución deses 440 millóns de euros a fíxese outro goberno que non fose o do Partido Popular, ¿que dirían vostedes?, ¿que diría o señor Feijóo? Gustaríame imaxinar o que dirían. Desde logo, non creo que aplaudisen coas orellas, como están facendo agora.

Polo tanto, o que lles pedimos que fagan á hora de votar esta proposición é que escollan de que lado están, se están do lado dos intereses do Partido Popular de Madrid e do señor Rajoy, ou se están do lado dos intereses de Galiza e do pobo galego. Nós, desde logo, sabemos de que lado estamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Te-llado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Go-berno galego en relación co impulso do uso de gas natural licuado no transporte marítimo

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista. (O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Alvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.
Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Demande ao Goberno de España:

1.1. A planificación de actuacións conxuntas coa Xunta de Galicia; tanto de carácter financeiro (ICO), de innovación (CDTI) e de comercialización exterior (ICEX), que favorezan o impulso dun Hub de GNL na ría de Ferrol, para conseguir o desenvolvemento loxístico e comercial que permita aos portos galegos prestar servizos de abastecemento a “pequena escala” e “abastecemento buque-buque” de GNL.

1.2. Que arbitre as medidas orzamentarias necesarias para dotar de fondos o desenvolvemento e a posta en marcha deste plan xa no ano 2017.

1.3. Que desenvolva un proxecto de cooperación entre as diferentes administracións, central e autonómica, que permita acceder ao financiamento do Banco Europeo de Investimento (BEI), dentro do Plan de Inversións para Europa (Plan Juncker).

2. Presente nun prazo de seis meses un plan de actuación conxunta, tanto de carácter financeiro e de comercialización exterior (IGAPE), como de innovación (AGAIN), que favoreza o impulso dun Hub de GNL na ría de Ferrol, para conseguir o desenvolvemento loxístico e comercial que permita aos portos galegos prestar servizos de abastecemento “pequena escala” e “abastecemento buque-buque” de GNL.

3. Arbitre as medidas orzamentarias necesarias para dotar de fondos o desenvolvemento e o inicio da posta en marcha deste plan xa neste mesmo ano 2017.

4. Garanta as máximas condicións de seguridade física, para as persoas e os bens, no desenvolvemento do proxecto.

5. Garanta as máximas condicións de seguridade medioambiental, que asegure a explotación na ría de Ferrol dos recursos económicos vinculados a actividade do marisqueo.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Nós, que estamos do lado de Galicia, sempre defendemos que Galicia tiña que ter autonomía enerxética e sempre defendemos que Galicia tiña que ter unha planta regasificadora. Non

o defendiamos nun lado da ría e do outro dicíamos que non, defendíámolo dende Ferrol, tamén dende Mugar dos, dende o Parlamento de Galicia e dende o Goberno da Xunta de Galicia. Polo tanto, poñer en dúbida que o grupo maioritario de Galicia, o grupo maioritario desta Cámara, defende o interese xeral de Galicia é poñer en dúbida o que sempre fixemos dende un partido que —hoxe veño falar da planta de gas de Mugar dos— en Mugar dos dicía «si», en Ferrol dicía «non» e en Santiago dicía ás veces «si» e ás veces «non», ata que tocou gobernar. E cando tocou gobernar, señor Bará, afortunadamente, o conselleiro de Industria do BNG puxo cordura e apoiaron a planta de gas. Agora non se sabe se vostedes a apoian ou están en contra, porque depende do vento, de como lles sopra o vento. Polo tanto, non nos pida leccións de coherencia, non nos pida leccións de seriedade nos plantexamentos, porque o seu partido é unha veleta que cada vez ten menos xente debaixo e que ten, dende logo, moi pouco movemento co vento. E, dende logo, o que non fan é escoitar a xente. (*Murmurios.*)

Mire, hai nove anos, no ano 2007, comezaba a súa actividade industrial a planta Regasificadora do Noroeste, Reganosa; unha infraestrutura fundamental para o modelo enerxético do noso país. España conta con seis regasificadoras; Reganosa é unha das seis. En total son dezasete as plantas regasificadoras que hai en toda Europa. Polo tanto, estamos falando dunha infraestrutura enerxética estratéxica para Galicia, estratéxica para España e estratéxica para Europa.

Reganosa supuxo un investimento de 400 millóns de euros. Está participada por distintas empresas galegas: por Gadisa, por Forestal del Atlántico, pola argelina Sonatrach e por First State, e a Xunta de Galicia ten unha participación do 24 % no accionariado; unha participación que eu creo que acredita a importancia que o Goberno galego outorga a esta infraestrutura que é clave para a autonomía enerxética de Galicia.

En 2015 Reganosa facturou 60 millóns de euros e obtivo un beneficio de 15 millóns e medio de euros. Reganosa dá emprego directo a 100 traballadores e xera 150 postos de traballo indirectos e 15.500 empregos inducidos. Dende a planta de Mugar dos subministrase gas natural licuado a 140 empresas do noroeste peninsular, do que dependen 15.500 postos de traballo.

A implantación da regasificadora permitiu desenvolver as centrais de ciclo combinado das Pontes e de Sabón, dúas instalacións que serían imposibles sen Reganosa. As Pontes tería pechado sen a planta de gas de Reganosa. Reganosa é, ademais, unha fonte de riqueza para o concello de Mugar dos. Así o tivo claro o BNG en Mugar dos cando gobernaba, cando tiña a alcaldía, e de aí o apoio do alcalde, do señor Barcia. Reganosa é fundamental para o concello de Mugar dos, onde está ubicada. A contribución anual da planta en concepto de IBI e de IAE supera 1 millón de euros anuais; un insufló económico fundamental para un concello pequeno como Mugar dos.

A presenza de Reganosa ten permitido, ademais, dar plena ocupación ao sector de reparacións dos estaleiros da ría de Ferrol. Dende que Reganosa está en funcionamento o sector de reparacións dá beneficios, e constantemente a imaxe é ver entrar e saír gaseiros que reparan nas instalacións de Navantia e Ferrol. Plena ocupación en reparacións nos estaleiros de Navantia-Fene-Ferrol.

Señorías, o gas natural é unha fonte de enerxía renovable que ten moito futuro. En 2016 a demanda nacional de gas natural medrou un 2 % e a demanda industrial rexistrou un incremento do 3 %. A Unión Europea mantén unha estratexia de redución de emisións para converter o gas natural como combustible vehicular do futuro no transporte por carretera, pero tamén no transporte marítimo.

O uso de gas como enerxía no transporte marítimo non está aínda estendido, pero é unha realidade, unha posibilidade que, sen dúbida, revolucionará o sector reducindo emisións e mellorando eficiencia de consumos.

Neste contexto xorde no ano 2013 o proxecto de *hub* de gas natural licuado no noroeste da Península ibérica; un proxecto promovido pola Xunta de Galicia e participado pola Universidade de Santiago de Compostela, pola Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, por Navantia e por Reganosa.

Na actualidade o proxecto de creación dun *hub* de gas natural licuado no noroeste xa conta co deseño de medios, de infraestruturas e de procedementos para poder subministrar gas natural licuado como combustible tanto a buques que naveguen polo corredor atlántico como a plantas satélites nos portos e na costa próxima. En definitiva, trátase de converter o gas natural licuado en combustible habitual no transporte marítimo. Do que se trata é de aproveitar as potencialidades que a planta de gas de Mugar dos conleva para Galicia e para España.

Hai un traballo xa en marcha pola Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade de Santiago, coa Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, con Navantia, con Reganosa; un traballo xa iniciado dende o ano 2013, e o que propoñemos é que a Xunta manteña a súa implicación neste proxecto.

Agardamos poder contar co respaldo de todos os grupos. Reganosa é unha realidade tanxible que xera emprego. Agora do que se trata é de aproveitar todas as potencialidades desta instalación enerxética. Polo tanto, agardamos contar co apoio de todos os grupos desta Cámara para o *hub* gasístico da ría de Ferrol, porque se trata de apoiar a autonomía enerxética de Galicia e de apoiar un proxecto clave para o desenvolvemento da comarca de Ferrolterra.

Pola miña parte, nada máis. Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, a verdade é que continuamos nas fronteiras do coñecemento, como case sempre, e a correlación entre os investimentos en xustiza e a loita contra a corrupción tende a cero. É dicir, pode haber un montón de fiscais anticorrupción e

que, en fin, esa loita se debilite por momentos. Dígoo porque antes escoitei esa relación causal que me resulta, un día como hoxe, especialmente relevante.

Señor Tellado, no caso do Grupo Socialista —ao que eu represento neste Parlamento neste momento—, efectivamente, eu sempre dixen que a orixe da instalación de Reganosa en Murgardos era unha orixe que —digamos— vinculaba claramente o poder económico e o poder político. Nunca me manifestei en contra, unha vez que estaba instalada, sempre que se respectaran os criterios medioambientais e laborais exixidos; e que deberían de estar no límite desa seguridade medioambiental e seguridade laboral. Pero é certo —e vostede terá que recoñecelo comigo— que a aposta empresarial de Reganosa é mesmo xeograficamente moi discutible. Se vostede fala con armadores e con persoas vinculadas ao negocio do gas, din que se atopa nun lugar de difícil accesibilidade, con problemas mesmo de límite de tamaño dos gaseiros. En fin, todos sabemos que hai dificultades obxectivas para esa ubicación.

E esa ubicación aprobouse porque a relación entre os promotores empresariais e o poder político da Xunta de Galicia naquel momento era, indubidablemente, moi estreita. Eu creo que isto é así. Dito iso, nunca lle escoitará a este voceiro dicir que hai que pechala, que hai que sacala da ría... En fin, eu creo que non está no mellor sitio, pero é verdade que, lamentablemente, os feitos consumados ás veces consolidan situacións non desexadas.

Logo, a verdade é que me enternece escoitar falar os responsables do Partido Popular —enternéceme positivamente, señor Tellado— de cambio climático ou de loita contra as emisións medioambientais. É evidente que o primo de Rajoy está condenado xa ao ostracismo; definitivamente borrarón... Si, eu xa sei que son un pouco pesado pero, bueno, recordo unha lexislatura na que estiven escoitando falar dos «mojitos de la Habana» tres veces por pleno durante catro anos. (*Aplausos.*) Entón, voume permitir... (*Aplausos.*) ser repetitivo, non sei se por falta de recursos intelectuais para ser innovador ou basicamente tamén algo por provocar, porque tamén ten a súa posta en escena. (*Risos.*) Bueno, o certo é que o primo de Rajoy está no ostracismo. O señor Arias Cañete é comisario de Cambio Climático, e só nos falta que o señor Soria sexa comisario dalgunha cousa similar porque, evidentemente, xa teríamos o puzzle completo.

Efectivamente, o gas é unha fonte enerxética menos contaminante. Non é unha enerxía renovable, señor Tellado, hai unha dotación física de gas limitada no planeta, salvo cuarta dimensión ou algunha cuestión galáctica. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu é o que entendín, pero se non é así... Ou sexa, non é unha fonte renovable, é unha fonte que, efectivamente, ten un potencial contaminante moito menor que o petróleo e o carbón en termos de emisión de CO₂ á atmosfera. E nós, desde logo, apoiamos a estratexia de gasificación do transporte marítimo, sen dúbida. O transporte marítimo é neste momento un dos maiores emisores de CO₂.

Todo parece indicar que coa recuperación económica, ademais, a actividade vai ir a máis. E, polo tanto —insisto—, apoiamos a gasificación do transporte marítimo.

Botamos en falta algunhas cousas. Botamos en falta, primeiro, que isto non se inserte na Estratexia enerxética para Galicia que nós vimos reclamando —polo menos este deputado dende a anterior lexislatura ou xa dende a anterior, xa non teño moi claro o momento—,

pero esa que, por certo, acaba de aprobar hai pouco tempo Andalucía —de vez en cando algunhas cousas fan ben—. Entón, esa que reclamamos —e, por certo, vótannos en contra sistematicamente— eu creo que sería conveniente insertala aí, señor Tellado. Sería conveniente porque iso permitiría evitar a paralización do concurso eólico, permitiría evitar o que onte dixo o ministro de Enerxía: «*Al ser italiana, a Enel no le importa crear desempleo en España*». Eu recordo unha iniciativa que trouxen aquí sobre As Pontes, cando Enel vendeu a división latinoamericana de Endesa e que, indubidablemente, o mercado peninsular non era o fundamental, e votaron tamén en contra. Tamén parece que este caeu do cabalo, camiño de Damasco agora.

Pero mire, señor Tellado...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...esta idea que vostede plantexa está nunha ponencia de estudo no Senado dende o ano 2014, hai tres anos.

Nós presentamos unha emenda que o único que fai é recoller unha parte das suxerencias que aparecen nesta ponencia do Senado. Polo tanto, estou seguro de que tendo en conta que vostedes teñen maioría absoluta no Senado e votaron a favor desta ponencia, aceptarán...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...esta emenda.

E, insisto, as cuestións medioambientais, para nós, e as cuestións de seguridade, son fundamentais na planta de Reganosa, de Mugardos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor Calvo.

Señor Tellado, cando queira, fóra destes limitados cinco minutos, poña sitio, día e hora, e temos un debate en profundidade sobre Reganosa, comezando pola alegación ao proxecto de 2001, que tamén pode ler vostede, e falamos longo e tendido de Reganosa. Desde o BNG non lle temos medo a ese debate. Non lle vou dar hoxe —aínda que podería— leccións de coherencia política, nin de transparencia, nin de decencia política, que podería, pero non o vou facer; voume permitir, se non lle importa, darlle unha lección de estética. E xa que antes falamos tamén de plaxios, pois quero recomendarlle algo. Non sei se redactou vostede a iniciativa ou outro deputado ou deputada do Partido Popular, pero ¡home!, cando plaxien catro parágrafos literais dunha noticia do 17 de xuño de 2016, de *elespañol.com*, esfórcense un pouco, polo menos poñan as comas ben, ou citen a fonte, porque a verdade é que é un artigo moi interesante. Eu recoméndollelo a todos os deputados e deputadas; é un artigo moi di-

dáctico para as persoas que non somos técnicas. Entón, cítano, e así podemos velo por en-teiro na súa amplitude.

Pero indo á cuestión, xa que o tempo corre, alén de que agardemos que teñan consideración en todas estas cuestións estéticas, ¿de que fala esta proposición non de lei? Porque aquí veu o voceiro do Partido Popular vendernos que está falando da idoneidade ou non da implan-tación dun centro de distribución de gas natural licuado en territorio galego; unha letanía que, ademais, levamos oíndo xa desde 2013 ou 2014, como o propio deputado referiu.

Pero é que nós entendemos que a cerna desta proposición de lei non é iso, nin é tampouco a idoneidade ou non do gas natural licuado en si como combustible, que, como xa avanzou o voceiro do Partido Popular, é un combustible que ten vantaxes a nivel ambiental —ninguén o dubida—, pero que, con todo, temos que ter en conta que non deixa de ser un tipo de com-bustible que tamén é fósil, que é limitado, polo tanto, na natureza, e que aínda que a priori é máis limpo do que outros, tamén ten un impacto a avaliar de forma rigorosa; un impacto tanto ambiental, polo que repercute no procesamento da auga que require, que devolve clo-rada e máis fría, como social, en canto a potenciais riscos, como tamén económico; econó-mico non só no impacto que ten no transporte e na almacenaxe, que é menor, pero si que tamén pode ter un impacto económico no prezo doutros tipos de combustibles, no prezo do sistema enerxético e demais.

Pero, como digo, a cerna é outra. Esta proposición non de lei, que é unha iniciativa ambigua na súa resolución e que non fala con claridade de cales son as intencións do Partido Popular, como en tantos outros asuntos que teñen a ver coa enerxía, do que fala realmente é de in-tervir nunha instalación que a día de hoxe é ilegal e que o Partido Popular amparou pola porta de atrás dun goberno do Estado en funcións, igual que fixeron con Ence. Non esque-cemos e non comungamos con rodas de muíño nin coa fraude democrática que vostedes fi-xeron cun goberno en funcións con instalacións como esta.

Polo tanto, a nosa posición será a abstención porque entendemos que o debate non é o gas natural licuado si ou non, nin o centro de distribución si ou non, senón que o debate é amparar a modernización e o investimento público, non se sabe moi ben en que termos nin en base a que criterios e nunha instalación que agora mesmo é ilegal, algo que se di-rime das diversas sentenzas que fomos coñecendo nos últimos anos. Só por facer un breve resumo do último ano: xa en marzo de 2016, sentenza do Tribunal Supremo. Estima o re-curso contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid polo que debe ser anu-lada a autorización administrativa previa. Abril de 2016, o mesmo tribunal estima o recurso contra a sentenza tamén madrileña e declara nula a resolución que aproba o pro-jecto de execución e instalación. Maio de 2016 —pola porta de atrás, recordemos—, ese acordo do Consello de Ministros que o que fai é eximir do trámite de avaliación de impacto ambiental, baseándose, ademais, nun torticeiro argumento —que non dá tempo de ex-plicar— que non se sostén desde os criterios profesionais, técnicos e ambientais. Xuño de 2016, máis sentenzas no mesmo sentido. E xullo de 2016, tamén, mesmo o que había referente ao Plan de emerxencias exterior, precisamente pola modificación puntual dese PXOM de Mugardos.

En só cinco minutos non é posible entrar no detalle e complexidades desta cuestión, pero resumireino en que nós nos imos abster porque entendemos que nesta iniciativa, como en tantas outras cousas que teñen que ver coa xestión da enerxía do noso país, o Partido Popular non fala claro, e non podemos, polo tanto, dar unha aprobación ás cegas para algo que non está ben definido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Merlo Lorenzo.

O señor MERLO LORENZO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Tellado, a aposta de crear un *hub* para o gas natural licuado non garante para nada a conversión das embarcacións a este combustible fósil, porque aínda que leve a coletilla de «natural» no seu nome, non deixa de ser un combustible fósil e contaminante cuxa implementación non está exenta de problemas e riscos. E non o garante porque, a diferenza do que están a expoñer na súa iniciativa, a conversión dos motores de fuel ou de diésel náutico á utilización do gas natural licuado nin é barata nin é factible, na maioría das embarcacións, sobre todo se falamos das dedicadas ás actividades produtivas primarias, que son as que surcan maioritariamente as nosas augas.

Se a xustificación para presentar a PNL está na redución das emisións e da contaminación, teríamos que ter en conta que a Plataforma pola Calidade do Aire considera que este tipo de propostas non terá ningunha incidencia na redución das emisións do tráfico portuario, ao cal consideran o principal foco de contaminación nas zonas portuarias, porque non fai cambiar o comportamento nin das navieiras nin dos armadores, que, desgraciadamente, en moitos casos teñen grandes dificultades para manter as súas embarcacións, para canto máis modificalas para o uso do gas natural licuado.

A medida máis directa e sinxela sería traballar para poder exixir que os buques que operan nas nosas augas utilizen filtros de partículas ou catalizadores para a redución selectiva dos óxidos de nitróxeno, que é realmente o problema.

Sobre a utilización de gas licuado, é xusto dicir que hoxe navegan pouco máis dun centenar de grandes buques en todo o mundo con este tipo de combustible. Concretamente, hai un ro-ro que fai a liña entre Nantes e Vigo que xa utiliza este combustible dende o ano pasado, pero non ten que ver nin necesita para nada a creación deste tipo de infraestruturas.

Non entenderíamos dende o punto de vista do interese de Galicia ningunha iniciativa que acompañe o investimento público en infraestruturas que non vaian encamiñadas á necesaria emancipación —da que vostede falaba— do noso país de combustibles sucios, perigosos e contaminantes, que sempre deberemos importar e pagar.

Lexislan para manter outros cincuenta anos —que é máis ou menos a estimación directa que hai de recursos de gas natural licuado nas reservas mundiais— a situación de ser deficitarios, sen enerxía, por causa dos combustibles fósiles. Eu non o entendo. Sería máis lóxico e coherente apostar por medidas que si repercutan na calidade ambiental directa das nosas rías e cidades portuarias, apostando por medidas, como a anteriormente mencionada, ou por outras que soliciten a electrificación dos nosos portos, para que os barcos se conecten á rede eléctrica durante o seu proceso de carga e descarga ao estar atracados.

Falaba vostede, señor Tellado, da autonomía enerxética e de Reganosa na mesma frase. Vai agora resultar que o gas licuado non o importamos, non o mercamos. Eu non comparto tampouco nin entendo ese tipo de autonomía, cando dependemos dun combustible fósil, que é o que nos fai deficitarios en enerxía, non en electricidade.

Desde En Marea xa temos iniciativas nesta liña porque din que nunca temos propostas. Si temos propostas, e debaterémolas neste Parlamento, porque apostamos polo futuro sustentable e non por parches que buscan a rendibilidade de proxectos como o de Reganosa. Vostedes traen unha PNL que vén ser un intento nada disimulado de buscarlle un nicho de mercado a esta empresa, que é máis propio dun comerciante que dun deputado.

Nós citamos problemas que a planta de Reganosa está a xerar en Ferrol. Falan da súa excelencia, do traballo, do futuro. Vaian falar coas mariñeiras e os pescadores que se ven afectados por esta planta, que son máis de 300; si, vaian falar con eles. ¿A planta de Reganosa non é unha instalación perigosa no interior da ría de Ferrol?, ¿non o é?, porque estaba pensada para estar no litoral exterior, pero milagrosamente acabou no interior.

O proxecto inicial de instalación data dos anos noventa, e estaba previsto situala nese litoral, sen embargo, e sen saber por que, o Grupo industrial Tojeiro, co apoio de Manuel Fraga Iribarne, ex presidente da Xunta, e do conselleiro de Economía do momento, don José Orza —o cal tamén ten empresas dentro do Grupo Tojeiro—, firman un convenio Xunta-Reganosa, recolocando a planta nos terreos propiedades de Tojeiro, ao lado da súa empresa Forestal del Atlántico. Nesta operación estivo José Luis Méndez, ex presidente de Caixa Galicia —esa banca que rescatamos entre todos e que agora resulta que é venezolana—.

A recolocación de Reganosa di vostede que non está en perigo. Bueno, pois, claro, hai que ver máis exemplos como os que aconteceron noutros lugares do mundo. Reganosa é unha bomba de relojería en medio da ría de Ferrol, está ao lado das casas, a 100 metros dos veciños de Meá; está preto dun arsenal militar e ten un complexo petroquímico con máis de 300.000 metros cúbicos de combustibles e produtos químicos almacenados.

Vostede imaxine que un buque tipo gaseiro, dos que levan este produto, este gas a Reganosa, teña un problema, teña unha avaría. Eses gaseiros cargados de GNL que entran na ría de Ferrol non poden cumprir coa normativa de navegabilidade en caso de emerxencia, dadas as condicións da ría; non o poden cumprir. Parece que a Xunta se comporta máis como un axente comercial de Reganosa que de velar polo interese dos cidadáns. Non parece de moita utilidade para a cidadanía ter o señor vicepresidente, o señor Rueda, e o señor Tahoces no consello de Reganosa.

Debemos recordarlle que no ano 2016 o Tribunal Supremo determinou a ilegalidade da planta de Reganosa a través de tres sentenzas. A planta incumpre toda a lexislación medioambiental e de seguridade. Non intenten lexitimar unha planta prexudicial para a ría de Ferrol baixo o paraguas do crecemento do emprego e do ecoloxismo, porque non cola. A vostedes o ecoloxismo non lles interesa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MERLO LORENZO: ...e o emprego non está garantido. Traen esta iniciativa camuflada para lexitimar a situación dunha planta como a de Reganosa, e debo dicirlles a vostedes, para que teñan clara a nosa posición, que non atoparán apoio no noso grupo a isto.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Merlo.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Eu vou adicarlle máis tempo á emenda do Partido Socialista que ao señor Losada. Pero si que lle teño que dicir unha cousa. Vostede falou 10 segundos da súa emenda, o resto estivo facendo de tertuliano, de comentarista da actualidade e de como ía a mañá. Eu vou adicar máis tempo á súa emenda do que o fixo vostede.

Pero si que lle teño que dicir unha cousa: se Reganosa está en Mugarodos foi porque un goberno socialista bloqueou a súa ubicación no porto exterior de Ferrol. Vostede ten que recordalo. ¿E por que? Porque daquela o Goberno socialista estaba apoiado por CiU. ¿E iso que foi? Unha petición de Enagás: que non se desenvolvera a regasificadora de Galicia. E, polo tanto, ¿que fixo a Xunta de Galicia? Apostar por unha ubicación alternativa. Polo tanto, se a planta de gas está en Mugarodos, déalle as grazas ao Partido Socialista.

Mire, eu teño a sensación de que non tomou en serio a súa propia emenda porque nada falou dela. Si que lles teño que dicir a vostede e ao señor Merlo que a sensibilidade medioambiental non son patrimonio de ningún partido, e nós temos esa sensibilidade medioambiental igual ca vostedes, e que, polo tanto, tratar de patrimonializala o que demostra é unha simpleza de argumentos tremenda. *(Aplausos.)*

Señor Losada, sobre a súa emenda, nosoutros propoñemos facilitar a tramitación e a planificación para esta infraestrutura. É curioso que o PSOE na súa emenda xa queira poñer diñeiro público para esta gran empresa. É o que quere vostede. Nós non imos compartir esa proposta porque para que haxa investimentos públicos o proxecto ten que incluírse na planificación de infraestruturas gasistas do Ministerio. E, polo tanto, é un trámite anterior ao que vostede propón. Vostede di: que se lle dea diñeiro público. Non, non, iso non é o que propoñemos nós. O amigo das empresas é vostede, polo que parece nesta iniciativa que vostede trae.

Podemos incorporar os puntos 4 e 5 da súa iniciativa, porque entendo que se refiren ás actuacións futuras e que, en calquera caso, non pon vostede en dúbida a seguridade e a garantía medioambiental da planta.

Ao señor Merlo teño que dicirlle que, mire, vostede fala de oídas, inventa cousas. Mire, a autora dunha tese de doutoramento publicada recentemente, a bióloga Xela Cunha —que supoño que sabe bastante máis ca vostede—, conclúe que a actividade de Reganosa non prexudica o medio mariño da ría de Ferrol. Iso é o que di, unha tese de doutoramento. (*Murmurios.*) Vostede vén aquí e di: contamina. Mire, calquera empresa instalada na ría de Ferrol contamina moitísimo máis que Reganosa. É a que menos contamina, é a que menos afecta o medio, podó asegurarllo.

Mire, a planta acumula xa nove anos en funcionamento sen ningún tipo de incidencia nin de seguridade para o medio ambiente. Son vostedes uns alarmistas, que xogan co medo da xente. Dende a súa entrada en funcionamento, levan entrado máis de 300 buques sen ningún tipo de incidencia e, polo tanto, vostedes veñen aquí alarmar, que é o que sempre fan.

Mire...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...sobre as sentenzas do Tribunal Supremo. O Tribunal Supremo non ordenou a paralización da planta. Non é verdade, iso é mentira. O Tribunal Supremo ordenou repetir a tramitación da autorización por un defecto urbanístico que, no momento en cuestión, xa foi subsanado previamente polo Concello de Mugardos, por un goberno do Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, esas deficiencias que vostede ve xa foron subsanadas. Polo tanto, non é verdade que haxa sentenzas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que poñan en dúbida esta cuestión.

Señora Presas, non esperabamos outra cousa do Bloque Nacionalista Galego; só esperabamos a súa abstención. Están ausentes de todos os debates importantes, porque o BNG nin está nin se lle espera...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e, polo tanto, pouco máis lle podemos dicir.

Sobre As Mareas de Podemos...,

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...mire, vostedes o outro día levaron alí a Mugardos o bus de *Hazte oír* para protestar contra a planta de gas. Eu o que lles digo é que abandonen iso de *Hazte oír*... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señora Santos, sei que vostede quere *hacerse oír*, disputarlle a portavocía...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...ao señor Villares, que xa nin está nin se lle espera tampouco. Pero lo de *Hazte oír* ya no cuela.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado, xa rematou o tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte iniciativa.

Parece que hai moitos portavoces de todos os grupos, pero só pode falar un no tempo que teñen concedido.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se presentaron emendas a esta iniciativa.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor José Luis Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Imos falar da ría do Burgo, un exemplo máis do agravio continuado co noso país; este, Galicia.

E onte tratouse aquí outro exemplo do mesmo agravio, a AP-9. O debate de onte foi desalentador: primeiro, a pinza contra o BNG; segundo, pola dúbida posta de manifesto polo Partido Popular de que a transferencia sexa posible —foi unha dúbida manifesta—; e, terceiro, porque moito tememos que sexa a mostra dun pacto entre as forzas políticas estatais para que a lei durma nun caixón dous, tres ou catro anos, collendo po e esquecemento. E é aquí onde o presidente da Xunta, o señor Feixóo, Feijóo... —si, realmente eu, se leo ben, leo Feixóo, porque é unha grafía que escribe o que escribe, pero bueno...— Pois ben, o señor Feijóo-Feixóo, o presidente da Xunta, pode impedir que isto ocorra, porque hoxe podemos facer realidade tamén o dragado da ría. El pode impedir que ocorra isto coa AP-9 e pode impedir que isto..., que disque que cando a creación do mundo, os deuses pousaron as mans neste recuncho peninsular e así naceron o peixe, o marisco e as rías altas e baixas que contornan este noso país. Moito máis tarde os fenicios e outros pobos mariños viron nelas as chamadas illas Casitérides, lendarias terras do estaño, metal que centraba o comercio entre os pobos coñecidos do Mare Nostrum e con personalidade para pasar á historia.

Seica a realidade actual é que, debido ao desastre urbanístico que temos e que fomos configurando durante os últimos corenta anos, as rías xa non son o que eran. Xa non dan alimento nin marisco nin peixe nas cantidades nin nas calidades dos anos oitenta, nin traballo e vida a tanta xente como daban. E sendo aínda fermosísimas, na súa fermosura hai un fondo de esgotamento e tristeza ambiental que lles rouba o esplendor doutros tempos. Isto non é catastrofismo, é realidade. E nós fomos os causantes e temos que ser os reparadores.

Púxose remedio en boa medida aos vertidos incontrolados e sen tratamento tanto industriais como humanos, pero foron tantos anos de insensibilidade que agora é o que é, unha ría cunha potencialidade enorme, pero ferida de morte, e dos arredor de 2.000 mariscadores e mariscadoras dos anos oitenta, apenas 200 na actualidade. A capacidade produtiva da ría está reducida a un 19 % debido aos lodos acumulados. Cada vez hai menos corrente e menos lámina de auga, e a cría do marisco ve alteradas para mal as súas condicións de vida.

Por todo isto, pola riqueza das súas augas e do seu leito, pola capacidade para xerar riqueza e postos de traballo nas xentes que tradicionalmente a explotaron, pola riqueza paisaxística e medio ambiental, pola normalidade necesaria, toca andar.

E hai xa décadas que diferentes colectivos vimos reclamando unha actuación completa que permita recuperar todo o valor ambiental, social e económico desta ría. Froito dese traballo e presión social e política, o pasado 11 de decembro de 2015 foi sometido á exposición pública o proxecto *Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo*, elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente. Diversas entidades presentaron alegacións reclamando que o proxecto de dragado vaia acompañado dunha dotación orzamentaria, como é de rigor, e dun calendario de actuacións precisas e suficientes para a súa execución.

Estas entidades, agrupadas na Mesa da Ría do Burgo, constituída pola Confraría de Pescadores da Coruña, a Plataforma en Defensa da Ría do Burgo, a Universidade da Coruña e os concellos de Cambre, Culleredo, A Coruña e Oleiros, formulan entre as súas reclamacións:

Un. A paralización do marisqueo durante a execución do dragado ante a posibilidade de que o dragado dos lodos mobilice substancias contaminantes que se poidan disolver nas augas do contorno próximo aos traballos de descontaminación. Esta paralización da actividade marisqueira ten necesariamente que ir acompañada de compensacións polas perdas económicas, como non pode ser doutro xeito.

Dous. Un plan de vixilancia que inclúa o control exhaustivo, periódico e transparente da calidade das auga, a estanqueidade dos recintos de confinamento dos lodos e a evolución das poboacións de flora e fauna asentadas na ría e na súa contorna. Estas medidas son necesarias para vixiar a xestión do material clasificado de categoría 3A e 2 con toxicidade positiva. Este material será confinado nos dous recintos habilitados: o recinto norte, en Oleiros, e o recinto sur, en Culleredo.

Tres. A constitución con carácter previo ao inicio do dragado dunha comisión de seguimento na que estean representadas distintas administracións, Ministerio de Medio Ambiente, Xunta de Galicia, concellos ribeiráns, a Universidade da Coruña e os axentes implicados.

Catro. Finalmente, a rexeneración da ría do Burgo debe ser un proxecto integral no que o dragado sexa só unha parte importante, impulsando un plan de conservación e rexeneración ambiental que permita recuperar os seus valores medioambientais e o seu potencial produtivo. A rexeneración da ría debe contemplar medidas de protección ao ecosistema durante o dragado, e, con posterioridade ao mesmo, unha restauración ambiental que desemboque na creación dun corredor ecolóxico entre o encoro de Cecebre e o mar e un plan de usos que ordene os diferentes usos da ría e permita un uso sostible da mesma e o mantemento das funcións ecolóxica, económica e social do espazo.

Porén, a día de hoxe as actuacións de dragado da ría seguen en punto morto e, a pesar da promesa de que 2017 sería o ano de inicio das obras do dragado, todo está en punto morto, paralizado. O Estado leva meses sen responder ás alegacións. O colofón deste despropósito son os orzamentos do Estado, que só recollen un millón de euros para 2017 nun proxecto que ronda os 50 millóns de euros en investimento.

Miren, o País Vasco acaba de conseguir 30 millóns de euros para a rexeneración da ría do Alto Nervión e 2 millóns de euros para rexenerar a praia de Zumaia. E para nós, para a ría do Burgo, hai consignados, unha vez máis, un millonciño. Sempre se argumentou por parte da Administración que non había orzamento para o dragado, porque non había proxecto. Agora hai proxecto, pero un millón.

Eu creo que é necesario refrescar a memoria. A exposición pública remata en febreiro do 2016. A 21 de xullo deste ano tiña que haber resposta ás alegacións e o proxecto debería estar aprobado. ¿Saben algo del? Eu creo que se extraviou polo camiño.

No BNG temos unha morbosa curiosidade: ¿vostedes fálanse cos deputados do PP no Congreso? ¿Mariano Rajoy lévase co PP de Galicia? ¿E a ría do Burgo é galega ou está noutro territorio? Porque, se non, non hai quen o entenda.

Hai un sinfín de mocións aprobadas nos concellos afectados, e mais nos da contorna, aprobadas polo PP tamén. Por certo, hai tamén dúas peticións á ministra, señora Tejerina, de parte dos catro alcaldes, plataforma e confraría, para unha reunión para tratar o tema, unha en agosto de 2015 e outra en novembro de 2016. Non hai contestación ningunha ás dúas peticións. Aquí ninguén sabe nada. O Goberno central está desaparecido, os deputados de Galicia en Madrid andan ás súas cousas. ¿Virá o proxecto no tren de alta velocidade?

É por todo isto e por algunhas razóns máis que quedan no saco polo que traemos esta PNL para unanimemente instar o Goberno central a que ande, a que cumpra co prometido e a que faga as cousas ben e en tempo. Por iso toca andar, ¿parécelles? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Pasamos agora á intervención dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Nós imos votar a favor desta proposición non de lei do BNG porque calquera que vaia á ría do Burgo, sen necesidade de facer unha análise máis exhaustiva, dáse conta de que é necesaria unha limpeza urxente, de que a dragaxe —que non é a primeira vez que vén a esta Cámara en comisión e en pleno— é imprescindible e de que tamén son necesarias medidas de protección. E o exemplo palpable é que nos anos oitenta esta ría daba traballo a unhas 2.000 mariscadoras e hoxe a súa capacidade produtiva, segundo nos din elas mesmas, non chega ao 18 %, e emprega a menos de 100 persoas en actividades de extracción. Moitas destas persoas tiveron que deixar de traballar porque os seus ingresos non lles daban nin sequera para pagar as cotas da Seguridade Social, o que é moi habitual, ademais, no mundo do marisqueo, e a dragaxe é imprescindible porque os lodos afogan o marisco e están facendo desaparecer o berberecho e a ameixa, e a anguía xa se extinguiu hai moito tempo.

Como é bo lembrar sempre as datas anteriores, no ano 2013, en decembro, é dicir, hai máis de catro anos, viñan a Galicia e facían un informe por ter vido a Galicia a comezos daquel ano, 2013, varios eurodeputados; un informe no que falaban do estado das rías galegas, e unha delas, unha das que visitaran o mes de xaneiro, era a ría do Burgo. Quedaron impactados, como calquera que vaia á ría do Burgo, incluso mediron alí mesmo a profundidade dos lodos, que chegaban máis ou menos a dous metros. E un dos mergulladores que estaba traballando neses labores de medición case queda atrapado polos lodos ao baixar as escaletas dun dos peiraos. Tiveron dificultades físicas para poder extraelo dos lodos porque alí quedaba.

Dous anos despois daquel 2013, en decembro de 2015, como xa se dixo, sometíase á exposición pública este proxecto de dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo, que elaborou no seu momento o Ministerio de Medio Ambiente, e varias entidades presentaban alegacións. Están agrupadas na Mesa da Ría do Burgo, para que tivese o que máis interesa sempre, que é dotación orzamentaria e un calendario de actuacións —ano 2015—.

O proceso tería que ter rematado en xullo de 2016 co proxecto xa definitivo, pero o Ministerio de Medio Ambiente, como xa dixo ben o voceiro do BNG, non ten nada, e polo visto necesita que lle dea información Augas de Galicia e a Subdirección Xeral de Resíduos, e así chegamos case a mediados do ano 2017. Mentres non se publiquen os trámites que quedan de impacto ambiental, a declaración de impacto ambiental, non se poden definir as actuacións a realizar e tampouco poderá saír a concurso a execución dos traballos; polo tanto, xa nos poñeremos polo menos nun ano máis. E o curioso é que o Partido Popular, que dicía que o responsable da falta de dragaxe da ría do Burgo era —¿como non?— o que nos serve para un racho e un descosido, José Luis Rodríguez Zapatero, antes de chegar ao poder, dicía na Coruña que tan pronto comezase a gobernar, nos dous anos seguintes, estaría feito o dragado da ría. Pois estamos en 2017 e aínda seguimos a esperar. O certo é que o Goberno que presidía José Luis Rodríguez Zapatero non deixou de pedirlle ao Goberno da Xunta —que estaba gobernado polo PP no momento en que facía as peticións— o tratamento dos lodos, e os concellos fixeron o seu traballo, o Goberno de Zapatero fixo o seu traballo pero tanto a Xunta aquí como o Goberno en Madrid pois non fixeron o seu.

A indignación popular vai medrando tanto que o día 14 deste mes hai unha manifestación convocada pola Mesa da Ría do Burgo precisamente para exixir o orzamento nos orzamentos do Estado, porque, tal e como se dicía, hai o de sempre —vostedes son moi tradicionais, defenden as tradicións, neste caso tamén—, un millón de euros tradicionais para o dragado, ademais de comprometer sete millóns ata 2020, cando o que se necesita é máis ou menos unha actuación total, uns 47 millóns de euros.

Cando debatemos os orzamentos para o 2017 nesta Cámara, este grupo parlamentario, o Grupo Parlamentario Socialista, presentaba unha emenda precisamente cunha partida específica de 2 millóns de euros para rexenerar a ría. O Grupo parlamentario Popular votou en contra, a conselleira de Medio Ambiente e agora precandidata á Alcaldía da Coruña tamén votou en contra, e nestes días o Grupo Parlamentario Socialista no Congreso presentou de novo unha emenda aos orzamentos xerais pedindo alí tamén dous millóns de euros para dragaxe. Son necesarias medidas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—si, vou rematando, presidente— para sanear a ría, para garantir a calidade das augas da ría do Burgo e para iniciar os traballos xa de saneamento e rexeneración, e estaría moi ben que o Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados —que non sabemos se está nin se se lle espera— votase a favor porque para a precandidata, a conselleira de Medio Ambiente, sería unha boa nova, pero sobre todo sería unha boa nova para a ría do Burgo, para os concellos limítrofes, porque esperar ata o 2020 cun orzamento de 7 millóns de euros é máis que desastroso.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Merlo Lorenzo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, se queremos resumir a situación na que se atopa a ría do Burgo na actualidade as tres palabras serían: «tomadura de pelo». É unha tomaadura de pelo tanto por parte da Xunta de Galicia como polo Goberno central, que permiten que a ría como motor socioeconómico da zona vaia morrendo pouco a pouco. Que a pesca artesanal non lle interesa nada, nin o máis mínimo, ao Partido Popular xa quedou moi claro ao longo destes últimos anos. Vostede enténdese mellor coas grandes multinacionais acuícolas, que pretenden privatizar as nosas rías, levando a ruína a milleiros de persoas mariscadores, pescadores que traballan cada día nas nosas costas para poder sacar adiante as súas familias. Un exemplo son os 6 millóns de euros que recentemente se destinaron a potenciar combustibles e cosméticos a través da acuicultura e que é toda unha declaración de intencións.

Nos anos setenta a ría do Burgo era o motor económico principal da zona, xeraba arredor de 2.000 postos de emprego directo e era unha ría próspera e con futuro. ¿Saben cantas persoas

traballan na actualidade? Apenas 150. Por desgraza, esta situación segue así e progresivamente seguirase reducindo ata que chegue un momento en que non exista traballo para todo o sector extractivo primario.

Como ben se dixo aquí, o problema principal da ría na actualidade é o abandono por parte das diferentes administracións con respecto á limpeza das verteduras nela depositadas, que se converteron nunha capa de lodos de varios metros de grosor. Polo tanto, faise indispensable a dragaxe da ría; é unha necesidade imperante. O lodo invadiu nos últimos anos importantes zonas de marisqueo, xa que, por exemplo, no plan de explotación realizado na década dos setenta, a extensión autorizada para faenar chegaba aos 700.000 metros cadrados, sen embargo na actualidade as cousas son ben distintas, só existen seis bancos marisqueiros produtivos, que suman 259.000 metros cadrados. É dicir, nas últimas décadas na ría do Burgo perdeuse o 63 % da zona extractiva. Ademais, as zonas que perduran presentan tamén problemas graves pola acumulación de residuos porque o lodo evita que o marisco poida respirar ou alimentarse suficientemente.

Representantes do sector do marisqueo da zona din que as capturas diarias apenas permiten pagar o seguro e que isto pon moi en serio perigo os postos de traballo dun sector tan importante para a economía galega. Os lodos fóronse depositando dende comezos do século XX, e ao longo destes anos non se investiu nada na limpeza da ría. Todo foron promesas baleiras e boas intencións que nunca chegaron a executarse. Informes oficiais din que a recuperación das rías se estima nun custo aproximado de 46 millóns de euros. Estímase que tras esa limpeza o impacto no emprego podería xerar uns 400 postos de traballo directos e inmediatos. Estes datos parece que ao PP non lle interesan porque nos seus orzamentos xerais do Estado presentados recentemente se destina un millón de euros á dragaxe da ría do Burgo. ¿Queren dicirme que só van destinar un millón de euros á dragaxe e á limpeza da ría do Burgo cando está estimada en 46 millóns de euros? ¿Sabían que as mariscadoras e pescadores da ría do Burgo consideran isto pouco menos que un insulto? Esta actitude, aínda que non lles gusta moito escoitalo, demostra que vostedes, señores do Partido Popular, son uns oportunistas. E voules explicar por que.

O proxecto de saneamento da ría do Burgo publicouse no BOE do 11 de decembro de 2015, tan só nove días antes das eleccións xerais. Prométese e prométese e despois non se cumpre. Este é un claro exemplo xa de medida electoralista en si mesmo, pero unha medida que xoga co pan de 150 familias que viven do mar. Deberían pensar niso tamén. Déixenme que lles diga unha cousa: en política non vale todo.

Por outro lado, tamén é necesario resaltar que durante o futurible dragado da ría será necesario paralizar a extracción do marisco da zona; polo tanto, a Xunta debería compensar as mariscadoras polas perdas económicas mentres duren os traballos de saneamento.

Esta situación de desleixo por parte das administracións públicas ten mobilizado o sector dende hai anos. Estas persoas, que só queren que as súas demandas sexan escoitadas e que se inicie dunha vez o saneamento integral da súa ría para poder vivir dignamente do seu traballo, non teñen que ser desoídas por moito máis tempo.

Por parte do noso grupo parlamentario, quero dicir que imos apoiar esta iniciativa e que esperamos que o Partido Popular tamén se sume a ela.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ¿Oportunista, señor Merlo, en serio? ¿Dinos vostede que somos oportunistas e que en política non vale todo, señor Merlo? ¿Vén vostede dicir, representante da súa organización, que en política non vale todo? Non sei..., moi ousado, teño a sensación.

Mire, podería ter falado aquí dos vertidos do Plan de saneamento integral da Zapateira, podería vir aquí falar dos vertidos que segue a haber nas rías, que son responsables dos concellos, pero vostede preferiu ler o que lle fixeron dende aló, cousa á que se negou o señor Sánchez, quizais porque ten un pouco máis de dignidade e non quería facer o ridículo.

Señor Rivas, anticipo o apoio do noso grupo á iniciativa relativa á rexeneración da ría do Burgo. Reclamamos que se axilice a tramitación para que se inicien as obras e que estas obras se fagan, ademais, respectando as actuacións contempladas na iniciativa.

Coincidimos, señor Rivas, na importancia de levar a cabo a rexeneración da ría do Burgo, da mesma forma que coincidimos antes na necesidade de que se faga canto antes, da mesma forma que tamén coincidimos na necesidade de facer un esforzo investidor en infraestruturas de saneamento e tamén na necesidade de facer un mantemento óptimo das infraestruturas existentes para mellorar o seu funcionamento na eliminación dos vertidos da ría. En todo iso coincidimos con vostede.

Como sabemos, e como ben resalta vostede na súa iniciativa, o traballo para conseguir o saneamento integral da ría do Burgo debe ser conxunto: que todas as administracións se impliquen na mellora da nosa ría e que cada administración exerza a súa responsabilidade. Responsabilidade da Xunta de Galicia e, por suposto, tamén responsabilidade do Goberno central, claro que si, e tamén dos concellos. Nesa responsabilidade da Administración autonómica, como lle dicía, cómpre sinalar neste caso que previamente a este proxecto de dragado dende a Xunta de Galicia se levou a cabo un ambicioso plan de saneamento cun forte investimento de máis de cen millóns de euros, que fai que as actuacións realizadas sexan responsables da mellora do estado da ría e que permitan que hoxe teñamos unha ría cumprindo os parámetros.

A maiores, e dentro do Plan de saneamento local da ría do Burgo, fíxose un exhaustivo estudo da situación dos distintos elementos do sistema de saneamento do contorno da ría. O plan propuxo unha serie de actuacións, entre as que se encontran as comprometidas pola Xunta de Galicia para resolver os puntos críticos nas zonas de Santa Cristina e O Templo, actuacións que xa están en marcha. Nas propostas do plan non só figuran obras de mellora ou nova execución de instalacións de saneamento, senón que tamén se destaca como imprescindible a xestión adecuada por parte dos municipios competentes tanto da rede de sumidoiros como dos elementos de transporte e

depuración, así como a adopción paulatina de técnicas de drenaxe urbanas sostibles. Xestión que, ademais, non implica grandes investimentos, pero consegue importantes melloras no funcionamento das redes e na eliminación de vertidos á ría. Grazas á realización do plan, as entidades locais responsables deste mantemento dispoñen de todo o necesario para levalo a cabo.

O traballo para conseguir o saneamento integral da ría do Burgo debe ser conxunto, e todas as administracións deben estar implicadas na mellora da nosa ría. Grazas ao continuo traballo de seguimento e control da Xunta temos coñecemento dos puntos de vertidos contaminantes directos á ría, que son titularidade dos diferentes concellos. É importante, polo tanto, que os concellos realicen as actuacións necesarias para emendar estes vertidos directos o máis rápido posible. Os concellos teñen a obriga de que non haxa vertidos, de que non haxa filtración de auga salgada na rede. Teñen que xestionar ben as súas augas fecais e pluviais e aprobar as súas ordenanzas de vertidos.

En relación, señorías, á responsabilidade do Goberno central e á actuación de dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo —esta atópase pendente da emisión de declaración de impacto ambiental—, houbo unha fase de presentación de alegacións. Presentáronse alegacións e agora o Ministerio está a estudalas. Moitas das alegacións que se presentaron están recollidas nesta iniciativa e, obviamente, a resolución da declaración de impacto ambiental recollerá todas as que se incorporen ao proxecto definitivo, que se fará público e se lles comunicará aos interesados antes da súa licitación.

Dentro do proxecto deseñouse un minucioso programa de vixilancia ambiental que busca que os traballos que se fagan como consecuencia desta obra garantan a protección efectiva do ecosistema.

En definitiva, señorías, imos apoiar a súa iniciativa, xa que o saneamento da ría do Burgo é unha prioridade para este goberno.

A Xunta de Galicia está traballando dende hai anos con esforzo para acadar unha xestión eficaz e eficiente da auga que garanta este saneamento. Esta administración ten investido máis de cen millóns de euros en importantes obras de saneamento, mantendo un contacto permanente cos concellos, co Ministerio de Medio Ambiente e cos mariscadores que desenvolven o seu traballo neste ámbito.

Ese mesmo esforzo que ten feito a Xunta de Galicia é o que tamén lle estamos a pedir ao Goberno central, co proxecto de dragado, e aos concellos, co mantemento e mellora das redes e control dos vertidos, e con sistemas de saneamento urbanos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Señor Trenor e demais grupos, só faltan os foguetes, comer o pulpo, o molete de pan trigo e o vaso de viño, que foi como se asinaron sempre os acordos das transaccións nas feiras. ¡E libreme Deus!, que non estou tratando de ferir este Parlamento.

Soamente nos queda agardar que este acordo non quede en papel mollado, agardar que este acordo teña o peso suficiente como para pesar —e permítaseme a redundancia— en Madrid e onde sexa necesario, e que obrigue ao seu cumprimento.

É certo que é responsabilidade de manter en bo estado a ría no futuro. Despois de feita a limpeza e dragaxe, correspóndelle a cada unha das institucións que estean implicadas, pero que cada pau aguante a súa vela. Podía dicir outro refrán un pouco máis..., pero non o digo por pudor.

Nada máis que darlles as grazas, señores do PP, señores de En Marea, señores do PSOE, por este acordo. E nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rivas.

Esgotados os debates das proposicións non de lei, comezamos coas votacións.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018.

Non foron aceptadas as emendas do Bloque Nacionalista Galego nin do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O señor Bará Torres pide a palabra.)

Si, señor Bará, ¿para que quere a palabra? *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¿E pódeme explicar como se distribúen os puntos?

O señor BARÁ TORRES: Hai dous puntos: o primeiro e o segundo. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Perfecto, é que non o lera.

Votamos o punto 1 desta proposición.

Votamos.

Votación do punto 1 da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o segundo punto desta moción.*

Votamos.

Votación do punto 2 da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Fomento para reducir as peaxes na AP-9 e evitar a suba anual acumulativa de peaxes dun 1 % durante vinte anos a partir de 2018.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 39; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela.*

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas familias monoparentais e monomarentais con dous fillos a cargo menores de 18 anos ou maiores con algún tipo de discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a seguir a proposición do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a creación polo Goberno galego do Consello Asesor do Libro, previsto na Lei do libro e a lectura de Galicia.*

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre a creación polo Goberno galego do Consello Asesor do Libro, previsto na Lei do libro e a lectura de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don José González Vázquez.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e once deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda en relación coa imputación para efectos fiscais das subvencións percibidas por incorporación de agricultores mozos a actividades económicas no rural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a declaración da arte rupestre galega como 'patrimonio da humanidade'.*

Estaba pendente unha transacción e non vexo a autora da proposición. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Están as portas pechadas, e cando as portas están pechadas non pode entrar ninguén. (Risos.) É a norma do Parlamento. Que alguén, por favor, faga chegar a transacción, algunha deputada do grupo que estea dentro do hemiciclo que faga chegar a transacción.

Si, lea a transacción, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: *Chegamos a unha transacción co Bloque no punto 1, aceptamos o punto 2 e modificamos o punto 3 do Partido Socialista, e quedaría:*

«1. Inventariar, catalogar no DOG as pezas de arte rupestre existentes en Galicia, implicando a sociedade civil organizada.

2. Elaborar e implementar un plan para a conservación, protección e posta en valor con dotación orzamentaria suficiente.

3. Iniciar no prazo máximo de tres meses os trámites para acadar a declaración de arte rupestre galega como 'patrimonio da humanidade'.

No prazo máximo dun ano despois de comezar o trámite, a Xunta de Galicia presentará no Parlamento un informe sobre o traballo feito e o plan de accións futuras no caso de que non se rematara o expediente de petición da dita declaración».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos polo tanto esta transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a declaración da arte rupestre galega como 'patrimonio da humanidade'.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para o 2017.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 no referido aos investimentos en Galicia, así como en materia social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados e deputadas máis.

Non sei se estaba pendente unha transacción.

(O señor Tellado Filgueira pide a palabra.)

Si, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: No debate ofrecemos incorporar os puntos 4 e 5 da emenda do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Acéptase? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non é posible, entón votamos a proposta tal e como está.

Votase a proposición non de lei tal e como estaba redactada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impulso do uso de gas natural licuado no transporte marítimo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 12; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións, abran as portas, por favor.

Pasamos a debater o punto 6 da orde do día, de interpelacións.

Comezamos coa interpelación do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da deputada señora Vázquez Verao.

Interpelación de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos sobre a pobreza infantil

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra, polo tanto, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

Aí está o 17 de maio, e é procedente entón unha cita como: «Eu son Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre». Hoxe o Balbino de Neira Vilas desgraciadamente, por poñer un exemplo, pois podería ser unha rapaza de contorno urbano seguramente, que viva nun fogar golpeado por anos de paro, cuxa casa non se pode manter a unha temperatura adecuada no inverno e na que non se pode facer fronte a gastos imprevistos, como poden ser cuestións tan fundamentais como unha intervención odontolóxica, por exemplo; ou na que moitos días a base da comida teña que consistir entre macarróns baratos, pan de molde ou latas de tomate. Podería ser mesmo a nena de 9 anos que lle dixo a Save the Children que «un neno pobre é aquel que non pode soñar».

E enmarcamos esta interpelación no contexto que xa temos expresado en En Marea sucesivamente dende que comezou a lexislatura, de que pese ao crecemento do PIB do Estado español e do de Galiza —levan dende 2014 en crecemento, poderíamos situar en 2013 o cambio de ciclo económico—, pois pese a iso as taxas de pobreza e exclusión social aumentaron dende 2011 en todos os tramos de idade.

E falando da pobreza infantil, se tomamos o último informe da Rede europea contra a pobreza, este indícanos que a pobreza infantil é a que máis se incrementa. Faise evidente, pois, que a recuperación económica queda á marxe de boa parte da poboación. Unha de cada cinco persoas galegas atópase en risco de pobreza. E non por dicilo moitas veces vai ser menos dramático, menos ou máis dramático, pero é importante visibilizar esta realidade aquí neste Parlamento. É importante tamén visibilizar que as persoas que viven en fogares con carencia material severa no noso país tamén subiron, ata acadar en torno ao 6 %, e que a infancia tamén é un colectivo máis vulnerable a este respecto.

Pois ben, poderíamos citar numerosos estudos que confirman a consolidación no noso país dunha sociedade desigual; estudos que non fai En Marea, que non fan entidades radicais, porque son

estudos que mesmo os ratifica a propia Comisión Europea. Cada vez temos unha maior diferenza entre a poboación de renda alta e a de rendas baixas, e con amplas capas de poboación en risco de pobreza e exclusión, destacando —como xa dixemos e como é obxecto desta interpelación— a pobreza infantil. Fenómeno que é certo que non é exclusivo no noso país, senón que é común a todo o Estado español, que ten as taxas máis elevadas da Unión Europea, só superada por Romanía e por Grecia, acadando no 2012 o 36,3 %, cun incremento porcentual de nove puntos dende o inicio da crise. Polo tanto, podemos afirmar, sen ningún tipo de dúbida, que a mocidade e a infancia se conforman como os colectivos máis vulnerables ao risco de crise e exclusión social.

Esta situación non é nova, e non é nova porque dela levan alertando dende o inicio da crise distintas organizacións, como a propia UE, que a través da Comisión Europea nos últimos informes fai referencia a esta situación. Sen embargo, distintos gobernos de distintas comunidades autónomas si que negaron en principio esta situación. Aí coincidiron no ano 2014 o presidente Núñez Feijóo e o presidente da Comunidade de Madrid, Ignacio González. Estes coincidiron na negación, na negación que se lles expresaba non só a estas entidades sociais senón á oposición deste mesmo Parlamento, que reiteradamente lle traía os datos. Finalmente, rectificaron —como xa exporei e analizarei— algunhas das liñas que se impulsaron. Pero esta negación é un pouco significativa de por onde van os tiros en Europa, non só no noso país.

Dicía que a situación non é nova, que se agravou tras a crise económica mundial e coa crise da Eurozona, que lle deu unha última estocada á consolidación da desigualdade, porque o que si revelan tamén todos estes informes é que en Europa, pero sobre todo no Estado español, se mantiveron mesmo en épocas de crecemento económico taxas de pobreza elevadas. Pero o que fixo esta última crise, e sobre todo as políticas aplicadas para teoricamente combatela, foi consolidar esta desigualdade.

A organización OXFAM sinala que a recuperación económica —como xa vimos— non está evitando que a desigualdade siga medrando. En Galicia, ademais, isto cuantifícase de xeito que o 20 % da poboación máis rica manexa un presuposto 4,45 veces maior que o 20 % máis pobre. Estase a consolidar a polarización social, e isto reflíctese nun mercado laboral cada vez máis polarizado, e isto o que ten consecuencias tamén é nas estruturas políticas. Facemos esta referencia porque parece que ultimamente se fala dunha recuperación da vella dinámica política partidaria no Estado, mesmo en Europa. Isto non é certo, a crise das formas clásicas de mobilización e participación política non rematou; non rematou porque non remataron as condicións que a fixeron emerxer.

Dicíalles que a propia Comisión Europea recoñece —e así o traslada o Consejo Económico y Social— que os efectos acumulativos do aumento do desemprego, a exclusión social e a desigualdade se ven como un lastre para a xeración dunha senda de crecemento sostida no tempo que permita superar de maneira exitosa a crise económica e financeira máis recente. Estannos sinalando os propios organismos institucionais que é moi difícil recuperar a economía. Como dicía o señor Feijóo —e sacaba peito esta mañá— dos datos de pobreza relativa, supostamente mellores a respecto do resto do Estado: a crise pasou. A crise non pasou para unha gran maioría da poboación e —como recoñecen distintos organismos— vai ser moi difícil recuperar un crecemento que redunde en beneficio da maioría da poboación.

Xa non citamos distintos estudos que seguen abundando nesta realidade social galega, que xa temos trasladado aquí; unha realidade que fundamentalmente ten que ver coa precariedade do emprego. De feito, na pobreza infantil —segundo recoñeceu o propio informe da Xunta en 2014— o emprego é o principal factor que redonda no incremento das taxas de risco de pobreza e exclusión social entre a infancia. Isto fai que quen sofre especialmente a pobreza sexan as familias monoparentais, polo que sempre temos falado dese aumento das peores condicións que temos de partida as mulleres no mercado laboral. Iso afondouse durante a crise, e como as familias monoparentais —igual que dicíamos onte— son un 80 % fogares sustentados por mulleres, iso incidiu directamente no risco de exclusión da poboación infantil. Volvemos repetir o dato: máis do 50 % das familias monoparentais son pobres. Tamén —é certo— aumenta a vulnerabilidade entre as familias con menores dependentes a cargo, as familias numerosas e as familias con menores cuxos proxenitores son de procedencia extracomunitaria.

Polo tanto, o panorama é tremendo a nivel social, a recuperación económica non se traduce na maioría da poboación e as vítimas principais desta situación son as mulleres e a poboación infantil.

E quería tamén facer unha referencia a un colectivo, que é o da adolescencia, que se analizamos e degrañamos os datos realmente é o que peor o está a pasar e no que máis aumenta a vulnerabilidade. E isto tamén —despois analizarémolo— é derivado de que as políticas paliativas que se foron pondo en marcha a rebufo das organizacións internacionais que levaban máis anos alertando sobre esa situación si se puxeron en marcha políticas dirixidas á infancia, á infancia máis temperá, pero exclúese unha parte da infancia, ou da infancia en transición á mocidade, que está sendo a que ten un maior risco de vulnerabilidade.

En fin, a pobreza infantil —xa tamén o falamos onte— ten moitos planos. E caer na pobreza —estas persoas que están en risco de pobreza— supón pór en risco a persoa para toda a vida. Porque canto maior é o nivel de exclusión social, maior risco hai de seguir continuando nesa transmisión interxeracional da pobreza, nese círculo vicioso da pobreza. Estas consecuencias que se padecen entre os 0 e 5 anos moitas veces nin sequera somos capaces de que despois se revertan, pois falamos de moitas máis posibilidades de sufrir trastornos de saúde. De feito, un estudo de Delancey —creo que do ano pasado, ou deste mesmo ano— determinaba a desigualdade como a principal causa de mingua da saúde da poboación, e instaba a OMS a meter este factor como un dos principais.

As consecuencias evidéncianse tamén no nivel formativo; é moito máis difícil acceder a ter as mesmas condicións de partida que o resto de nenos e nenas nun contexto dunha familia con dificultades. Ademais, cando o gasto en educación medrou durante a crise nun 32 % porque se reduciron —como recoñece a propia Comisión Europea— os investimentos na infancia a nivel do Estado.

Así pois, estamos a falar dunha situación na que, de non pórllle remedio, Europa —falo de Europa no seu conxunto— cometería unha grave inxustiza con toda a súa poboación infantil de cara ao seu futuro, pero tamén de cara ao seu presente. Porque moitas veces falamos sempre de nenos e nenas en relación con que son o noso futuro, e esquecemos que son suxeitos de dereito e que como tales teñen tamén dereito mesmo a participar no deseño das

políticas que os afectan. Aí está a cuestión da adolescencia, que sendo un colectivo moi vulnerable apenas ten tradución nas políticas públicas.

E preguntámoslle entón pola valoración do Goberno galego sobre os datos de pobreza infantil, os recentes que a Rede europea contra a pobreza sinalou que máis ou menos estarían en torno a cen mil nenos e nenas do noso país en risco de exclusión social. Preguntámosllo porque non atopamos excesivas declaracións públicas do Goberno galego no seu conxunto a respecto destes últimos datos e da recente enquisa sobre as condicións de vida das familias. E preguntámosllo porque consideramos que esa negación que se produciu ao inicio, cando as organizacións alertaban sobre estes datos, pois consideramos que non é de recibo que o señor Feijóo dixera que non había nenos con risco de malnutrición no noso país, cando despois un propio estudo da Xunta —porque a realidade é teimuda— recoñeceu que 18.000 fogares con nenos e nenas sufrían carencia material severa en Galicia. Neste estudo —xa non me dá tempo a degaña-lo pero convido a todo o mundo a que o estude, que o teñen que ver a través dun documento distinto, que creo que é a Estratexia galega da infancia e da adolescencia, porque o estudo en si non se atopa na páxina web— determinábase que durante a crise aumentou a pobreza infantil, que o risco da pobreza infantil é maior en áreas urbanas, pero, sobre todo, a cuestión do emprego. O emprego e o ter unha vivenda en alugueiro son dous factores que aumentan excesivamente o risco de caer na pobreza entre a infancia e a adolescencia. Repito: ese grupo vulnerable esquecido, ese grupo vulnerable polo que lle preguntamos.

Á parte de preguntarlle pola valoración...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...preguntámoslle —si— por alternativas, ¿que alternativas?, ¿que valoración ten o Goberno galego sobre este aumento da taxa de risco de pobreza, este aumento intolerable do risco de pobreza na infancia en Galicia? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra o conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días.

A loita contra as situacións de pobreza infantil é un elemento transversal e absolutamente prioritario para a Xunta de Galicia e entendemos que para o conxunto dos galegos. O Goberno galego concédelle —como non podería ser doutra maneira— unha especial incidencia, valorando precisamente que eses casos de vulnerabilidade tenden a algo que dende o punto de vista da desigualdade nos parece un elemento esencial, que é a cronificación da pobreza. O feito de que por estar nun mal momento, nun contorno familiar ou nun contorno social adverso, eses casos se repitan no tempo condena o noso futuro, que é a xente máis nova, a permanecer nesa situación. Por iso require abordalo dende diferentes ámbitos: dende o ámbito familiar, por suposto, dende o ámbito educativo, dende o ámbito social e dende o ámbito económico.

Na interpelación que nos ocupa cítanse varios datos referidos ao informe da Rede de loita contra a pobreza —EAPN—, entidade coa que esta consellería precisamente está traballando, non só no diagnóstico senón nas solucións para evitar precisamente situacións de pobreza, especialmente situacións de pobreza severa, e evitar tamén nun segundo apartado a súa cronificación.

Fala vostede na súa intervención da taxa AROPE. Coñecemos un avance desa taxa que marca as persoas en situación de risco de pobreza en Galicia. Esa taxa no ano 2016 sitúase no 25,4, o que nos indica que hai unha redución da taxa AROPE nestes momentos en Galicia dende principios do ano; no ano 2015 esa taxa estaba no 25,7. E acabamos de coñecer uns datos máis recentes, que son os do Instituto Nacional de Estadística, desagregados por comunidades autónomas, que indican tamén unha redución da taxa, concretamente o 19 %; niveis en moitos casos similares aos existentes no ano 2008 e no ano 2009.

Por suposto, eu digo sempre que as estatísticas son complicadas, pero si que as estatísticas nos permiten facer dúas afirmacións que creo que son importantes. A primeira é que tanto a taxa AROPE como a recollida no INE indican que estamos nun momento efectivamente de recuperación económica, pero tamén de redución da porcentaxe de persoas que se atopan en risco de pobreza, persoas en situación de exclusión social. Esa é a primeira observación que me gustaría facer. A segunda é que eses indicadores sinalan tamén moi claramente que Galicia está moito mellor nos indicadores que a media do conxunto do Estado e, por suposto, moito mellor que comunidades autónomas como Andalucía ou Extremadura, que presentan taxas do 35 % ou do 30 %. Iso, en primeiro lugar, con respecto ás estatísticas.

Pero, en segundo lugar, cando estamos falando de persoas que están nunha situación de vulnerabilidade o que temos que dicir, efectivamente, é que, aínda que hai unha redución, o número, dende logo, parécenos moi importante como para que traballe con moita intensidade a Consellería de Política Social, o conxunto do Goberno, o conxunto das administracións e o conxunto das entidades sociais que existen en Galicia; e que ademais ese compromiso social, efectivamente, ten que estar sempre respaldado por un compromiso económico, por un compromiso orzamentario. E, como sabe, precisamente os apartados orzamentarios que máis se incrementaron na Consellería de Política Social son os que teñen que ver coa inclusión social, que pasaron no ano 2015 de 85 millóns de euros aos 106 millóns de euros do ano 2017, ou as achegas á familia e á infancia —outro segundo ámbito de actuación da súa interpelación—, que aumentaron de 86 a 123 millóns de euros.

Polo tanto, vostede sabe perfectamente cal é o incremento orzamentario xeral da Xunta de Galicia nos dous últimos anos, e verá que esta porcentaxe multiplica con moito ese incremento orzamentario, precisamente para demostrar que non só é unha cuestión de sensibilidade social senón que tamén estamos falando dunha priorización económica necesaria a levar nas contas públicas.

Esa é a diagnose; a solución, dende logo, o traballo conxunto das administracións —por suposto, da Xunta de Galicia, que é quen ten as máximas competencias na materia, pero tamén dos concellos e das deputacións—, así como das entidades sociais. Por iso lle falaba de que precisamente coa EAPN subscribimos o ano pasado a Axenda social e que estamos no proceso do seu desenvolvemento, con medidas moi importantes —porque vostede tamén me pre-

guntaba que medidas hai enriba da mesa—, como as medidas de apoio á renda, as medidas que teñen que ver co programa Proinfancia —que asinamos cos seis alcaldes e coa alcaldesa das sete grandes cidades de Galicia, que se está desenvolvendo xa neste momento—, as medidas que teñen que ver coa cobertura de medicamentos non financiados polo Sistema nacional de saúde en concorrencia cos concellos de Galicia, e tamén aquelas medidas que teñen que ver coa calidade de vida das condicións das persoas. Abrimos unha nova liña de convocatoria de subvencións aos concellos para a realización de intervencións técnicas especializadas dirixidas ás familias que participen en procesos de inclusión social e laboral con menores ao seu cargo.

Medidas dirixidas tamén á privación severa da enerxía. Con respecto a isto, dicirlle que para o que se vén en chamar a «pobreza enerxética» temos tamén os indicadores establecidos, que nos están indicando porcentaxes mellores que as que tivemos —como non podía ser tamén doutra maneira— no repunte da crise.

Axudas directas ás familias como as axudas por nacemento de fillos, tanto na renda como para aquelas persoas que non fan renda. En Galicia, 1.200 euros polo segundo fillo e 2.400 para as familias que teñen o terceiro ou máis fillos, a prestación económica por fillo a cargo, e os 100 euros mensuais durante o primeiro ano de nacemento dun fillo ou dunha filla para a adquisición de produtos básicos e necesidades perentorias.

A ampliación do número de prazas en escolas infantís, o que tamén nos parece algo importantísimo dende o punto de vista da conciliación, pero tamén dende o punto de vista da educación e, polo tanto, de fomentar oportunidades de futuro con independencia do nivel de renda das familias, que inclúen a exención de moitas destas familias de pagar absolutamente nada por levar os seus fillos ou levar as súas fillas a unha escola infantil.

O programa Promociona, que desenvolvemos noutro ámbito concreto, que é o do pobo xitano, que estamos desenvolvendo coa Fundación Secretariado Xitano, fomentando as mellores prácticas educativas e de combate do abandono escolar.

Os programas socioeducativos na rúa, como Espabila, que desenvolve tamén con entidades sociais a Dirección Xeral de Inclusión.

Estas son algunhas das liñas fundamentais, coincidentemente coa da vivenda, á que vos tede tamén aludiu e que, dende logo, é unha das medidas que temos recollidas na Axenda social, e para a que esperamos tamén maior coordinación, que é unha palabra tamén moi importante no ámbito da inclusión social, para —xa digo— entre todos evitar casos de necesidade.

Eu, de verdade, hai un punto no que difiro da súa intervención. E o punto no que difiro é que unha mellor situación económica nos leva a unha peor cifra de exclusión social. É verdade —e eu xa o teño manifestado neste Parlamento en numerosas ocasións— que a crise o que provocou foi un aumento da desigualdade. Pero a saída da crise o que está é reducindo os índices de pobreza e de exclusión social en Galicia. Esa tamén é unha realidade nestes momentos. O que temos é que poñer máis medidas enriba da mesa, como as que estamos po-

ñendo neste momento, para que ademais de que nos permita que máis persoas —como está indicando, xa digo, o último dato do INE que coñecemos— saian do risco de exclusión, máis persoas saian tamén da desigualdade provocada fundamentalmente pola crise.

Os datos, efectivamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...—xa remato— os datos de emprego indícanos outra cousa moi importante: que a maior emprego é verdade que hai unha menor tamén incidencia no risco de pobreza e de exclusión social. Polo tanto, nunha senda poderíamos dicir de crecemento económico, pero tamén de crecemento de emprego, estamos atopando que temos moitos máis fogares neste momento de persoas nos que polo menos algunha das persoas traballa. Porque na centralidade, no pico da crise, era un dato...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...excesivamente preocupante que estamos corrixindo neste momento.

Pola miña parte, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: A ver se consigo usar só os cinco minutos, porque contaba con esta interpelación para a tarde, por unha confusión.

Si, efectivamente, descenden lixeiramente as taxas de pobreza relativa. Pero é que a realidade material da sociedade galega é máis pobre, redúcese o umbral da pobreza, por iso ultimamente están reducíndose os niveis de pobreza relativa. Pero o certo é que dende o 2009, cando chegaron ao goberno, pasouse dunha taxa do 24,7 —utilizo os datos da Rede galega contra a pobreza— ao 27,9 actualmente; e o certo é que aumenta nos segmentos de poboación máis moza e na poboación infantil, o cal é dramático; e o certo é que en Galicia hai unha variable, que é que ten moita xente maior que ten menos risco de pobreza, a pesar de ter as pensións máis baixas do Estado.

E o risco de pobreza, ese risco de pobreza entre a xente moza, está directamente relacionado coa precariedade laboral. Falaba de que a máis emprego haberá menos pobreza, pero é que hoxe ter un emprego non garante saír da pobreza; temos aí o fenómeno da pobreza laboral que no noso país é alarmante. A nivel do conxunto do Estado —non teño aquí agora mesmo os datos— o 17 % da poboación con traballo é pobre, pero se miramos o conxunto da clase traballadora, a metade da clase traballadora pódese considerar que está na precariedade.

Ante ese panorama non só caben políticas paliativas, que é certo o que dixó: necesítase actuar en diversos planos. Nós faremos unha moción consecuencia desta interpelación con propostas neses diversos planos, porque é certo que a pobreza ten unha multiplicidade de visións. Pero, sobre todo, hai que actuar na súa prevención.

As políticas contra a pobreza da Xunta enmárcanse nesa Estratexia europea 2020. Temos que mirar o contexto xeral. Por un lado, a Unión Europea lanza esa estratexia europea co fin de reducir os niveis de risco de pobreza, mais é a mesma Unión Europea a que obriga, sobre todo aos estados do sur, a recortar durante estes anos de crise nas funcións destinadas á protección social, fronte ao rescate á banca privada, que ese si que non se recortou, o que provocou esa exclusión social de grandes capas de poboación. Así que a crise da Eurozona deulles a estocada final a políticas que xa viñan de antes, porque lembremos que viñamos dunha sociedade desigual e con altos niveis de pobreza.

Así, temos que a Unión Europea —permítanme dicilo, porque estivemos no Día de Europa— comete a inmoralidade de abandonar tanto a infancia, a súa infancia, como esoutra infancia das persoas refuxiadas que ten nas súas costas, e que onte mesmo nós sinalabamos que queremos acoller, porque no día de onte mesmo, o Día de Europa, lémbrolles que afogaron 250 persoas no Mediterráneo. Esa é a realidade da nosa Unión Europea.

En fin, que non coincidiremos, seguramente, no diagnóstico, porque non coincidimos —e témolo dito moitas veces—, pero seguramente nos podemos pór de acordo en medidas puntuais, que nós non as desdeñamos, porque aplicar medidas contra a pobreza incide directamente na mellora da situación das capas de poboación. Pero queremos enmarcar isto no contexto xeral, porque sen políticas que vaian á raíz da cuestión seguiremos tendo unha sociedade polarizada. Vimos ademais que isto ten consecuencias nas estruturas políticas. A nós acúsannos de ser..., ¿como dixerón? Dixéronlle a Antón, de ser «equidistantes» con Le Pen. Pois non, nós contra o fascismo, nin desdiabolizado —como se di agora—; eu tería mesmo combatido a Le Pen co voto. Si, pero o que non poden tampouco dicirnos é que non nos alarmemos, porque o que se votou en Francia afonda nesas políticas de exclusión social, que precisamente fan que medren estas supostas alternativas, que, ao final, tamén benefician os poderes financeiros. Así que Europa respirará tranquila. E os que respirarán tranquilos serán os grandes poderes.

Pois, iso si, coincidir en cuestións concretas, por exemplo, Risga. Xa sei que somos bastante cargantes os grupos da oposición preguntándolle cando vai publicar o decreto que regula a Lei de inclusión social. Pero é que o facemos porque leva tres anos sendo inminente esa publicación. E o caso é que regular os tramos de transición ao emprego, aumentar a contía da Risga, convertela nunha renda social que permita a integración, isto incidiría directamente na pobreza infantil, porque os datos do 2014 din que o 42,7 % das familias perceptoras de Risga teñen algún menor ao cargo. De feito, ter menores ao cargo nas familias é un factor de aumento da vulnerabilidade, de aumento de caer no risco de caer na pobreza.

Preguntámoslle por esa cuestión concreta, a ver se polo menos podemos sacar algo desta interpelación. Xa lle adianto que na moción será unha das cuestións que demandemos, e farémolo mentres esa publicación non sexa feita, e nós consideramos que debería ser en colaboración con todas as entidades que traballan en relación coa pobreza.

Nós cremos que estas transferencias sociais cando se aplican ben son eficaces; non son *paguitas* —creo que era a señora Paula Prado quen falaba de «*paguitas*» na radio—, non son *paguitas*, son transferencias sociais que son necesarias. E se non queren que teñan *paguitas*, entón apliquen políticas que non condenen á exclusión a maioría da poboación. E tampouco falen despectivamente das persoas que teñen que recorrer a axudas sociais porque non teñen emprego.

En fin, encontráronos en cuestións concretas. Unha máis que lle adianto é que tamén cremos que hai que contar coa opinión e participación da infancia. Non só son futuro, son suxeitos de dereitos, e seguramente que se lexislaran, lexislarían mellor ca nós, porque segundo Educo, cando se lle preguntou á mocidade por unha enquisa sobre as dificultades que tiñan en canto á alimentación, pois a resposta maioritaria de que farían dende os gobernos, se tiveran oportunidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VÁZQUE VERAO: ...de gobernar, é que todo o mundo teña algo para comer. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como dixen na miña intervención anterior, a taxa AROPE das persoas entre os 0 e 16 anos na nosa comunidade é seis puntos menos que no conxunto de España; é que Galicia tamén mostra uns datos máis positivos que o conxunto de España na evolución da mesma.

Como dixen tamén anteriormente, nós cremos nas medidas de carácter social. Cremos nas medidas de carácter social e consideramos a través de dous datos que esas medidas de carácter social que o Goberno de Galicia puxo en marcha coa creación da Consellería de Política Social están a dar efectos positivos en relación con outras actuacións que teñen que ver co ámbito fundamentalmente económico e de xeración de emprego. E eses efectos estanse a empezar a ver. Eu repítolle un indicador que nos parece moi importante, que foi e que esperamos que se consolide, por suposto, pero verémolo no tempo, que é o indicador da enquisa de condicións da vida do Instituto Nacional de Estatística, que coloca a nosa porcentaxe, a nosa taxa no 19 %, cunha baixada, e ademais con tres puntos menos que o conxunto de España.

Outro dato —porque falou da Risga na súa intervención— que tamén nos parece moi importante é que dos avances que manexamos na Consellería, estamos vendo tamén por primeira vez, igual que este indicador do INE por primeira vez presenta un indicador favorable, que as solicitudes da Risga tamén están descendendo levemente, pero están descendendo despois de anos de aumentos moi considerables.

Polo tanto, xa digo que nós cremos perfectamente nas medidas sociais que estamos implementando dende o Goberno e que ademais cremos que, asociadas á recuperación económica, esas medidas sociais van presentar uns bos resultados no futuro.

Falábame de medidas, falábame das medidas de apoio á renda. Pois ben sabe que as medidas de apoio á renda en Galicia están blindadas a través da Risga, 58 millóns de euros de crédito nesta anualidade. Sabe que é unha partida ampliable, que se incrementa cada vez que é necesario, precisamente para que ningunha persoa que estea nesa situación teña que atoparse con limitacións orzamentarias da Administración pública. E así o estamos a facer e así o imos seguir facendo cada vez que sexa necesario.

Imos esperar tamén, na parte da coordinación das políticas sociais, a evolución das rendas que se teñen anunciadas por parte dos concellos, porque nos parece que pode ser un complemento moi importante. Pero, de verdade, é que ata este momento é tan insignificativo ese apoio á renda que non nos permite facer unha política máis coordinada no ámbito de Galicia. O que desexamos, por suposto, é que canto máis poidamos contribuír todos a esas rendas mínimas, maiores repercusións terá para a sociedade galega.

Como me preguntaba outra vez sobre o desenvolvemento do decreto, dicirlle que estamos traballando nel. Faláballe tamén dunha parte moi importante dese desenvolvemento do decreto, que é o diálogo co resto de administracións e co resto das entidades. Estamos en disposición xa de afrontalo. E reiterar o compromiso neste Parlamento de que este ano poderemos presentalo. Precisamente porque introduce dende o punto de vista da Consellería de Política Social dous tramos moi importantes que abundan na finalidade que ten esta mesma interpelación: que non haxa unha cronificación da situación de necesidade. Afondan precisamente en que haxa persoas que neste momento están na Risga e que poidan pasar da Risga á transición ao emprego, que creo que é o que todos desexamos.

En materia de vivenda, creo que a unión das diferentes administracións —é como a da renda— podería facer moito máis. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda, ten o bono social con 200 euros, e eu espero a mesma corresponsabilidade por parte das cidades con outros 200 euros. Así, eliminaríanse as dificultades que existen en moitos casos para acceder aos alugueiros. Sabe vostede que hai un complemento na Risga ademais que é para alugueiros, o que nos permitiría un xogo máis xeneralizado.

Ou o que ten que ver cos medicamentos, que tamén nos parece algo moi importante. Temos deseñada unha orde e esperamos tamén unha maior implicación por parte doutras administracións.

E o mesmo coa nova regulación enerxética do bono social que se está desenvolvendo por parte do Estado e por parte da Comunidade Autónoma.

En definitiva, temos moitas medidas enriba da mesa, moitas están nesa axenda que subscibimos e que estamos a desenvolver, e o importante é ser capaces, como o estamos a facer dende Galicia, de liderar moitas medidas novidosas dende o ámbito da recuperación económica e tamén dende o ámbito da recuperación social, porque ese creo que é un reto favorable para o futuro dos galegos e das galegas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego para promover o uso da lingua galega entre a mocidade

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día de novo a todas e bo día e benvido de novo, conselleiro, a esta Cámara.

Hoxe preguntámoslle polo anunciado Plan de normalización de usos da lingua galega que o Goberno da Xunta está a preparar para a mocidade; isto dixéronnolo ademais coincidindo co Día Internacional da Lingua Inicial. Preguntámoslle porque a realidade do noso país evidencia que cada vez máis mocidade é educada só en castelán, estuda só en castelán, traballa só en castelán, namora só en castelán, só le literatura en castelán e vai ao cinema co gallo da Festa da Sétima Arte —por certo, esta semana— e só pode ver filmes en castelán. Aproveiten hoxe porque é o último día para conseguir as entradas a prezo reducido, a partir de mañá volve o 21 % do IVE e os prezos privativos. (*Aplausos.*)

«¿Como pode ser que no ano 2017 non poidamos ver nin un só filme de estrea dobrado ao noso idioma? ¿Como pode ser que no ano 2017 estea prohibido que o alumnado poidamos recibir Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía en galego? ¿Como pode ser que no ano 2017 non haxa nin unha soa autoescola que nos ensine o manual de conducir en galego? ¿Como pode ser que no ano 2017 haxa carreiras universitarias na Galiza nas cales non se chega nin ao 3 % do ensino no idioma propio —e estes son datos do Servizo de Normalización Lingüística da USC? ¿Como pode ser que no ano 2017 non haxa nin un 0,1 % de música en galego en calquera das radios que ouvimos a xente nova?». Isto é o que se pregunta o estudantado do CPI Alfonso VII de Caldas de Reis no manifesto elaborado co gallo do Correlingua 2017, que —como sabe— anda polas vilas e cidades do noso país.

Con feitos así non sorprenden tanto os datos. Vexamos:

Tres de cada catro persoas entre 5 e 14 anos son castelanfalantes, da mesma maneira que seis de cada dez entre os 15 e 29 anos. Son datos do IGE, datos da Enquisa sobre o uso e coñecemento do galego publicada en 2013.

Monolingües en galego nas cidades apenas se declara o 12 % da mocidade, ou o que é mesmo: falantes parciais ou totais en español nas cidades de Ferrol e Vigo superan o 80 %; na Coruña ou Pontevedra máis do 75 %; e nas vilas entre 20.000 e 50.000 habitantes, Vilagarcía de Arousa ou Narón, por exemplo, o proceso de substitución lingüística, é dicir, o troco do galego ao español, agudizouse enormemente, pasando a porcentaxe de castelanfalantes entre a mocidade do 44 % ao 55 % en só dez anos, máis da metade nunha década.

Na súa quenda de intervención —e non é que eu sexa Nostradamus, é que xa nos imos coñecendo todas—, vostede subirá aquí e repetirá esa idea, ese mantra de que temos a xeración máis preparada da historia e con maiores competencias en lingua galega tanto orais como escritas. Tampouco —cremos nós— é como para chamar o fogueteiro se temos en conta que o galego se ensina na escola desde hai só trinta e catro anos. Antes de 1983 estaba de facto non excluída, prohibida. *Hable usted español, no sea bárbaro, ¿lembra?*

Malia iso, rexistramos a cifra de falantes máis baixa da serie histórica; sitúase no 31 % a cifra de persoas que falan habitualmente en galego. ¿Sabem cantas eran no ano 2003? O 43 %. Perdemos doce puntos de falantes en dez anos no conxunto do país, independentemente da idade.

E non é que morra xente que falaba galego, é que hai quen mudou de lingua nos últimos anos. E o máis preocupante desde o noso punto de vista: as crianzas e adolescentes do noso país directamente ven o galego como unha lingua allea, á que lle atribúen unha forte carga de prexuízos e estereotipos; algúns, por certo, que veñen de vello. Voulles ler algo, que é o que pensa unha rapaza de 17-18 anos, estudante de 2º de bacharelato e natural de Vigo sobre o idioma do seu país: «*Cuando pienso en el gallego*» —é monolingüe en castelán— «*lo asocio a personas de tercera edad más que a adolescentes, y cuando lo escucho suele ser muy cerrado. Entonces, como que es algo propio de una determinada zona y el castellano es más para las ciudades*». Esta valoración está extraída do Informe sobre prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade de Galiza realizado polo Consello da Cultura.

E hai máis: a mocidade percibe o idioma galego como vello, pouco ou nada útil, rural, non válido para estudar os Urais ou o Texo, e mesmo como algo imposto e alleo, sobre o que non existen obrigas, pois estas son atribuídas única e exclusivamente ao español.

Ben é certo que o marco xurídico saído da Constitución española de 1978 así o impón. Lembrarán vostedes mellor ca min —única e exclusivamente por unha razón de idade— que o deber de coñecer a lingua galega recollido no artigo 1 da Lei de normalización lingüística foi declarado ilegal polo Tribunal Constitucional español en 1986, porque o Estado español nesa transición reservou para si propio e a súa lingua ese feito. É dicir, as persoas aquí presentes podemos non saber falar ou non saber escribir en galego, mais iría en contra da lei non coñecermos a lingua de Castela.

Ese é o problema de raíz e a razón pola que é legal a política lingüicida da Xunta. Por exemplo, un decreto como o Decreto 79/2010 está no groso blindado pola Constitución española, porque esa Constitución impón o español como única lingua do Estado. E aí está a sentenza tamén que derroga, por exemplo, a Ordenanza de uso do galego no Concello de Lugo, denunciada por un grupúsculo amigo do Partido Popular que eu non mencionarei nesta Cámara e tombada en parte polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Tombada apelando de novo á sacrosanta Constitución porque —e cito literalmente a propia sentenza—: «Ao silenciar a referencia ao castelán, dan a entender que este non é un idioma oficial». Non atoparán nin unha soa sentenza á inversa, porque é mentira o que dicía o presidente da Xunta esta mañá. Isto non é o mesmo ao revés.

Con este marco legal que non nos estrañe o panorama. Diante da realidade sociolingüística galega, e nomeadamente da situación que vive a nosa lingua entre a xente moza —por certo,

presente e futuro deste país—, preguntamos polo plan de normalización que din estar a deseñar, porque é certamente algo novidoso, si. E é novidoso porque levan vostedes gobernando desde o ano 2009 este país e non desenvolveron en oito anos nin unha soa política pública integral dirixida a normalizar os usos do galego.

O que si podemos ver foi publicidade institucional da Xunta durante estes anos con grallas, ¿lembran? «Mulleres paires de Galicia», que estaría ben como xogo de palabras en español, pero aquí na Galiza o que hai son alicerces ou bases. Aquela campaña de promoción do produtos mariñeiros: «Cómete o mar»; debía ser que unha onda cada vez que colliamos o mexillón nos atrapaba, ¿non? E aquela que doe máis aos ollos porque hai que vela todos os días pola mañá, que é esta: «Leite cen por cen galega». Sería absolutamente impensábel, absolutamente impensábel e inadmisíbel atopar un agravio non, unha agresión lingüística desta envergadura nunha campaña do Ministerio español de Agricultura e que non fose retirada ao día seguinte. Pero, total, en galego, ¿que máis dará?, supoño que pensaría algunha cabeza privilexiada en San Caetano.

Nestes anos mantiveron vostedes algunha que outra iniciativa puntual dirixida á comunidade escolar e un programa de impulso ao que se referiu o señor Feijóo pola mañá da lingua galega no tecido empresarial, aprobado hai dous anos nesta Cámara, mais do que non se implementaron boa parte das accións planificadas para o pasado ano 2016, incluíndo entre elas, por exemplo, a apertura dunha páxina web para coller os recursos necesarios para que o tecido empresarial galego aposte pola lingua propia do seu país. Sen ferramentas, sen espazos de uso, sen impulso público, non facemos nada.

Afanáronse, iso si, nestes oito anos por desprestixiar o idioma minorizado asegurando que tentara imporse e afastando co seu discurso a sociedade deste país, nomeadamente a castelanfalante, de sentir como propia a súa lingua. E as consecuencias fanse notar, claro. A transmisión interxeracional sitúase como unha das principais causas de desgaleguización. As escolas infantís son territorio comanche directamente. Practicamente non hai nin unha soa nas sete cidades que eduque as crianzas en galego; mesmo as familias que deciden criar con apego á lingua galega as súas crianzas ven como se substitúe progresivamente polo español ao ingresar na gardería. E logo, claro: 45 % de crianzas cuxa lingua inicial é o español, fronte ao 12 % nos que a lingua inicial é o galego.

De aí o noso interese por coñecer en que consistirá o plan. Primeiro, pola incerteza arredor de quen o está a elaborar, alén supoñemos dos equipos técnicos da Secretaría Xeral de Política Lingüística. ¿Que medidas o integrarán ou que liña discursiva seguirán vostedes despois de dicirlle durante anos á mocidade do noso país que traballar na defensa do idioma e procurar a súa presenza en todos os espazos, a comezar polo ensino, era unha imposición?

Porque, señorías, quen rachou co consenso, con ese famoso consenso, quen dividiu a sociedade e usou a lingua como arma electoralista foron vostedes no ano 2009 detrás daquela pancarta. Agora a ver como emendan as consecuencias que trouxo a súa política e o seu discurso.

Agardamos ansiosas a súa resposta, conselleiro.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi bo día, señor presidente.

Señorías.

Señora Rodil, eu teño as miñas sinceras dúbidas de que ese discurso tan derrotista, tan catastrofista, esa colección constante de mensaxes negativas sobre o galego lle faga ben ao galego e que contribúa a pór en valor o galego. Iso é algo que vostedes como formación nacionalista o levan repetindo constantemente; sen dúbida —eu, obviamente, respéctoo—, sempre prestan atención ao tema lingüístico, é lexítimo. Pero permítame que lle diga, dende a lexitimidade democrática que nos dá o apoio dos cidadáns galegos, que deberían deixar a tentación de atribuírse os únicos méritos na defensa do idioma galego.

Dá a sensación de que tamén en moitas ocasións estas liñas de traballo, estas iniciativas, a iniciativa que acaba de plantexar vostede hoxe, pois pouco máis pasa que ser un ritual para o nacionalismo, e que cada ano vemos. É dicir, o ritual que vostedes plantexan é normalmente, na primeira ou na segunda semana de maio, na semana anterior, no pleno anterior ás Letras Galegas, lanzar á cidadanía unha mensaxe absolutamente pesimista, catastrofista... É algo que o levan facendo todos os anos. Este ano foi unha interpelación, o ano pasado tivemos outra interpelación, no anterior foi unha PNL, e así podíamos seguir. Dá a sensación de que o que máis lles interesa a vostedes é axitar as bandeiras e facer causa política da lingua galega para reafirmar as súas posicións ideolóxicas —absolutamente respectables—, e pensando sobre todo na súa reivindicación na manifestación do 17 de maio.

E obviamente, respectando as diferenzas ideolóxicas, que existen, e son boas, creo que todos poderemos compartir —e estou seguro de que niso ata nos poderemos poñer de acordo con vostedes— en que a lingua galega é de todos e de todas, é de todos os cidadáns, sobre todo daqueles que a falamos en absoluta liberdade. A lingua, non cabe a menor dúbida, é un tesouro colectivo, é o maior tesouro cultural que temos, e debemos construír espazos de afecto e espazos de utilidade.

E vostede, señora Rodil, dixo que non valía o galego para namorar. Dixo que non se debía namorar en galego. Eu voulle facer unha invitación. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non a namorar con vostede, señora Rodil, senón que lle vou facer unha invitación. Este sábado vanse entregar uns premios dun concurso que é «Lingua de namorar». Eu invítoa a que vexa como aí hai moitos xoves que fan un traballo moi bo para facer mensaxes na lingua de namorar, para moitos xoves, que é o galego. Por iso invítoa a que veña este sábado á entrega destes premios e poderá ver como a súa visión tan catastrofista pois seguramente non se corresponde coa realidade.

En todo caso, señorías, nós no que traballamos e apostamos é por lograr un consenso na cidadanía —iso é o punto máis importante— e por buscar puntos de encontro e afondar en

reflexións construtivas. Temos que convencer e impulsar o uso do galego. E non debemos centrarnos só no negativo, porque a súa mensaxe foi destacar só aqueles puntos negativos que pode ter o uso dunha lingua, e creo que ese non é o camiño.

Debemos ter unha certa perspectiva histórica. Se miramos cara a atrás tres ou catro décadas e vemos o papel que tiña o galego, e vemos o papel que ten hoxe o galego, realmente non hai color. Hoxe o galego está normalizado en practicamente todos os ámbitos da vida social deste país (*Murmurios.*), practicamente en todos os ámbitos. Obviamente, hai que seguir traballando. E este goberno é o primeiro que coñece aquelas carencias que existen, e está traballando para dalgún xeito reducir estas carencias.

Hai un dato que vostedes coñecen pero ao que non lle dan ningunha importancia, que é fundamental, e erran no diagnóstico, absolutamente: o galego como lingua cooficial do Estado é a lingua que ten un maior nivel de competencias e de coñecemento por parte dos xoves. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Creo que non, señoría, creo que o latín non, creo que ningún galego sabe falar latín, unha porcentaxe moi pequena. E todos os galegos sabemos falar galego, ¡todos os galegos sabemos falar galego! (*Aplausos.*), e falámolo en absoluta liberdade cando queremos.

E mire: o que hai agora son falantes, se se quere, que usan as dúas linguas con normalidade en diferentes ámbitos, con absoluta normalidade. E nós somos os primeiros que somos conscientes de que hai un sector da sociedade onde é necesario potenciar o uso do galego; fixémoslo hai uns anos co Plan socioeconómico e estámolo a facer agora co plan para promocionar o uso do galego entre a mocidade. Puxemos en marcha un plan no que estamos traballando.

Pero voulle dicir unha cuestión que creo que é importante: este plan estámolo facendo xunto coa Dirección Xeral de Xuventude, e estamos traballando para potencialo, buscar espazos afectivos e buscar espazos de consenso social e político. Porque datos que nós estamos tamén recollendo dinnos que a mocidade non percibe nin quere que haxa conflito lingüístico ningún, salvo nun extremo e salvo noutro extremo. A inmensa maioría da mocidade non entende de conflitos lingüísticos. Tampouco a mocidade entende que haxa bos mozos ou malos mozos se usan unha lingua ou outra. ¿Por que? Porque calquera xoven galego ten un coñecemento pleno, domina plenamente, tanto a nivel oral como a nivel escrito, a lingua galega. E o que temos que facer é potenciar que se use.

E son realmente —eu diría, señora Rodil— un pouco inxustas ou pouco razoables as súas críticas de que levamos tempo falando e non fixemos nada. Eu entendo que vostede non o coñeza, pero un plan non se fai en dous días; entenderá que un plan de certo calado non se fai en dous días.

Vostedes levan tamén moito tempo debuxando, lanzándolle á sociedade unha mensaxe practicamente apocalíptica: a morte do galego. E non é certo. A lingua galega está moi viva, porque hai centos de miles, de millóns de galegos que a falamos, en absoluta liberdade. E iso é algo que vostede nin ninguén o pode negar. ¿Por que? Porque a usamos, porque entendemos que é útil para as relacións persoais, as relacións familiares. E usamos cada vez máis as dúas linguas, e iso non é nada malo.

En todo caso, si entendemos que é necesario actuar naqueles espazos onde é necesario potenciar o uso do galego. ¿En que espazos se moven os xoves? Nas redes sociais, por exemplo, hai que traballar nese ámbito; no deporte, temos que traballar nese ámbito. É dicir, temos que traballar naqueles ámbitos que favorezan o uso do galego, porque o coñecemento está garantido polo sistema educativo. E iso non se pode negar, porque negalo é faltar absolutamente á realidade e á verdade.

Como xa dixen, temos o nivel de competencias máis alto. Vou dar os datos exactos: entenden a lingua propia o 98 %, sábena falar o 97 %, saben ler o 97,4 %, saben escribir o 83,3 %. É importante poñer datos sobre a mesa.

Vostede dixo aquí que se están perdendo falantes novos, pois eu direille que o período no que máis falantes novos se perdeu foi do ano 2003 ao ano 2008, curiosamente unha porcentaxe significativa de anos gobernados por unha forza política que vostede mais eu coñecemos perfectamente. Houbo doce puntos de baixada nese período. Esa dinámica de caída reduciuse absolutamente.

Vostede di tamén que o sistema educativo expulsa os galegofalantes. Voulle vou dar outro dato: no 2008 había un 23 % de estudantes de rapaces entre 5 e 9 anos que sabían falar pouco ou nada en galego; no 2013 —cinco anos despois— cando eses chavales teñen entre 10 e 14 anos a porcentaxe baixa dun 23 % a un 11 %. Iso quere dicir que o sistema educativo o está favorecendo ou que está favorecendo que aqueles nenos, aqueles rapaces que non falaban nada ou falaban pouco se vaian reducindo progresivamente. Polo tanto, ese diagnóstico catastrofista, que se basea nunha percepción individual e política, non se corresponde moito menos coa realidade.

En todo caso —xa remato—, sobran discursos catastrofistas, sobran porque esa linguaxe catastrofista que vostedes utilizan lle fai mal. Nós partimos da base absoluta de que o galego é útil para a sociedade, debemos profundar no seu uso. Por suposto, o galego non forma parte de ningunha autoidentificación política, en ningún momento. (*Murmurios.*) Hai xoves que poden falar galego e non son do BNG seguramente, e ao mellor incluso hai algún xoven que fala castelán e que os vota a vostedes. ¡Mire por onde! Co cal non hai unha autoidentificación política entre o uso dunha lingua e unha formación política.

En todo caso —como xa dixen—, nós estamos traballando sempre en positivo, dende o convencemento de que o que debemos potenciar é a creación de espazos afectivos para que a mocidade en absoluta liberdade e con coñecemento pleno fale galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu nunca pensei que chegaría a sentir pena do señor Fraga, nunca, e creo que xa debe ser a segunda vez. Creo que no tempo que levamos nesta Cámara

citei a Fraga e a autoidentificación de Fraga, escrito naquel libro que eu convido a todas as deputadas e deputados a que o lean, e até en dúas ocasións. Vexo que discrepan vostedes da liña histórica do seu partido. ¡Para que logo digan que aquilo é unha balsa de aceite! (*Aplausos.*) Pois non sei, non sei... Eu lembro ben as lecturas daquela obra do señor Fraga. E xa llo dixen ademais coincidindo coa súa comparecencia na Comisión 4ª con motivo dos orzamentos: eu nunca pensei na miña vida que viría alguén detrás que fixera nalgúns aspectos bo ese señor.

Imos por partes: discurso derrotista, alarmista, non, todos... As oportunidades que teñen vostedes de botar sapos e cobras pola boca acusándonos a nós de alarmistas. Pois os datos que eu trouxen aquí, as análises dos datos que eu trouxen e expuxen aquí foron elaboradas polo cadro de persoal do Instituto Galego de Estatística. E nós desde aquí, desde o BNG queremos amosar o noso máis firme apoio ao cadro de persoal do Instituto Galego de Estatística, que a pesar de que rache a burbulla do *mundo de Yupi* e da *piruleta* do Partido Popular demasiadas veces, pois fan o seu traballo con absoluta independencia técnica e pónennos enriba da mesa unha realidade da que poderemos gustar máis —a min xa me gustaría de verdade que fose outra—, poderemos gustar menos, pero é a que hai, jé a que hai!

Tamén é certo, e teño que dicilo, que xa non lle sorprende a ninguén —creo— nesta parte da bancada pois que vostedes veñan aquí con ese discurso agresivo de que somos derrotistas, alarmistas, que xeramos conflito, que nos apropiamos da lingua, porque dicía Isaac Asimov que «quen é predicible é imperfecto». Como non ten argumentos, xa directamente vostede optou por inventarse a miña intervención, sacar as conclusións que na súa cabeza lle pareceron máis convenientes para fiar o seu discurso, e non quixo ou non puido entender o que dixen, que tamén é unha opción.

Mente vostede cando di directamente que en épocas pasadas —eu non vou equiparar o seu Goberno, non o vou facer eu, fíxoo vostede coa ditadura franquista—..., pero non é verdade que fale máis xente hoxe galego que hai corenta anos. Iso non é verdade. E aí coincidimos até o secretario xeral de Política Lingüística e o Bloque Nacionalista Galego. En boa medida, porque vivimos un proceso de muda demográfica enorme, pois perdeuse moitísima poboación naqueles espazos que son historicamente galegofalantes, como son as vilas intermedias e, sobre todo, as aldeas e as comarcas do rural e da montaña do noso país. E diante dese proceso de urbanización da propia poboación progresivamente tamén se foi asimilando unha cultura máis castelanizada no que ten que ver sobre todo co idioma. Entón, eu pídlle que non minta e que non falte á verdade, polo menos, aquí nesta tribuna.

A verdade é que se as cousas están tan ben e quen pinta o catastrofismo e esta realidade case que de marchar correndo atacadas polo pánico é o BNG, eu non entendo porque fan vostedes un Plan de normalización lingüística para usos entre a mocidade e, sobre todo, por que razón foi vostede a unha escola infantil o Día Internacional da Lingua Inicial para anunciar que o estaban facendo. Se xa se estaba facendo antes, ¿por que non se dixo na pasada lexislatura? E se as cousas non están tan mal entre as crianzas do noso país, ¿por que se escolleu ese día? Quizais sexa porque sabiamos perfectamente que os medios de comunicación unha das cuestións que ían referenciar precisamente no Día Internacional da Lingua Inicial era que cada vez unha porcentaxe máis pequena de crianzas no noso país ten como lingua inicial a

lingua propia. E non é ser catastrofista, é querer ver a realidade e, sobre todo, actuar sobre ela para cambiala.

Falaba vostede de que a perda porcentual de falantes se correspondía cos anos 2003 e 2008. E é verdade, aplicáronse medidas bastante interesantes, desde o noso punto de vista, precisamente para paliar esa situación, como foi a creación dunha rede de escolas infantís públicas dependentes da Xunta de Galiza que educaban con apego á lingua do seu país as crianzas. Non foi o BNG quen saíu coa faixa ás rúas de Compostela o 8 de febreiro do ano 2009, e o señor Alfonso Rueda naquela altura cunha banda de fanáticos como eran os de Galicia Bilingüe, (*Aplausos.*) e que logo motivou, por promesas electorais naquel momento, a aparición do fatídico Decreto do plurilingüismo. No último parágrafo ademais —e xa remato— explican vostedes que nace precisamente coa intención de rachar cunha pretendida imposición da lingua galega. A min de verdade que baixe aquí non sei se Castelao, se Rosalía, e explicarme se neste país impoñen a lingua galega.

De verdade, pedímoslle se pode, porque eran as preguntas que lle foron formuladas tamén na interpelación por escrito, explicarnos algo máis, que non o que xa sabemos, do Plan de normalización de usos da lingua galega entre a mocidade. Iso xa nolo dixo o presidente pola mañá, a ver se poden innovar algo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Rolda de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Bueno, señora Rodil, mire vostede como erran vostedes no BNG. ¡Canto criticou o BNG a Fraga! (*Murmurios.*) Agora danse conta de que co paso do tempo pois tiña unha boa política. (*Aplausos.*) Estou seguro que dentro duns anos, se segue existindo o Bloque, tamén dirán: non, aquel Goberno de Feijóo tamén era bo. (*Murmurios.*) Porque cando vostedes rectifican acertan, aínda que lles custe traballo facelo. E dentro de vinte anos falarán ben de nós, falarán mal ou ben deste conselleiro ou doutros conselleiros, incluso do presidente Feijóo, porque creo que é unha boa liña a seguir, e eu ánimoa a que o faga.

En todo caso, señora Rodil, vostede fala do IGE. É que os datos que eu expuxen aquí tamén son do IGE, ¡eh!, todos. Algúns membros da súa bancada negáronos. Os datos que nós expuxemos aquí son do IGE, exactamente igual que os que vostede plantexa.

E, ¡home!, ¿non me comparará vostede, máis alá do uso individual que faga cada individuo, que a situación do galego como lingua, o prestixio, a representatividade non mudou nas últimas tres ou catro décadas? Non mo diga, porque se me di iso, eu creo que é escusado que sigamos falando. Se vostede é capaz de asimilar e dicir que o galego nas últimas tres ou catro décadas non ten un maior protagonismo social en todos os ámbitos: no educativo, no universitario, nos medios de comunicación, no cultural, en todos, pois, realmente, se falamos así pouco oiremos, ¿non?

E despois, mire, eu non son quen e non quero defender ninguén, porque tampouco comparto plenamente os seus postulados, nin moito menos, pero chamar a unha asociación ou a un

colectivo que non comparte con vostede «banda de fanáticos», eu realmente non o faría. (*Murmurios.*) Porque outros poden dicir o mesmo por vostedes. E iso non é bo. Porque entre este extremo onde hai o que vostede di unha «banda de fanáticos» e estoutro extremo onde hai outra banda de fanáticos, un que di unha cousa e outro que di outra, a inmensa sociedade está no medio, e nós debemos aspirar a representar esa inmensa sociedade. (*Aplausos.*) Creo que iso o debería vostede ter en conta.

E eu podía darlle algúns datos máis sacados do IGE, para que vostede os cuestione e os critique, pero vostede pregúntanos exactamente como está o plan. E eu voulle dicir como está o plan, para que vostede non diga que non se está facendo nada, porque realmente por escrito é tamén o que nos di:

Mire, respecto ao enfoque, xa o dixen: hai unha colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, obviamente. É un plan integral de diferentes departamentos da Administración autonómica, pero é tamén un plan participativo, onde imos ter un proceso de participación fundamentalmente coas institucións máis senlleiras deste país: a RAG, o Consello da Cultura Galega e outras organizacións vencelladas á mocidade, á cultura, ao voluntariado, é dicir, co tecido asociativo; vai haber un proceso participativo.

Alcance. Digamos que o público obxectivo —por dicilo en termos de planificación— é a poboación, son os xoves entre 14 e 35 anos.

A necesidade. Entendemos que si que hai necesidade, que é necesario facelo. Xa o dicimos nós: foi o Goberno quen lanzou a idea e a necesidade de facer este plan. ¿Por que? Porque hai que xerar actitudes positivas cara á lingua galega nestes ámbitos demográficos, pensando fundamentalmente nos espazos nos cales se moven: deporte, redes sociais, afectivos —e reitérolle a miña invitación para este sábado— e tamén no ámbito dos neofalantes.

Obxectivo: implicación dos diferentes sectores da sociedade: escola, universidade, tecido económico, familia, medios de comunicación. Obviamente, estratexia dirixida á xente nova e tamén dirixida aos neofalantes, que é digamos que unha porcentaxe de poboación moi importante para potenciar tamén o galego aí.

Fases, que creo que é o que a vostede lle preocupa: fases. Mire, un plan xa lle dixen na anterior intervención que non se fai en dous días, un plan serio. Hai varias fases que son as seguintes: primeiro, créase unha comisión técnica de apoio ao desenvolvemento do plan —esta comisión técnica está elaborando unha versión inicial do plan, un documento base para traballar sobre el—; a posteriori, vanse recoller as achegas que fan as entidades que colaboran no proceso; posteriormente, haberá unha comisión participativa coas entidades vencelladas coa mocidade, analizaranse as achegas e incorporaranse ao plan; posteriormente, haberá unha redacción cunha versión consolidada do plan, abrirase a porta á participación dos grupos parlamentarios, validarase o plan, redactarase a versión definitiva e aprobarase o plan.

E eu o que digo —e xa para rematar, señorías— é que nos gustaría sinceramente que fosen capaces de pensar que o galego non é un símbolo do Bloque ou un símbolo dos nacionalistas,

o galego é absolutamente de todos os galegos, que deciden, que decidimos falalo en liberdade, e sempre entendendo que o galego é unha riqueza cultural e que é de todos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis e trinta.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión co punto 8 da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto do actual marco legal e o sistema de financiamento local

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Xosé Luís Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira. *(Pausa.)*

Déanlle voz ao escano do señor Bará. ¿Non está? Agora si.

O señor BARÁ TORRES: Si.

Moi boa tarde. Moi boa tarde, señor vicepresidente.

Señor Rueda, queremos formularlle unhas preguntas sobre o funcionamento das entidades locais, sobre o modelo de financiamento claramente prexudicial para os concellos galegos.

É sabido que o BNG defende outro sistema de financiamento autonómico e tamén para as entidades locais. Un sistema de concerto que permitiría achegar 3.500 millóns de euros máis, é dicir, máis recursos para a Xunta e para os concellos, e, polo tanto, tamén mellores servizos.

En tanto non teñamos ese novo sistema máis beneficioso, urxe cambiar o modelo actual de financiamento local, que como todo o mundo di —tamén claramente de forma unánime a Fegamp— é un sistema discriminatorio e inxusto. Polo tanto, a Fegamp tomou un acordo para pedir un cambio deste modelo. Un modelo que prima a poboación, que favorece os concellos de máis de 500.000 habitantes e que fai que Galiza, que ten o 6,25 % da poboación das comunidades de réxime común, reciba o 5 % dos fondos e que Galiza perdesse ao longo de dez anos 1.400 millóns de euros, diñeiro de menos que recibiron os concellos galegos e, polo tanto, menos posibilidades de financiamento.

Galiza ten unha realidade territorial, xeográfica e poboacional diferente do resto do Estado. Temos 30.340 núcleos de poboación dos 31.707 de todo o Estado. Polo tanto, necesidades extraordinarias e diferentes de financiamento; só na rede viaria contamos con 41.000 qui-

lómetros de estradas de titularidade municipal e provincial. Polo tanto, defendemos a necesidade doutros criterios á hora de distribuír os fondos; ademais da poboación, que se teñan en conta os núcleos de poboación ou o avellentamento da poboación.

E ademais de números temos que falar tamén de normas, porque pensamos que hai que cambiar tamén o marco legal, que afoga, que aferrolla os concellos, e que ten que ver coa modificación da Constitución do ano 2010 e tamén da Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local do ano 2013. E tamén que hai que clarificar as competencias asumindo a Xunta os custos daquelas competencias que son claramente de competencia autonómica.

Polo tanto, tendo en conta todos estes argumentos, querémoslle formular unhas preguntas moi concretas. Estas son: ¿como valora o Goberno galego este sistema de financiamento local vixente, que é claramente discriminatorio e inxusto?, ¿como valora este marco legal que a Fegamp tamén está pedindo que se cambie? e ¿que vai facer o Goberno galego para cambiar este sistema? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, pois estamos de acordo, nós tamén queremos cambiar o sistema de financiamento local. E ademais eu entendo que a pregunta que me fai se refire —está claro— ao sistema de distribución dos fondos estatais, polo menos na súa gran parte. Despois falaba tamén dos recursos autonómicos respecto da redistribución de competencias.

Por contestarlle á primeira parte, no sistema de financiamento local dende un punto de vista estatal, estamos de acordo. Este prima a poboación moito máis do que lle conviría a Galicia. Nós temos un problema de poboación, sobre todo de grandes concellos —entendendo como grandes concellos os concellos de máis de 500.000 habitantes—, a pesar de que é certo que seis das sete cidades galegas están no primeiro grupo. Pero é certo que tamén nese salto de 500.000 habitantes prima moito os que superan esa cifra, e non temos ningunha cidade —e nin visos de tela, dende logo— nese límite. Polo tanto, nós queremos que prime menos a poboación e que, en cambio, se teña máis en conta o que levamos moitísimo tempo reclamando, efectivamente a Fegamp —pero esta Fegamp, a anterior, a anterior, a anterior, e seguro que todas—, porque temos máis da cuarta parte dos núcleos de poboación de todo o Estado e, sen embargo, o encarecemento de servizos que iso supón non se ve reflectido nunha participación nos tributos do Estado. Polo tanto, queremos que cambie, que iso está claro, a Xunta de Galicia véno pedindo hai moitísimo tempo.

E hai pouco —e eu voulle dar lectura, vostede coñécea xa— aprobouse aquí na Comisión 3ª, pero é que xa se falou moitas veces disto e houbo moitos acordos unánimes, afortunadamente, porque creo que isto ten pouca discusión. O último acordo foi que «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir do Goberno central» —e, dende logo, así o fixemos

inmediatamente— «a inclusión do avellentamento e a dispersión poboacional dentro dos criterios que determinan a repartición de fondos en concepto de participación dos concellos galegos nos ingresos do Estado, para rematar co grave desfasamento existente entre os ingresos dos concellos galegos respecto da porcentaxe que representa a poboación galega dentro do Estado español.»

Exactamente o que vostede plantexa na pregunta é exactamente o que sempre estivemos reclamando, dende a Fegamp, dende o Goberno da Xunta de Galicia —este e os anteriores—. E mentres non se cambie, supoño que o que seguirá reclamando a Fegamp é o que seguirán reclamando todos os gobernos da Xunta de Galicia, porque nos interesa moitísimo a todos. Cústanos moito máis prestar determinados servizos aquí en Galicia por ese feito, efectivamente, pola dispersión poboacional —que é intrínseco a nós e, polo tanto, iso non vai cambiar—. E, en cambio, non superamos esa barreira de poboación que fai que os ingresos teñan moita máis importancia segundo suban os tramos de poboación. Non é así no Fondo de Cooperación Local —iso está claro—, pero si que é así nos tributos do Estado. Polo tanto, queremos cambialo.

Agora sabe vostede que a raíz da Conferencia de Presidentes se creou esa Comisión de expertos para reformar o financiamento autonómico e, paralelamente, unha Comisión de expertos para a reforma do financiamento local. Polo tanto, esperemos que vaian en paralelo e esperemos que nesa segunda comisión, onde hai expertos designados pola FEMP e polo Estado, e non hai expertos designados polas comunidades autónomas, malia que se se nos pedira, sen ningunha dúbida, nós teríámolos designado porque temos —o que lles estou dicindo— claramente identificado o problema, e afortunadamente identificado de xeito unánime.

Polo tanto, a Xunta de Galicia agarda que eses...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...criterios cambien, porque son discriminatorios —iso está claro— respecto do sistema actual, que ten en conta a poboación, e porque non ten en conta que hai servizos que son moito máis caros en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e, polo tanto, necesitamos recursos para poder prestalos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Ben, efectivamente, vostede di que están de acordo co que defende o BNG, que levan moito tempo defendendo iso, pero pouco caso lle fan. Pouco caso lle fan porque vostedes levan moitos anos gobernando con maioría absoluta no Estado e

non fixeron nada por cambiar este modelo. Polo tanto, pouco pintan en Madrid nisto como noutras cousas que falamos xa hoxe a respecto das infraestruturas ou a respecto dos orzamentos.

Fixo referencia vostede ademais a un acordo da Comisión 3ª, pero é que na anterior lexislatura, en maio do ano 2015, xa se aprobara unha iniciativa do BNG, por unanimidade, que precisamente instaba a Xunta de Galiza a que demandase un novo sistema de financiamento para os concellos. Pasaron dous anos e non conseguiron nada. Polo tanto, o balance de resultados é realmente pobre.

E vostede faloume da cuestión dos números, pero non me falou da cuestión das normas. Eu tamén lle fixen unha apelación, unha pregunta a respecto dos cambios lexislativos que tamén propón a Fegamp, pois condiciona, afoga e aferrolla a posibilidade de facer os concellos outro tipo de políticas. Concretamente, a respecto da Constitución e a respecto da Lei de estabilidade e sostibilidade, a Fegamp ten unha posición clara a respecto destas normas —bueno, da Constitución non me atrevería a dicir tanto pero si con respecto á Lei de estabilidade—, que se fixou por escrito co seguinte texto: «Demandar do Estado a modificación da lexislación que afecta as administracións, eliminando os ríxidos límites en materia de gasto público, endebedamento e contratación de persoal, permitindo manter aos concellos un elevado nivel de investimento público e gasto social, e ampliando os supostos tamén de aplicación en caso de superávit.»

Quero que me responda tamén a esta cuestión e que faga con máis axilidade o tomar decisións e arranxar esta situación do que o levan facendo ao longo destes anos, ou do que levan facendo tamén —non entramos no tema da participación dos ingresos da Comunidade Autónoma e do Fondo de Cooperación Local— na Comisión...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...Galega de Cooperación Local, que se reuniu o pasado xoves 13 de abril despois de sete anos sen reunirse.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Rolda de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, efectivamente, levámolo pedindo hai anos e non nos fan o caso que nos gustaría. Pero é que iso é evidente, porque entón terían mudado os criterios de financiamento; igual que todo aquilo que pide Galicia en materia de financiamento autonómico non todo se re-

colle. Oia: é que aquí hai outras comunidades autónomas tamén nacionalistas —e poño o exemplo de Cataluña— onde teñen concellos de gran poboación e non lles interesa que isto cambie. Polo tanto, Galicia estao pedindo claramente.

E, por certo, vostede agora fala tamén do que se está pedindo dende a FEMP, e nós estamos de acordo, pois a situación mudou dende hai cinco anos. Había concellos en situación orzamentaria e en situación económica moi complicada, moi delicada; iso foi mudando e agora os concellos están noutra situación. E, polo tanto, esa reivindicación que se está facendo de abrir a billa —por así dicilo— e que os remanentes poidan ser dedicados a cousas que ata o de agora non están permitidos, nós estamos de acordo. Pero é que esa é a petición da FEMP agora mesmo. A min gustaríame que a FEMP tamén pedira que se mudaran os criterios xerais de repartición dos tributos do Estado. Estase pedindo só a primeira parte, había que pedir as dúas. ¿Por que non se están pedindo as dúas? Porque, efectivamente, a primeira está claro que a todos os concellos os beneficia; os que teñen remanente, polo tanto, están no seu lexítimo dereito, e eu estou de acordo e a Xunta de Galicia está de acordo en que hai que ir mudando os criterios xa. Pero a segunda parte, que é que se muden os criterios de repartición dos tributos do Estado, iso a FEMP non o está pedindo no día de hoxe. Polo tanto, creo que tamén debía pedilo.

Iso o que amosa é que, efectivamente, hai unha parte de concellos que non queren que se muden estes criterios que priman sobre todo a poboación. Polo tanto, haberá que intentar poñerse de acordo, e vostede estará de acordo en que non é tan sinxelo. Estase pedindo dende a Fegamp, teñen o apoio da Xunta de Galicia. Efectivamente, a Fegamp fixo un relatorio de ao redor de cen medidas que a atinxen, non só coas súas relacións coa Xunta de Galicia —e son reclamacións—, senón tamén co Estado, e tamén a de mudar criterios que agora mesmo teñen os concellos respecto do seu propio emprego de recursos públicos. Acaban de presentar esas cen medidas, acábase de celebrar a Comisión Galega de Cooperación Local. Oia: de todo iso empezaremos a falar a partir de agora.

Pero para que se acorde no Estado creo que ten, primeiro, a necesidade ineludible de que se aproben os orzamentos xerais do Estado, polo menos porque vai como emenda para que os concellos poidan gastar o remanente. Se non se aproban os orzamentos, dificilmente se poderá permitir que os concellos poidan investir os seus remanentes. E insisto: nós estamos de acordo con que non ten sentido que no día de hoxe concellos que tiñan unha boa axuda económica sigan sen poder investir os seus remanentes. Pero tamén sería unha boa ocasión —e eu aproveito para dicilo aquí, e supoño que a Fegamp terá insistido diante da FEMP, pero a FEMP non está facendo agora mesmo esa reivindicación— para que se poida empezar a falar —agardo que esa Comisión de expertos de reforma de financiamento local empece a facelo— tamén de mudar os criterios de repartición dos tributos do Estado. Para que Galicia poida empezar a recibir realmente os recursos que lle fan falta para prestar os servizos que aquí, sen ningunha dúbida, son máis caros que en concellos con máis poboación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que se están a levar a cabo para a posta en marcha do Observatorio dos Ríos anunciado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Gonzalo Trenor, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor TRENOR LÓPEZ: Boas tardes, señora conselleira.

Dende o Partido Popular consideramos que unha das grandes riquezas de Galicia son as nosas rías e tamén os nosos ríos. Por suposto, unha consideración que ten a súa coherencia nos sucesivos orzamentos dos gobernos dos que vostede formou parte. Gobernos que fixeron o maior investimento medioambiental da historia da nosa autonomía en saneamento, en depuración e en abastecemento de augas.

Dende o 2009 máis de 1.100 millóns de euros en investimentos, máis de 350 actuacións de saneamento en cento sesenta concellos, gran parte destes esforzos destinados á depuración das nosas rías. En concreto, desde o 2009 destináronse 600 millóns para mellorar o estado das rías. E grazas a estes investimentos houbo unha mellora das augas en bo estado, unha mellora substancial. Outros, con bastante menos, estarían xa ociosos ou cheos de si, pero nós non, temos o obxectivo de acadar o cen por cento das nosas augas en bo estado.

E por iso nas últimas eleccións, nas que o Partido Popular volveu revalidar a confianza da sociedade galega, no noso programa electoral incluimos importantes propostas para seguir avanzando neste obxectivo. Entre elas, un dos compromisos que adquiriu o Partido Popular de Galicia no seu programa electoral foi un Observatorio dos Ríos, un observatorio coa función de revisar as políticas de actuación que se levan a cabo polas diferentes administracións en relación cos ríos, avaliando dende os seus aspectos ambientais e ecosistémicos ata as medidas de posta en valor social destes espazos naturais. Compromiso que tivo tamén o seu reflexo no debate de investidura e compromiso que mantivo vostede cando anunciou o pasado mes de febreiro que unha das liñas estratéxicas para a presente lexislatura sería a posta en valor dos ríos galegos. Neste eido de actuación avanzou que se porá en marcha o Observatorio dos Ríos, concibido como un órgano consultivo adscrito á súa consellería a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Por todo isto, conselleira, ao noso grupo gustaríalle preguntar: ¿que pasos se están a dar para a posta en marcha do Observatorio dos Ríos? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Pois, como dicía vostede, conseguir que as augas de Galicia sexan cada vez de maior calidade e que teñan uns parámetros de control máis intensos é un dos principais obxectivos

que nos marcamos para os vindeiros anos. Esa é a primeira meta que nos fixamos, que no ano 2020 acadáramos o saneamento integral das nosas rías. E tamén a segunda meta é, nesta lexislatura, centrarnos en impulsar e valorizar os nosos ríos. Galicia conta exactamente con 497 ríos, denominados como tal, que teñen unha extensión de 32.000 quilómetros; algo que, sen dúbida, os converte nun dos elementos máis significativos da nosa paisaxe. Isto sen deixar de lado a importancia vital que teñen os ecosistemas fluviais na conservación da nosa biodiversidade e a relevancia que teñen os ríos tamén no desenvolvemento socioeconómico das poboacións do seu contorno. Por iso, dende o Goberno galego somos conscientes de que estamos ante un recurso que é imprescindible e que é preciso tamén conservar.

Por todo isto, e tendo en conta o arraigo social, cultural e económico que teñen os ríos en Galicia, debemos potenciar políticas que sigan fomentando a integración sostible da nosa sociedade nestas contornas naturais.

En resposta a este reto, desde a Consellería traballamos para a posta en marcha dese observatorio dos ríos. Atopámonos ante unha iniciativa que é pioneira na nosa comunidade, que xa foi comprometida polo presidente no debate de investidura, e cuxo obxectivo nace precisamente para poñer en valor esa fonte de riqueza natural que son os nosos ríos, esa fonte de riqueza que é a comunidade «dos mil ríos», como dicía Cunqueiro, considerando, polo tanto, que ben merecen un organismo dedicado en exclusiva a eles.

A base sobre a que xirará este observatorio son os coñecementos e experiencias adquiridas nos últimos anos do Goberno galego que nos permiten unha visión máis global sobre a situación dos nosos ríos. Somos conscientes da importancia de impulsar a participación da sociedade en xeral nesta tarefa, e por iso, como xa lle dixen, estamos ultimando a tramitación dun decreto que creará e regulará o observatorio autonómico dos ríos, cuxa finalidade é, primeiro de todo, obter información periódica e pormenorizada sobre o estado, valorizalos, por suposto, e tamén destacalos como patrimonio natural e económico-social que son da nosa comunidade. Este observatorio asesorará sobre o estado ambiental, económico-social e cultural dos ríos en Galicia, e tamén favorecerá a elaboración de informes e estudos así como a diagnose e proposta de medidas que axuden a definir as políticas autonómicas en torno aos ríos.

En definitiva, esta aposta do Goberno galego permitíranos fixar un marco para o aproveitamento sostible e posta en valor destes espazos naturais. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señora conselleira, como vostede ben recordou, a importancia dos ríos na nosa terra é indiscutible: 497 ríos cunha extensión de 32.000 quilómetros. Tamén destacou vostede a importancia dos ecosistemas fluviais na conservación da diversidade e da relevancia que teñen os ríos no desenvolvemento socioeconómico das poboacións do seu contorno.

Esta iniciativa pioneira pon en valor esta fonte de riqueza natural que son os nosos ríos, un organismo específico que terá información periódica e pormenorizada sobre o seu estado, para valorizalos en todos os eidos, no eido patrimonial, no económico e tamén no social. Permitirá obter un asesoramento de calidade, favorecerá a elaboración de informes, estudos e diagnoses para a toma de decisións. E quizais —o que é máis importante— permitirá fixar un marco para o aproveitamento sostible e posta en valor destes espazos naturais.

Pero para que este aproveitamento sexa óptimo, e como dicía vostede, é importante impulsar a participación da sociedade nesta tarefa. Por iso, conselleira, ¿pode dicirnos que organismos ou sectores van participar ou formar parte deste observatorio? E ¿pode tamén detallar cales van ser as funcións específicas do mesmo?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Turno de peche da señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Creo que é obrigado abordar a xestión dos ríos dun modo transversal e tamén dun modo multidisciplinario. O obxectivo que nos marcamos é obter información periódica e pormenorizada —como dicía— sobre o estado dos ríos. Pero tamén, ao mesmo tempo, poñelos en valor e promovelos. E con esta base xorde este observatorio autonómico, que será unha realidade xa, moi pronto, xa que nos vindeiros días iniciaremos a tramitación deste proxecto de decreto. Este pioneiro organismo será un observatorio de carácter permanente e contará cunha composición que vai ser multidisciplinaria. De feito, está prevista unha ampla participación de todos os sectores e organismos implicados na conservación e xestión dos ecosistemas fluviais. Así, participará o Goberno galego, a través das consellerías de Medio Ambiente, Economía e Industria, Cultura, Política Social, Medio Rural e tamén a Axencia Galega de Turismo, e terá representantes dos outros organismos de conca competentes en Galicia, como a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, tamén a do Douro e tamén a do Cantábrico, representantes dos concellos a través da Fegamp, representantes das tres universidades galegas, asociacións ecoloxistas e da Federación Galega de Pesca.

Deste xeito, o observatorio fomentará a colaboración e o traballo conxunto entre todas as administracións implicadas na posta en valor dos ríos galegos. Ademais, grazas á súa posta en funcionamento, levaremos a cabo unha actuación completa e global sobre os nosos ríos, protexendo os seus caudais e tamén as súas especies. Entre outras funcións, o que vai permitir este observatorio é un asesoramento sobre o estado ambiental económico, social e cultural dos ríos galegos; a elaboración de informes e estudos; a diagnose e proposta de medidas que axuden a definir as distintas políticas autonómicas de posta en valor dos ecosistemas fluviais de Galicia; e tamén poderá propoñer, cun senso social amplo, melloras nas políticas de actuación ou no seu desenvolvemento.

Este traballo de todos os axentes implicados permitirá promover unha nova figura, que na nosa comunidade a día de hoxe aínda non existe, que son os plans directores dos ríos galegos. Nestes

documentos recolleranse as políticas autonómicas para a conservación, a promoción e a valoración dos ríos, e terán como obxectivo difundir a súa importancia e as das súas contornas naturais, así como promover as boas prácticas na interacción da sociedade, da cidadanía, con eles.

Por todo isto, o observatorio actuará como foro de encontro interdisciplinario entre organismos públicos e a sociedade civil e do coñecemento. E rexerase polo principio de colaboración institucional, que é a base de todas as nosas actuacións. Sen dúbida ningunha, este observatorio, que pronto será unha realidade, permitirá recoñecer como merecen todos os valores que teñen os nosos ríos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, incluídas as financeiras, para converter nunha vía urbana o tramo de entrada/saída da AP-9 na cidade de Vigo

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, esta pregunta enmárcase nesa metodoloxía do Partido Popular de gobernar para todos, unha especie de entelequia política de dubidoso cumprimento obxectivo. Ten que ver coa AP-9, que, como vostede ben sabe, foi un negocio florecente, primeiro, para Sacyr e, despois, para fondos internacionais. Bueno, en realidade é ata o 2048, como sabe, a concesión, a ampliación ata o límite. O 25 % de Abanca, bueno, acaba de anunciar que ten no primeiro trimestre 153 millóns de euros de beneficio. Seguimos sorprendidos pola capacidade de rendibilidade financeira dos investimentos de Abanca.

Leva recadados 2.400 millóns de euros, e o que vai recadar en trinta e seis anos. Vai recibir 200 millóns de euros públicos entre a Xunta e o Ministerio de Fomento. As peaxes desta autoestrada medraron un 36 % na última década, é dicir, catro veces máis que o índice de prezos ao consumo. Isto é o que se chama «axustarse ás expectativas previstas».

Os datos financeiros, sacados neste caso da Comisión Nacional do Mercado de Valores —a verdade é que un vai aprendendo pouco a pouco e agora xa avanzamos dende as táboas do INE ás táboas da Comisión Nacional do Mercado de Valores— (*Aplausos.*): a taxa de beneficios sobre ingresos está aproximadamente nun 38 %, ¡case nada!; insisto, beneficios sobre ingresos. Polo menos, é o enfoque metodolóxico que coñezo, aínda que tamén pode ser que haxa outro.

Estes son os intereses da AP-9 e... Si, señora conselleira, non poña esa cara de estrañeza, porque exactamente o importe neto da cifra de negocios é 138,6 millóns de euros; e o resultado dos beneficios, despois de impostos, 45.054.671. Facendo unha simple división aritmética, saéme o 38 %, máis ou menos.

Fronte a isto están as necesidades do tecido social e económico da cidade de Vigo. Como vostede ben sabe, en termos orográficos a súa saída cara ao norte atópase circunscrita, insisto,

polas propias dificultades orográficas e tamén por dúas estradas, unha de titularidade estatal, a nacional 552, e outra autonómica, a PO-323, e as rúas Sanjurjo Badía e Travesía de Vigo e o trazado da antiga liña ferroviaria. Esa liña ferroviaria é verdade que agora está á disposición de que os poderes públicos a reutilicen despois de que o Partido Socialista modificara o proxecto de alta velocidade e deseñara unha entrada en túnel de 8 quilómetros dende Rendondela a Vigo.

O que solicitamos é a transformación, precisamente para desconxestionar esas dúas vías, esas dúas estradas, dende o enlace de Bos Aires ata o final no centro de Vigo, e facer unha dobre entrada e dobre saída e, polo tanto, facer un tramo de trazado urbano.

Este tema foi avanzado polo Goberno galego no seu momento, foi solicitado polo Goberno municipal de Vigo, e...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A pregunta estou seguro de que a señora conselleira a leu. ¿En que situación se atopa este proxecto?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Losada, en primeiro lugar, por suposto, quero agradecerlle que me formule esta pregunta nunha sesión plenaria na que, por unanimidade de todos os grupos da Cámara, se aprobou a proposición de lei para pedir a transferencia da titularidade da AP-9, un asunto que sempre defendemos dende a Xunta de Galicia porque cremos que é o mellor para a nosa comunidade, unha xestión directa para garantir maior eficacia no seu funcionamento, para ser máis áxiles na resolución de incidencias, para unha política de peaxes, dende logo, menos gravosa. Para nós a titularidade da AP-9 foi un obxectivo, é un obxectivo e será un obxectivo. Facémolo nos foros adecuados, con rigor, con seriedade. E tamén creo que non debemos esquecer un asunto que non ten precedentes, a comisión bilateral co Ministerio de Fomento, cuxa primeira reunión tivémola o pasado mes de febreiro.

Comenta vostede da AP-9 as peaxes, os beneficios... Eu quería comentar, para que non haxa ningunha dúbida, o *Boletín Oficial do Estado* do 24 de novembro de 2011, o Real decreto, asinado por José Blanco, ministro de Fomento, na súa cláusula sexta: «*Se establece un incremento extraordinario de las tarifas en los recorridos con pago directo por los usuarios en la autopista AP-9 en todos los tramos del 1 % acumulativo durante veinte años. (Murmurios.) Real decreto de 24 de noviembre de 2011. Pepe Blanco.*» *(Aplausos.)*

E por suposto que non nos gustan as peaxes, señor Losada, non nos gustan as peaxes: 200 quilómetros de vías de altas prestacións desde o ano 2009 sen unha peaxe en plena crise económica. Polo tanto, por suposto que non nos gustan as peaxes e non apostamos por peaxes.

En calquera caso, e indo á cuestión da pregunta que formula, creo que non pode ser máis acaída a súa pregunta, porque foi un asunto abordado na primeira comisión bilateral da AP-9 que tivemos co Ministerio de Fomento, que foi o 22 de febreiro, e foi a Xunta quen trasladou ao Ministerio de Fomento a importancia de converter en vía urbana ese treito entre a Avenida de Buenos Aires e o centro de Vigo, porque é bo para Vigo, porque ten importantes vantaxes. Permitirá todos os movementos. Por suposto, está é unha vía que actualmente está deseñada para tráfico interurbano. Queremos que sexa para tráfico urbano, tráfico local. Polo tanto, é de gran utilidade para Vigo que sexa unha vía urbana, e por iso o apoiamos e defendemos. Desconxestionariamos o tráfico, como digo, como alternativa a vías saturadas como Sanjurjo Badía e Travesía de Vigo.

En calquera caso, ao día seguinte desa comisión bilateral trasladeille ao alcalde de Vigo que nos tiña que mandar unha proposta técnica, proposta técnica pola que seguimos á espera e esperamos recibir na Xunta de Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica do señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, mire, eu sei ler perfectamente o BOE, pero esta mesma mañá vostedes votaron en contra precisamente de modificar ese BOE do ano 2011, que nos pensamos que hai que modificar. Por iso nós votamos a favor *(Aplausos.)* Por iso nós votamos a favor, exactamente. É un pequeno detalle sen importancia.

Señora conselleira, mire, vaime perdoar, ¿de verdade que hai 200 quilómetros de autovías construídos polo Goberno Feijóo libres de peaxe? ¡Oia, eu agradecería...! ¿Desde o ano 2011, iniciados os proxectos? ¿Ou o que recibiu vostede, a obra rematada? ¿Non se referirá á autovía da Costa da Morte? *(Fortes murmurios.)* ¡Claro, claro! ¡Un pouquiño, en fin...! Todos sabemos ler o BOE, todos sabemos ler os calendarios, eses pequenos detalles sen importancia, señora conselleira.

Mire, eu non sei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu insisto, quero saber cales son os 200 quilómetros de vías de alta capacidade que o Goberno do señor Feijóo desenvolveu e construíu desde que goberna. Será a seguinte pregunta que lle faga no próximo pleno, señora conselleira.

Mire, o señor Feijóo si veu en campaña electoral a Vigo a dicir que, efectivamente, estaba a favor de liberar a AP-9 desde Teis ao centro. Está en todos os periódicos dende o día 8 de setembro do ano 2016.

E mire, señora conselleira, ¿vostede cre que unha obra que é de competencia estatal polo de agora...? É verdade que agora hai esa comisión de control Ministerio de Fomento-Xunta de Galicia que, bueno, sen ningunha dúbida vai alterar radicalmente a evolución da construción de infraestruturas en Galicia. Basta con ver o tramo entre Taboadela e Ourense do tren de alta velocidade para ver exactamente o que vai modificar esa comisión de control. ¿Vostede cre que é o Concello de Vigo quen ten que facer o proxecto técnico para que a AP-9 teña unha dobre entrada e dobre saída? ¡Oia!, vostede pode pedirlo ao Concello de Vigo. Eu xa sei que ao final vai ser culpa todo de Abel Caballero e de Carmela Silva, como corresponde. Pero hai un pequeno detalle: que a AP-9 é un negocio moi bo, e é de Fomento, as competencias son de Fomento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vostedes parece que van controlar, pero, oia, non diga que isto se retrasa porque o Concello...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...non fai o que ten que facer. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Losada.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Encantada de responderlle a esa pregunta sobre os 200 quilómetros postos en servizo dende o ano 2009 polo Goberno Feijóo, desde logo que encantada de responderlle, porque é así, 200 quilómetros de vías de altas prestacións... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ...postos en servizo en plena crise económica e que, polo tanto, confirman que, por suposto, non nos gustan as peaxes.

En calquera caso, o que me sorprende é que diga que a Xunta de Galicia pretenda facer o PXOM do Concello de Vigo. Eu insisto, e reitórolle que esa demanda dos veciños, que facemos nosa, de converter en vía urbana este treito da AP-9 entre a Avenida de Buenos Aires e o centro de Vigo ten o respaldo da Xunta de Galicia. E, por suposto, estamos ante unha actua-

ción na que os principais actores son o Concello de Vigo, porque está no territorio, e o Ministerio de Fomento, titular dese treito a través dunha concesión. Eu creo que todos sabemos que as administracións máis cercanas ao cidadán son os concellos, e os concellos deben de saber o que queren os seus cidadáns e, polo tanto, tamén coñecer os fluxos de tráfico no seu propio territorio. Polo tanto, ten toda a súa lóxica, como administración máis cercana ao cidadán, que sexa o propio concello.

Así o consideramos na primeira comisión bilateral da AP-9. Tanto o Ministerio de Fomento como a Xunta de Galicia consideramos a actuación vantaxosa, lideramos esa solicitude dende a Xunta de Galicia nesta primeira reunión. E o primeiro que hai que facer é o que acordamos nesa reunión: que o Concello de Vigo nos traslade unha proposta técnica. Nesa reunión, como digo, acordamos que o Concello de Vigo nos remita unha proposta técnica, porque se está redactando o PXOM. Agardo que teña unha proposta técnica. Cando se está redactando un PXOM é o que hai que facer.

E eu mesma, ao día seguinte, trasladeille por escrito ao Concello de Vigo, persoalmente, que nos remitira esa proposta técnica para abordala, para dialogar e colaborar, e que nos trasladara unha proposta técnica para facer cidade. O alcalde de Vigo o certo é que dixo nos medios de comunicación que esa mesma tarde me remitiría a proposta técnica. A carta está sen responder dous meses e medio despois, a proposta técnica sen enviar; polo tanto, non enrede coa cuestión do financiamento, cos 200 quilómetros de vías de altas prestacións, para ocultar que o Concello de Vigo non remitiu o documento técnico. Polo tanto, dous meses e medio despois de pedirlle ao Concello de Vigo unha proposta técnica, non a recibimos. Polo tanto, non cumpre, porque unicamente a través dos medios de comunicación di que a remitiría esa mesma tarde, e non recibimos nada. Seguimos agardando ese documento técnico para seguir avanzando nesa actuación que consideramos estratéxica. Dende logo que non queremos leas, queremos propostas. Non queremos anuncios ocos, dende logo queremos feitos, queremos documentos técnicos e, polo tanto, non enrede con outras cousas para ocultar que o Concello de Vigo non respondeu á miña carta e non mandou ningunha proposta técnica para poder continuar con esta actuación importante e estratéxica en Vigo. (*Murmurios.*)

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co desenvolvemento dun plan de apoio específico para o sector téxtil no concello de Ordes e a súa comarca

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señor conselleiro, e boas tardes ás persoas hoxe convidadas que nos acompañan aquí, fundamentalmente mulleres que se encontran nun ERE do Grupo Deus, do municipio de Ordes.

No debate de investidura da X lexislatura o señor presidente da Xunta de Galicia anunciounos que esta ía ser a lexislatura do rural. Os socialistas agardabamos que ese anuncio de compromiso de país feito polo presidente da Xunta fose así cumprido, pero a realidade é que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia recorta os servizos no rural, recorta os investimentos no rural, prima a rendibilidade económica fronte á rendibilidade social e non entende que os servizos públicos son para cubrir as necesidades da poboación, non para gañar cartos. *(Aplausos.)*

Estas medidas provocan o abandono do rural coa conseguinte redución demográfica e descenso da actividade económica, fundamentalmente no sector primario e no sector industrial. O concello de Ordes e a súa comarca conta cunha poboación dunhas 40.000 persoas, que vivían principalmente dos sectores gandeiro e téxtil. O sector téxtil nesta comarca contaba no ano 2012 cuns 1.500 empregos que se foron perdendo paulatinamente: de 2008 a 2012, 332 empregos; no 2014, 50; no 2016, 120; e nestes intres 103 mulleres atópanse nun ERE do Grupo Deus, con atrasos no pagamento das súas nóminas de cinco mensualidades, mulleres que nos acompañan hoxe aquí, señor conselleiro.

Polo tanto, señor conselleiro, estamos a falar de 605 traballos femininos directos perdidos nestes anos en Ordes e na súa comarca, só no sector téxtil —sen cuantificar os pequenos talleres que se tiñan artellado ao redor das empresas máis grandes—.

O sector téxtil é un dos sectores dos denominados feminizados, porque a maior parte das súas plantillas, ou das plantillas das empresas auxiliares, está formada por mulleres; mulleres que iniciaron a súa andaina laboral nunhas condicións de precariedade laboral e salarial moi acusada. Esta situación foi pouco a pouco mellorando, aínda que na actualidade seguen a estar moi lonxe da igualdade acadada noutros sectores.

Esta destrución de emprego debeuse fundamentalmente á competencia polo prezo, o que fixo que os talleres desta comarca fosen substituídos pola deslocalización no estranxeiro, principalmente en países como Marrocos, Romanía, India e China, pero tamén pola inexistencia dun plan estratéxico galego que permitira a súa supervivencia e que actuara con distintas medidas.

Os socialistas xa manifestamos en reiteradas ocasións que o sector padecía da falla de apoio do Goberno galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Formule a pregunta, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Estamos...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben.

Pois a nosa pregunta é: ¿ten pensado o Goberno galego desenvolver un plan de apoio específico para o sector téxtil no concello de Ordes e a súa comarca? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, eu agradézolle que inicie a súa pregunta precisamente facendo referencia á aposta que ten este goberno polo rural, porque iso é unha realidade. E a aposta que este goberno ten polo rural... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*)

La incontinencia de la risa muchas veces de lo que deriva es del desconocimiento de la realidad. (*Murmurios.*) En calquera caso, eu estarei encantado de seguir trasladando, efectivamente..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...a aposta que este goberno ten polo rural.

Efectivamente a aposta polo rural significa fixar poboación no rural e a aposta polo rural significa loxicamente permitir e fomentar un desenvolvemento económico no rural. E o Goberno está traballando nos diferentes ámbitos do sector rural. Estao facendo no sector lácteo, impulsando a transformación no lácteo. Estao facendo na industria forestal coa creación da Axencia da Industria Forestal. E estámolo facendo, señoría, tamén impulsando a formación e o emprendemento no rural. Recórdolle que este goberno xa ten anunciado un plan de 30 millóns de euros para precisamente favorecer a formación e o emprendemento no rural. E iso significa loxicamente apostar por tecidos produtivos que teñen unha vinculación co territorio.

Efectivamente, fálame vostede da situación que hai en Ordes. E, loxicamente, o Goberno tamén traslada a sensibilidade coas traballadoras afectadas. Loxicamente, tamén lles traslado un saúdo e o meu agradecemento por estar nesta sesión. Efectivamente, a situación destas traballadoras preocúpanos, e preocúpanos porque, loxicamente, efectivamente, hai que darlles oportunidades para que se lles poida dar solución de cara ao futuro. Estamos a facer un seguimento estrito e estamos valorando, efectivamente, como defender os dereitos laborais que ten o Grupo Deus. Temos fixada para mañá mesmo unha xuntanza co alcalde e coas traballadoras desta empresa, precisamente para seguir identificando posibilidades de desenvolvemento futuro. E, loxicamente, esta non é a primeira reunión. Xa temos tido outras reunións, tanto co Igape como coa propia Secretaría Xeral de Emprego, para —insisto— non só garantir os dereitos das traballadoras senón tamén para buscar vías de colaboración para reforzar o sector industrial, o sector produtivo, en Ordes e a súa comarca.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Mire, señor conselleiro, a risa é inevitable ante as súas verbas comparadas coa realidade que estamos a vivir no rural galego. *(Aplausos.)*

En calquera caso, estas mulleres están hoxe aquí e alégrome de que o feito de que estean hoxe aquí sirva para que vostede se sente co alcalde de Ordes para solucionar este problema. *(Aplausos.)* Alégrome moito; polo menos, para iso serviu. Pero están aquí porque a súa situación é complicada, é conflitiva, son mulleres, son fillas, son nais, e necesitan do seu traballo, dun traballo digno para ter unha vida digna, a mesma que queremos todos e todas, os galegos e as galegas. Polo tanto, esa é a razón de que estean aquí.

Pero —insisto— se isto serve para que vostedes se senten e aposten por este plan estratéxico, benvido sexa, *jchapeau!*, eu serei a primeira en aplaudirlle.

De todos os xeitos nós sempre lles dixemos, os socialistas, que tiñan que presentar unha serie de iniciativas desde hai moito tempo, porque este é un problema que se vía vir. É un problema polo cal vostedes teñen que apoiar o téxtil galego, teñen que incluílo na Axenda de Competitividade Industrial Galega, e que se apoiem os proxectos de dinamización e renovación dos talleres e que se elabore, dunha vez por todas, unha estratexia de apoio ao sector que aglutine diversos talleres para garantir o seu desenvolvemento endóxico.

Os socialistas estaremos totalmente de acordo sempre co impulso dende a Xunta de Galicia ás empresas galegas, ás de maior contido tecnolóxico, ás de maior aposta polo I+D+i, pero defendemos firmemente que se ten que apostar ao mesmo tempo polas empresas máis tradicionais galegas, por aquelas que están localizadas no rural, para que se manteña o emprego, o problema fundamental que temos nestes momentos a maioría dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Turno de peche do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas.

Creo que non me entendeu ben o que lle dixen na primeira resposta, porque xa nos temos reunido en varias ocasións con Confeccións Deus e coas traballadoras de Confeccións Deus, e xa nos temos reunido en varias ocasións co propio alcalde, tanto a través do Igape como a través da Secretaría Xeral de Emprego. E debería de saber tamén que, se fala de Ordes, poderíamos falar de Viriato e de como este goberno tamén intentou no seu momento axudar a Viriato, non só dende o punto de vista financeiro —que, efectivamente, intentamos trasladarlle axudas a Viriato para que puidera garantir o emprego no seu momento—, tamén, lóxicamente, igual que estamos facendo hoxe con Confeccións Deus, nos reunimos

permanentemente coas traballadoras non só para que se poidan garantir os seus dereitos senón, precisamente, para identificar posibles solucións de futuro.

Fálame vostede, e síntoo moito, dende o descoñecemento. Porque, claro, fálame vostede de apoio financeiro. E debería saber que este goberno está apoiando a industria a través do Programa Galicia 1000, e que estamos apoiando as necesidades financeiras de 3.000 pequenas e medianas empresas. Fálame vostede de axuda á comercialización e pódolle dicir que, efectivamente, aí estamos axudando tamén as empresas para que poidan incrementar as súas exportacións tamén no sector téxtil. E fálame vostede de mellorar os procesos produtivos, e debería saber que hai unha axenda de competitividade Industria 4.0 e unha axenda de estratexia de especialización intelixente para mellorar a competitividade da industria. E compárame Galicia co *low cost* no téxtil. Pois, señoría, aí si que non estamos de acordo, Galicia non vai competir co *low cost* no téxtil, non o vai facer. Nós imos competir pola Industria 4.0, imos competir pola modernización do noso tecido industrial e imos competir precisamente para que o noso país xa non teña que competir co *low cost*.

E nese contexto seguimos apoiando o téxtil, o téxtil galego. Levamos apoiado xa máis de 550 proxectos. Estamos apoiando 40 proxectos de innovación, estamos apoiando a internacionalización, estamos apoiando tamén o financiamento do sector téxtil. En definitiva, señoría, estamos apoiando o rural, estamos apoiando o sector téxtil, estamos apoiando os traballadores, que, efectivamente, están pasando por unha situación de dificultade. E, nese contexto, imos garantir os seus dereitos laborais, imos intentar mellorar a súa empregabilidade e imos, dende logo, buscar calquera alternativa que poida reforzar o tecido industrial en Ordes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da autorización da venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas

O señor PRESIDENTE: Cando queira, pode formular a pregunta xa.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor conselleiro, boa tarde.

Lémbrolle que pasaron xa máis de seis meses desde que en outubro do ano pasado varias filtracións á prensa deran conta de contactos empresariais que buscaban a venda das centrais do río Xallas. O 23 de novembro, no primeiro pleno desta lexislatura, este grupo parlamentario preguntoulle por este asunto. E gustaríanos que hoxe falase claro e que fose a última vez que temos que traer esta pregunta a esta Cámara.

Fagamos memoria. Xa sen ir ao historial de incumprimentos permanentes de Ferroatlántica no noso país, que dan conta da necesaria desconfianza que hai que ter diante desta empresa, e sen ir xa atrás no tempo aos papeis de Bárcenas ou de Granados nin ás conexións sequera do señor Villar Mir co franquismo, ou co fraguismo, pensando só no que pasou nestes últi-

mos meses, señor conselleiro, vemos dúas cousas: dun lado vemos unidade dos traballadores e traballadoras, das alcaldías e dunha comarca enteira contra a segregación das centrais da súa produción; doutra, vemos confirmacións públicas da empresa desas intencións de venda, comunicacións á bolsa, vemos tamén a coñecida «operación Lezo», un novo bochorno de corruptela que ten evidentes conexións con Galiza que non se poden ocultar, como o feito de que fagan dimitir ao señor cuñado de Villar Mir de OHL pero non de Ferroatlántica. En resumo, como digo, moitos movementos que foron acontecendo nos últimos meses, nas últimas semanas, e que desvelan como se xoga co noso país novamente como moeda de cambio para diversos intereses.

E, sinceramente, ¿non pensa que, pasado todo este tempo, acontecidas todas estas novidades, é hora de que dende a Xunta de Galiza abandonen a súa calculada ambigüidade? É bastante sinxelo. Vostedes agora teñen unha responsabilidade, teñen que escoller entre poñerse dun lado ou doutro: ou pagar os favores que teñen que pagarlle ao señor Villar Mir —permitindo a especulación cun ben público— ou poñerse de lado dos traballadores e traballadoras da comarca. É hora de que deixen de ser un goberno ambiguo e silente, porque o seu silencio fainos cómplices.

Durante todos estes meses esa foi a súa actitude: pasividade e silencio. E, mentres, eu preguntolle tamén: ¿non pensa que, seis meses despois, é hora de que volva descolgar o teléfono e se reúna de novo cos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica para darlles un pouco de tranquilidade, se é iso o que poden agardar deste goberno? Por iso, este grupo parlamentario pídelle que nos responda se vai permitir o Goberno galego a autorización da venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas, ¿si ou non?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, efectivamente, levan vostedes máis de medio ano —a oposición, non só o Bloque Nacionalista Galego— traendo de maneira sistemática a esta Cámara a mesma pregunta. Eu empezo a preguntarme se hai algún tipo de interese oculto nesta estratexia. (*Murmurios.*) Seguramente vostede poderá responder a esa pregunta.

En calquera caso, o que si é unha certeza, é unha certeza, é que a empresa non fixo ningún tipo de solicitude na Administración. Iso é unha certeza. E seguramente este oportunismo político ao que se está abonando o Bloque Nacionalista Galego intenta responder a unha estratexia —insisto— oculta por parte do BNG. En calquera caso, o que si pode encontrar o BNG, o que si saben os traballadores, sábeno perfectamente, é que este goberno en ningún momento foi ambiguo, este goberno en todo momento falou claro e sempre trasladou a mesma posición dende o primeiro momento, a mesma. Non mudamos nin un só milímetro,

tanto defendendo o mantemento da actividade industrial como dos postos de traballo e, sobre todo, o que reflicte a propia concesión, que é salvagardar o interese público. Polo tanto, salvo que vostede me diga o contrario, creo que o posicionamento do Goberno non é nada distinto ao que se aprobou —ademais por unanimidade— nesta Cámara. Polo tanto, este goberno —insisto— nin foi ambiguo nin mantivo en ningún momento ningún tipo de silencio.

No que si non estamos de acordo, señoría, é na forma de actuar. E nós trasladamos claramente que nós imos respectar as leis. Iso si que o imos facer. Seguramente que nas súas propostas o que se traslada é un interese de que non se respecten as leis. Pero este goberno non vai especular, como fai o Bloque Nacionalista Galego, e nós non imos facer ningún tipo de xuízo de valor.

Nós o que imos facer, loxicamente, é manter a mesma posición. Neste momento non existe ningún tipo de solicitude, á que vostede fai referencia. Se iso se producise, loxicamente haberá que resolver ese expediente. Eu entendo que vostedes plantexarán, se chega o momento, que hai que cumprir a lei. Sorprenderíame o contrario.

En calquera caso —insisto—, este goberno sempre actuou con coherencia, con contundencia e sempre con transparencia, tanto cos traballadores como cos propios alcaldes da comarca. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Mire, señor Conde, o interese do Bloque Nacionalista Galego é claro e evidente. E se non lle quedou claro, eu insisto e insistiremos desde este grupo parlamentario todas as veces que faga falta, porque vostede segue sen falar con claridade. Desde logo, interese en que nos financien as campañas electorais será polas súas non polas nosas. (*Aplausos.*)

Entón, o interese evidente que temos é que, primeiro, se reúna de novo cos traballadores e traballadoras. Vostede sabe perfectamente, seguramente mellor ca min, que ten solicitudes na súa mesa, igual que tamén ten solicitudes por parte dos alcaldes do Bloque Nacionalista Galego. Digo eu que, entendendo a súa atarefada axenda, desde novembro de 2016 houbo acontecementos públicos coñecidos e notorios suficientes para que volva facer un sitio na súa axenda; ou, se non, comprometemos estes humildes cinco minutos do Bloque Nacionalista Galego para que llelos dedique a eles.

Segundo, ¿pode afirmarnos vostede que, igual que non ten conversacións cos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica, o Goberno galego tampouco as ten coas empresas asociadas a Villar Mir? Porque eu teño francas dúbidas.

E, por último, o interese que temos é que este goberno non venda o noso país e os seus recursos naturais a cambio dun plan autodenominado industrial que no fondo é un plan de

desmantelamento, porque leva asociada a segregación desas centrais. E, desde logo, nós o que nos preguntamos é se pensan permitilo ou non.

E, desde logo, non quero rematar a miña intervención sen dicirlle que non ser un goberno pasivo e non ser un goberno silente pasa por reunirse cos traballadores e traballadoras e por asumir que máis do 75 % da representación galega está en contra desa segregación e que, polo tanto, merecen ser escoitados e merecen unha mensaxe de tranquilidade por parte deste goberno. A escusa de que non haxa un papel formal presentado, vistas as declaracións públicas da propia empresa e vistos os escándalos destas semanas, desde logo non se sostén. Vostede pode aferrarse a ela...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...pero, desde logo, desde este grupo parlamentario continuaremos a insistir en que se aclaren. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, eu lamento que vostede permanentemente veña aquí con prexuízos intentando prexulgar a posición que este goberno ten que ter sobre unha hipotética solicitude por parte dunha empresa. Eu tamén lamento que vostede entenda que este goberno non está tendo un diálogo fluído e permanente cos traballadores e cos alcaldes, porque, efectivamente, así se ten producido e así se producirá no momento en que loxicamente haxa algún tipo de modificación sobre a situación actual, que non se produciu. Vostede vén aquí e leva seis meses —insisto— seguramente cunha estratexia oculta, cunha folla de ruta oculta por parte do BNG. Pero a realidade, por moito que vostede a queira cambiar e a queira mudar coas súas palabras, pois é a mesma.

Eu trasládolle ao BNG e trasládolles, sobre todo, aos traballadores e aos alcaldes que este goberno vai actuar con total contundencia en todo momento, como o ten feito ata agora e o fará no futuro, con algo moi sinxelo que a vostede sei que lle custa asumir. Pero é que nós imos cumprir a lei, ímola cumprir. Seguramente vostede o que pretende é que non o fagamos, pero non, ímolo facer e imos actuar con responsabilidade. E imos, nese contexto, velar tamén polo mantemento da actividade industrial, imos velar loxicamente por salvagardar o interese público da concesión destas instalacións hidráulicas e, polo tanto, nós non respondemos a esa obsesión que ten o BNG coa corrupción. Nós o que si lles trasladamos é que vostedes seguramente terían que explicar onde están eses intereses ocultos.

En calquera caso, señoría, a Xunta vai seguir actuando, igual que o ten feito dende o principio. Nós imos cumprir a lei, imos salvagardar o interese público e imos seguir comprometidos, loxicamente, coa actividade industrial e co emprego. Sábena os traballadores de forma directa, sábena os alcaldes da comarca. E, dende logo, este goberno seguirá actuando, señoría, con total firmeza, con total transparencia e con total diálogo. E o que imos facer, loxicamente, é

manter informados en todo momento os alcaldes e os representantes dos traballadores, porque ese é o noso compromiso cos traballadores, coa comarca e con Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización antes do ano 2018 dun balance da evolución do Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2012-2018

O señor PRESIDENTE: Pregunta da señora Chao, do Grupo de En Marea.

A señora CHAO PÉREZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

¡O que hai que oír nesta Cámara!, ¡obsesión coa corrupción! ¡Madre mía!

Hoxe vimos falar aquí de corrupción tamén, doutro tipo, do resultado dun soño dun ex-presidente, soño duns poucos que, como é a norma no Partido Popular, devén en pesadelo para a maioría, condenada a pagar as consecuencias das decisións duns poucos. Neste caso, condenada a pagar un proxecto desproporcionado e carente de sentido que acumulou numerosas irregularidades nos seus contratos, denunciadas non por En Marea senón polo propio Consello de Contas, e que supuxeron un sobrecusto do 200 %, co cal, curiosamente —desas curiosidades que lles pasan sempre aos amigos do Partido Popular—, se enriqueceron empresas dos seus amigos e familiares.

É un proxecto que supón cada ano unha lousa enorme para todo o sector cultural galego, ese elefante branco da cultura galega que, en vez de ser o mausoleo de Fraga, acabou sendo mausoleo de toda a cultura de Galicia, porque é alí onde se enterran os seus recursos; o máximo exemplo da política cultural de lóxica neoliberal que os sucesivos gobernos conservadores levaron a cabo por todo o país nese intento de crear contedores culturais cada vez máis espectaculares sen facer a máis mínima reflexión acerca da utilidade ou pertinencia do mesmo.

Recomendaba hoxe o presidente da Xunta a esta Cámara que leramos máis a Carlos Casares. E voume permitir facerlles a mesma recomendación: léano máis e escóiteno con atención. Porque Carlos Casares era un dos que pensaba que todas esas grandes construcións non serían para nada, xa que a cultura non se mide en metros cadrados nin no relumbrón, pois este tipo de proxectos atentan contra a propia cultura.

Nós non podemos estar máis de acordo, porque o que pasa con todos eses proxectos espectaculares é que logo hai que pagalos. E, claro, non os pagan vostedes, págaos a cidadanía. E o que pasa é que restan recursos presentes e futuros ao noso sistema cultural.

A preocupación e o interese deste goberno pola cultura galega queda en evidencia cando ollamos uns orzamentos que destinan a maior parte dos seus recursos previstos para o pulo

cultural ao complexo do Gaiás, ese pozo sen fondo que consome 1 de cada 3 euros que este Goberno dedica ao fomento das actividades culturais.

Programa 432B, dos que algo máis de 4 millóns de euros se destinan a mantemento, luminarias, limpeza e seguridade. Conceptos que nos custan a toda a cidadanía de Galicia 10.988,3 euros diarios, o que se traduce en 458 euros á hora. Se esta non é unha cifra para botarse a chorar, non sei o que será.

¿Ten sentido que 4 millóns de euros se destinen ao mantemento dun só edificio no que, enriba, a maior parte dos días non hai actividade cultural ningunha? ¿Ten sentido gastar 11.000 euros diarios no mantemento dun edificio, mentres todo o sistema cultural demanda a atención por parte dun goberno que lle deu as costas? Para En Marea non o ten, cuestión de prioridades, e cuestión de modelo; o do Partido Popular xa o sabemos: o de aeroportos sen avións, contedores culturais sen cultura e fundacións opacas coas que tapar as contas reais dun organismo para non evidenciar a vergoña que supón o dispendio que cometen neste edificio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Eu máis ou menos xa a entendín, pero se quere formule a pregunta. ¡Eu xa entendín, eh! Na pregunta entendina, pero claro, coñecen a mecánica, creo que vostedes coñecen a mecánica. Son tres minutos.

A señora CHAO PÉREZ: Ben, como igual vostedes teñen outros datos, preguntamos: ¿teñen pensado facer unha valoración sobre a evolución do Plan estratéxico da Cidade da Cultura antes de 2018, ano no que en teoría remata, ou seguiremos acumulando plan tras plan para seguir facendo políticas cos ollos pechados?

O señor PRESIDENTE: Xa está a pregunta. Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: Señor presidente, por favor. Este señor deputado está falando todo o rato cando eu teño o turno de palabra, agradecería que por favor o chame á orde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Xa procuro eu..., pero isto é... Ten vostede a razón no que está... Silencio, por favor. ¡Silencio, silencio!

Ten vostede razón, e eu sei o que molesta; eu tamén estiven aí, sei o que molesta cando alguén está facendo unha pregunta. Pero é para este bando e para este. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso é o que quero eu facer, e non empece vostede, non empece xa vostede con iso. *(Protestas.)* Procuro facelo, procuro facelo e sei o que molesta.

Resposta do señor conselleiro. Por favor, cando queira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non empece, por favor, non empece.

¡Silencio, xa está!

Señor conselleiro, cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Bueno.

Moi boas tardes.

Eu antes de nada pois darlle a benvida a En Marea á cultura da avaliación. Vostede está dicindo que se avalíe un plan, polo cal lle damos a benvida, e espero que non sexa unha flor de primavera, porque noutros asuntos vostedes non defenden para nada a cultura da avaliación. Eu creo que é bo se se fai un plan que se avalíe, e cando se remate ese plan...

O señor PRESIDENTE: Iso molesta tamén, molesta todo, molesta a todo o mundo iso, por iso é o que se pide.

Prosiga, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Cando se fai un plan, o normal é que cando se remate ou estea a piques de rematar se dea conta del. Obviamente, señora Chao, non teña a menor dúbida de que se dará conta cando esteamos preto do remate; pero, obviamente, cando esteamos falando do ano 2018. E dicir que a Cidade da Cultura para vostede ten unha visión absolutamente derrotista, catastrofista, pouco menos que é dicir que a Cidade da Cultura acaba co sector. Home, eu tamén lles dou a benvida, que ata vostedes se van facer fotos aí. Bueno, non está mal. Hai moi pouco En Marea, ou Podemos, non sei quen, fixo fotos para promocionar a Cidade da Cultura, entre outras cousas que lles interesaban nese caso ao seu grupo político, o cal, tamén, benvido sexa.

Pesadilla e condena, señora Chao. Hai unha cousa que se chama a vontade democrática dos cidadáns, e a vontade democrática dos cidadáns (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non foi apoiar un goberno e apoiar as accións dese goberno eleccións tras eleccións en Galicia, porque as gañou sempre o Partido Popular (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): E despois, tamén, señora Chao, saberá vostede que a época onde a Xunta de Galicia dedicou máis recursos, multiplicando por catro os de hoxe, foi nos anos do glorioso Bipartito.

Claro, vostede fálame de que se consomen recursos, tamén vostede saberá que aí non só hai cultura, aí hai cultura e emprendemento. Por exemplo, parte dos gastos que vostede lle imputa son gastos vencellados, por exemplo, á xestión informática do complexo da Xunta de Galicia, unha cantidade importante. Porque vostede pensa que a Fundación Cidade da Cultura é só exclusivamente desenvolvemento cultural, pero hai máis aspectos vencellados a esta fundación, que están marcados, por certo, no Plan estratéxico.

Co cal eu o que si faría, despois de facer esta reflexión, é pór en valor o que se está facendo e o que se plantexou nese Plan estratéxico, que foi unha medida moi intelixente. Teña en conta que se fixo no ano 2012, un ano dunha profundísima crise económica, un ano no cal se fixou unha folla de ruta que se está cumprindo: apostouse por unha cidade da cultura aberta á sociedade e aberta á cultura, e estase conseguindo, e só hai que ir por aí.

Se vostede, e non o digo a nivel persoal, abra a mente cando mira a Cidade da Cultura...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro, grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...daríase conta que cada vez máis a Cidade da Cultura está promovendo e pondo en valor todo o que ten que ver coa actividade cultural do país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro, rematou o seu tempo. Grazas.

Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Aquí temos sempre un derroche de imaxinación desbordante. Agora resulta que o Partido Popular gañou as eleccións porque a cidadanía de Galicia quería a Cidade da Cultura, por suposto, e así é que cada ano reciben nada máis e nada menos que 400.000 visitantes; esa gran obra para o futuro de Galicia recibe 400.000 visitantes, pero 11.000 euros diarios. Está claro que era a prioridade número un das galegas e dos galegos. Non sei eu por que non fan un referendo e o preguntan, porque estou segura de que dirían que si, que o gran acerto do Goberno do Partido Popular foi a Cidade da Cultura, ¡non me cabe ningunha dúbida! (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, se mo permite, non nos dea a benvinda á avaliación, déanos os datos, que é o que lle pedimos. E benvido vostede á avaliación durante, que resulta que é un dos tipos de avaliación máis importante na avaliación das políticas públicas, e resulta que diso algo sei, porque era ao que me dedicaba antes, así que benvido vostede. As políticas avalíanse mentres se implementan, non só cando rematan, por iso fixemos esta pregunta.

Se ten datos, tráiaos, non trate de despistar a atención, porque foi o único que fixo vostede, ao que nos ten acostumados, a botar balóns fóra e a esquecer as súas responsabilidades como membro do Goberno que ten que vir a esta Cámara e dar explicacións. Non os ten, perfecto, non os ten; pero se non aproveite o seu segundo turno e dea os datos que agora quixo pasar por alto.

E perdoe tamén que non queiramos falar do Bipartito, ¿pero era eu vicepresidenta daquel goberno? ¿Formaba En Marea parte daquel goberno? Non, ¿verdade? Do que estamos falando é do seu Goberno, vostedes levan gobernando dúas lexislaturas, digo eu que algunha responsabilidade terán. Se tiveramos que facerlle preguntas ao Partido Socialista ou ao BNG, pois fariámoslles a eles, pero é que lle toca a vostede, así que, por favor, sexa serio e conteste ao que se lle pregunta.

Traia os datos, díganos se considera adecuado enterrar os recursos da cultura de Galicia no Gaiás. E máis aínda, explíquenos que modelo cultural xustifica o que vostede acaba de facer aquí, dicir —sen rubor ningún— que o diñeiro que se retrae da cultura de Galicia se gasta en Antega e se gasta en pagar a Intranet da Xunta e se gasta en accións de emprendemento. Díxoo vostede, dicindo que eramos nós os que confundiamos os datos.

Se o diñeiro que vai á cidade vai para pagar a Intranet, díganos, por favor, canto. Será unha información interesante non só para a cidadanía, senón para todos os traballadores da cultura de Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao, moitas grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Chao, vostede quere datos precisos, eu pódolle dar algún dato preciso, se quere, sen ningún tipo de problema. Vostede saberá que constantemente hai unha comunicación á cidadanía das actividades que se fan aí. Hoxe mesmo, por exemplo, houbo un grandísimo evento de formación profesional na Cidade da Cultura, ese espazo que segundo vostedes non vale para nada.

Pero voulle dicir, mire, aí están traballando agora mesmo 200 emprendedores, impulsando proxectos, pondo en marcha novas iniciativas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede debería saber que hai un viveiro de empresas especializado en empresas culturais.

No centro de emprendemento estanse impulsando proxectos culturais de moitísimo nivel. Hai arredor de 200 actividades culturais todos os anos, moi variadas: teatro, música..., moitísimas. Hai máis de 300 eventos, algúns de produción propia e outros de produción externa, de asociacións, colectivos, etc.

En número de visitas estamos arredor de 2 millóns dende a súa inauguración, e pense vostede que estamos falando de 5 anos, 5 anos moi complexos dende o punto de vista do consumo cultural, da promoción cultural, da acción cultural, porque foron anos moi difíciles, e aínda así estamos a falar de máis de 2 millóns de visitantes. Ao mellor a vostede parécelle pouco, ogallá sexan máis, pero estamos falando desa cantidade económica.

Estamos falando de proxectos que están en carteira e que van darlle un dinamismo enorme a este proxecto. Por exemplo, a conexión por autoestrada coa AP-9, iso vai dinamizar —sen dúbida— a nivel cultural, porque a vai facer máis próxima aos cidadáns; igual que estamos traballando en favorecer a accesibilidade peonil; ou como estamos traballando en xerar un espazo agradable no seu contorno para a cidadanía de Compostela ou de calquera lugar de Santiago que queira ir coñecer os seus espazos.

E iso está indo día a día e mellorando, porque podemos facer un balance cuantitativo e poñer datos enriba da mesa, que os hai, e bos, tendo en conta o período que estamos falando. Agora, o máis importante é a parte cualitativa.

Se vostede vai aí —á parte de ir promocionala co seu medio de transporte— poderá ver, constantemente, que hai actividade cultural; poderá ver, constantemente, que hai moitos colectivos que están desenvolvendo actividades culturais aí; que cada vez hai unha maior implicación social e que hai unha mellor repostada da cidadanía; e iso é algo que poderá vostede negalo ou non, poderá ter unha visión previa, digamos unha percepción precisada por unha especie de veo que lle imposibilita ver a parte na que ao mellor tamén temos nós un pequeno veo, pero imposibilitalle ver, absolutamente, a realidade, porque, ao final, o que si é certo é que aí está concentrada unha parte importantísima da nosa cultura: biblioteca de Galicia, arquivo de Galicia, todo o que ten que ver co desenvolvemento de novos contidos, todo o que ten que ver co emprendemento cultural.

Hai moitísimas actividades, e cada vez máis están facendo que a Cidade da Cultura sexa un aliado e un referente no mundo cultural de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro, moitas grazas.

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre os mecanismos que vai habilitar a Xunta de Galicia para evitar a situación límite na que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Centro Coreográfico Galego, o Centro Galego de Artes da Imaxe ou o Centro Dramático Galego, a consecuencia dos recortes levados a cabo no seu financiamento

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Señor Román, teño a tentación de seguir falando da Cidade da Cultura, pero non podo. Non, realmente é increíble.

Bueno, para empezar o maior inimigo da estabilidade é a corrupción, sabémolo todas, ¿non? E para continuar, dicir que a Axencia Galega de Industrias Culturais —e non me diga nin que somos derrotistas, nin sexa vostede, por favor, triunfalista, nin aluda novamente ao Bipartito, que xa temos os oídos taponados de tanto escoitalo—... Seguro que lles vai ben dicilo, pero sobra xa, un pouco máis de concreción. Eu vou procuralo.

Realmente onte falabamos de que o Día das Letras Galegas é día de festa e é día de reivindicación. De festa, porque o sector de sectores, que é a cultura, os traballadores da cultura, a cidadanía que ten dereito ao acceso —non de elite, non de elite— universal á cultura, non está sendo beneficiario e a súa consellería non está atendendo as necesidades dos sectores.

Hai unha falta total de compromiso, e cando falamos de colapso, de asedio, cando falamos de desmoronamento, non o dicimos porque si, dicímolo dende a vivencia, dende o máis absoluto coñecemento da realidade.

E como non me quero dispersar, datos. Primeiro dato, o Centro Dramático Galego pasou de ter 15.145.000 euros a ter 10.532.000 euros. Bote contas.

O CGAC de 1.170.000 pasou a ter 857.000 euros. Cantidades pírricas. Con tres días da Cidade da Cultura, tiñamos un CGAC moito máis saneado.

Para continuar, porque o tempo é moi escaso nisto, a nivel de audiovisual, que é un sector do que poderíamos estar completamente orgullosos, só se produciu unha longametraxe no 2016.

Como non quero quedar sen tempo, eu voulle preguntar por algo sobre o que vostede ten absoluta responsabilidade, non só como conselleiro, senón como presidente da Axencia de Industrias Culturais: ¿cal é o informe xeral sobre a xestión de Agadic correspondente ao ano 2016?

Segundo o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, no primeiro trimestre deste ano vostede ten que ter ese informe: se a axencia é transparente, se a axencia é eficaz, se a axencia é eficiente. Por favor, déanos eses datos.

Díganos, tamén, cal é o seu plan de acción; díganos, tamén, cales son os obxectivos para os anos 2017 e 2018; e díganos, por favor, que mecanismos ten pensado habilitar a Xunta de Galicia para evitar a situación límite, terrible, de precariedade absoluta con perda de 7.000 postos de traballo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señoría Cuña, supoño que coñece este documento, páxina 199 a 229. Aquí está a actividade de Agadic. Pódeco consultar vostede sen ningún tipo de problema. Bueno, creo que se me escoitou.

Bueno, eu, a verdade, señora Acuña, non comparto a súa visión de caos, de desastre, respecto do estado da cultura galega. Eu non o comparto para nada e non o comparte o Goberno. Eu téño-me por un home equilibrado, por unha persoa equilibrada, cando fago as miñas afirmacións. Non estamos no mellor mundo posible, pero tampouco estamos no peor mundo posible. E vostedes aquí o que están facendo é unha radiografía absolutamente desastrosa e pesimista. E, mire, fai unha correlación que é bastante curiosa, vostede plantexa o vigor, a potencia, a creatividade, o impulso da actividade cultural cun único parámetro: a cantidade orzamentaria do presuposto autonómico. Bueno, ¿que quere que lle diga? É unha visión da cultura moi particular porque, bueno, as administracións temos responsabilidade, ¡todas! —dende a local, a provincial, a autonómica e a estatal—.

A cidadanía ten a súa responsabilidade, pois estamos falando de industria cultural, de produtos culturais. E a sociedade galega ten tamén que apostar claramente polo ámbito da cultura. E eu creo que o vaso se pode ver medio baleiro ou medio cheo, é lícito en política; agora, vostedes é que non ven nin o vaso, non ven nin a fonte. (*Risos.*) ¡Non ven nada! (*Risos.*) E non é así, vostede

sabe que non é así, se non este libro sería imposible facelo, absolutamente imposible. E aquí hai moita actividade cultural, ¡moita!, moitísima actividade cultural, con dous ou con tres liñas de acción: primeiro, que chegue a todo o territorio; segundo, que chegue ao conxunto da cidadanía; e, terceiro, que fortaleza un sector empresarial que dea emprego, que sexa de certeza para as persoas que se dedican á cultura. E, obviamente, que haxa detrás de todo isto realismo.

Agadic. Xa sabemos que o seu programa electoral o queren reformular, ou como lle queiran chamar. Pero voulle dar datos, porque unha cousa é a percepción e outra cousa son os datos. Agadic ten en marcha —como vostede sabe perfectamente, ademais— varias redes e varios circuítos: 1.257 funcións no ano 2016 —¡1.257!—, 29 obras de teatro en cinco salas privadas, 13 festivais de música subvencionados, 9 de escenas e de audiovisual e 151 accións que supuxeron a presenza concreta dos nosos produtos no exterior —17 delas en mostras internacionais audiovisuais de prestixio—. Bueno, ¿pódese facer máis? ¡Por suposto!, pero non me diga vostede que se fai unha película soa en Galicia porque é algo realmente sorprendente o que me está dicindo vostede aquí.

En todo caso, nós entendemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que a Administración...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...é un aliado absoluto...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...das iniciativas culturais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Si, señor Román, hai un problema sensorial, un problema de miopía, de enfoque, un problema auditivo tamén, pois non escoita. Eu preguntáballe pola Axencia e, en concreto, polas unidades que antes se chamaban de produción: Centro Dramático Galego, danza... Vostede sábeo ben. E preguntáballe no concreto por algo que ten a obriga de informar,

por informes sobre a execución, cumprimentos, obxectivos da Axencia no ano 2016. O obxecto seu ou a súa responsabilidade é fomentar e apoiar a cultura. Non me fale a min —que levo corenta anos traballando no ensino e na cultura— da realidade que coñezo ben. Fale co sector, escoite as reivindicacións. O sector do audiovisual ten moitas reivindicacións que facer, está sendo maltratado, temos xente premiada internacionalmente non porque a Consellería busque recursos de financiamento para internacionalizar, non, por mérito propio e con moitísimo esforzo, que están sendo maltratadas: produtoras e personalidades importantes. Temos un sector emerxente que non ten nichos de creación. A Cidade da Cultura —ese delirio de grandeza faraónico— absorbe moitísima cantidade que non ten retorno.

E nós o que lle pedimos é a nivel de audiovisual, ¿que programas de cooperación con outros sectores teñen desenvolvido? Por exemplo, cousiñas concretas, a nivel de produción teatral tiveron moitos problemas que teñen que resolver: a incongruencia lexislativa; departamento de produción coreográfica, case sen recursos; a xente da danza está protestando con respecto a isto. Fale coa xente da danza, fale coa xente da música, fale coa xente do cinema, fale coas xentes das artes escénicas e do teatro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...fale co circo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...con todos os sectores.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: E coñecerá a realidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: Agora fala do libriño, que está moi ben, pero que non é a realidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo, señora Cuña.

(Aplausos.)

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora deputada, a realidade estalle aquí. *(Risos.) (Murmurios.)* Aquí están todos os colectivos culturais dos que vostede fala, todos. *(Murmurios.)*

E, mire, cando vostede fala de maltratada, ¿vostede está afirmando que a Administración autonómica está maltratando algunha empresa por unha compañía do audiovisual? Eu pe-

diríalle que me dixera cal, porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu diríalle que me dixera cal..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...porque a min sorpréndeme... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): A min sorpréndeme porque vostede di que non falamos co sector. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, eu pódolle poñer encima da mesa resolucións de Agadic... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...onde todos os proxectos audiovisuais — ¡fantásticos! — cunha enorme creatividade, *(Murmurios.)* os que tiveron todos os premios — que teñen todos os premios a nivel nacional ou internacional —, teñen apoio da Axencia Galega de Industrias Culturais. *(A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Cuña, por favor, non se pode interromper.

Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Estoulle dicindo que teñen apoio financeiro, e algúns moi importante. *(A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.)* Co cal cando di vostede que está maltratando...

O señor PRESIDENTE: Señora Cuña, silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se non téñoa que chamar á orde.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...eu creo que realmente tería que ter vostede un pouquiño máis de precaución. *(Murmurios.)*

E, mire, vostede preguntábame polos casos concretos. Mire, por exemplo, o CDG o ano pasado expuxo *Tartufo* — que foi unha gran obra —, este ano estamos tamén cunha gran produción que tivo moitas críticas e, sen embargo, é un éxito de público. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Éxito de público!

Vostede fala do Centro Coreográfico, ¡home!, o ano pasado estivo xirando as catro estacións por todo o país — por concellos pequenos, rurais... —; ¡éxito!, nas catro estacións tiveron moitísimo público.

Vostede fálame do Centro Galego de Arte e Imaxe, hai unha programación estable, que tamén estamos esperando por diferentes concellos.

O CGAC, ¡home!, eu creo que hai unha actividade creativa no CGAC bastante salientable.

Agora, se vostede me di: gustaríame ter os recursos de hai equis anos, de hai dez ou quince anos, eu diríalle: ¡por suposto! Pero tamén lle digo unha cousa, este é un proxecto, a dinamización cultural do país é un proxecto no que todos temos unha cota de responsabilidade. E é unha cadea de valor: creativos, empresas, comercializadores, sociedade e tamén, por suposto, as administracións. E nós estamos sempre a carón daqueles proxectos culturais, primeiro, que sexan viables, e, segundo, que nos pidan apoio. A carón de todos con máis ou menos recursos. E vostede dirame: é que non lles dan todo o diñeiro posible; ¡home, dáselles o que hai!

E, mire —só para rematar, señor presidente—, uns datos concretos que vostede citou. Mire, o sector da industria cultural en Galicia está creando emprego, medrando, ten 5.700, un 5 % do nacional e arredor de 29.200 empregos. Nas artes escénicas —que vostede coñece moi ben—, pois, mire, na SGAE —non é unha fonte nosa—, o Anuario da SGAE estamos dicindo que hai un equilibrio, estanse mantendo as representacións. ¿E cal é o positivo? (*Murmurios.*) Que hai máis espectadores...

O señor PRESIDENTE: Foi interrompido. E remate xa.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e que hai, tamén, máis público.

O señor PRESIDENTE: Foi interrompido. E coas súas preguntas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Máis público e máis recadación, co cal tamén en consumo cultural estamos experimentando...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Insisto, o vaso pode estar medo baleiro ou medio cheo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...pero vostedes é que non teñen nin vaso. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Agora si terminou o seu tempo.

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e nove deputados/das máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Consellería de Sanidade en relación co proceso de recollida de achegas e suxestións para a elaboración do Plan funcional e do Plan de espazos do Proxecto Gran Montecelo, en Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Jacobo Moreira do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señor conselleiro.

Ben, en xullo do ano pasado —total, practicamente hai menos dun ano— a Consellería de Sanidade, que vostede dirixe, asinou un convenio co Concello de Pontevedra. Un convenio de colaboración para posibilitar a construción dun novo hospital que realmente supón a ampliación do actual Hospital de Montecelo, coa dotación de infraestruturas e servizos necesarios. Trátase do denominado —o que xa se coñece con esta denominación— o Proxecto Gran Montecelo.

O seguinte paso foi a licitación e adxudicación do Plan de Espazos e do Plan Funcional. E, ben, no proceso de elaboración do Plan de espazos e do Plan funcional do Proxecto Gran Montecelo a Consellería de Sanidade veu acometendo un proceso de participación social, recollendo achegas, suxestións, propostas —tanto das profesionais, como dos usuarios, como dos pacientes dos centros integrantes do complexo hospitalario de Pontevedra—. Todo co obxectivo de fixar claramente cales son as demandas e as necesidades para o futuro hospital. Para nós, señor conselleiro, é un proceso exemplar que dá boa conta da sensibilidade da Xunta de Galicia na xestión da sanidade pública, unha sanidade á que a Xunta de Galicia dedica catro de cada dez euros.

E, polo tanto, o que queremos saber despois deste proceso é coñecer, ¿que valoración fai vostede acerca do proceso de recollida destas aportacións e de suxestións na elaboración do Plan funcional e do Plan de espazos do Proxecto de Gran Montecelo?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

Señores deputados.

Pois a verdade, señor Moreira, é que ten moita razón. É un proxecto que nace xa do consenso. Hai ano e medio o presidente da Xunta convocounos e comentounos que tiña unha prioridade

clara no concello, na área sanitaria de Pontevedra, porque levamos moitos anos con diferentes proxectos e había que buscar o consenso a nivel xeral.

O primeiro que fixemos é tratar de escoitar a representación política, a representación profesional, a representación, tamén, de todos os veciños da área de Pontevedra. E conseguimos ter unha iniciativa e un proxecto xa claro, que era a creación de Gran Montecelo, como di, coroado nese momento pola aprobación do que foi ese convenio co Concello de Pontevedra para a mellora de infraestruturas e poder axilizalo. E, a partir de aí, seguimos o proceso que dixeramos, que o seguinte paso firme para finalizar canto antes este Gran Montecelo era a elaboración do Plan funcional e do Plan de espazos.

Contratouse a principios deste ano e o 23 de xaneiro deste 2017 realizóuselles unha presentación, en primeiro lugar, aos profesionais e representantes sindicais, e días despois a asociacións de veciños, a pacientes e, tamén, á representación política de cada área. Creo que empezaron a ver claro que era un proxecto que ía adiante e que tiñamos moito interese —moitísimo interese— en coñecer as iniciativas e as necesidades que nos podían aportar.

Esta presentación do equipo que están facendo o Plan de espazos e o Plan funcional —para nós unha etapa das máis importantes, porque é o que vai definir a estrutura final— empezou e a verdade é que ata o de agora estamos moi contentos. Porque se abriu unha plataforma *on line* para que os 4.000 profesionais da área puideran aportar. Contactouse con 25 asociacións tanto de pacientes como tamén veciñais. E tiñamos un obxectivo, que era chegar a 2.000 usuarios individuais que puideran aportar a este proxecto. Ao final, ¿a participación conseguida?, máis de 300 profesionais inscritos, 9 grupos de traballo con máis de 95 reunións, 8 asociacións foron as que fixeron a aportación —como digo, abrimos a todos, pero 8, finalmente, aportaron—, e recibimos 2.379 enquisas de particulares. Creo que é un proxecto único a nivel nacional, nunca antes un plan funcional ou un plan de espazos se fixera con tal participación de todo o entramado.

E un pouco a dinámica foi sempre a mesma: unha elaboración do que é a enquisa, unha distribución na participación, unha análise desta información. E a elaboración de proxectos concretos que poidan formar parte do proxecto, que aproximadamente calculamos que en tres ou catro semanas, podemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...presentala xa á cidadanía.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor conselleiro. Grazas pola súa resposta.

Non temos máis que felicitalo por este proxecto, por como o está levando a cabo e polo resultado, pola participación de todas as persoas interesadas.

Desde o principio consideramos que este proxecto está ben dirixido, ben encauzado. E creo que ese nivel de consenso probablemente sexa o vaticinio de que este proxecto vai supoñer un grande éxito pola implicación social que se está buscando. Non só cos profesionais —como acabamos de dicir—, senón tamén cos usuarios, cos cidadáns e cos pacientes. Creo que podemos dicir ben claramente que o Gran Montecelo é un proxecto colectivo con moita implicación social, e que calquera cidadán puidera dar a súa opinión ou suxestión a través duns formularios, a través da páxina web, ou mesmo a través dun correo electrónico, creo que é unha cuestión a valorar moi positivamente. Contrasta notablemente con como actuaron outros gobernos, que simplemente se limitaron a presentarnos a maqueta dun proxecto de Montecelo, dunha ampliación, que custaba 120 millóns de euros e que ao final era un proxecto inexecutable.

Creo que é moi valioso ver como está vostede, señor conselleiro, manexando esta ampliación que si é realizable, que non ten nada que ver con aquela ampliación que era imposible e da que soamente nos presentaron unha maqueta na que ningún cidadán puido participar. Neste proxecto si que se pode participar, polo tanto, é moito de agradecer esta implicación, esta boa disposición disposición da súa consellería.

Para rematar, sería do noso interese, señor conselleiro, coñecer os aspectos sobre os que versou a enquisa formulada aos cidadáns e usuarios e tamén cal foi o enfoque ao que se dirixiu a participación dos profesionais.

Nada máis. Animámolo a seguir por esta senda e felicítámolo tamén por esta iniciativa tan pioneira como exitosa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, para que non quede isto que parece que é todo virtual, había cartelería, que se instalou en todas as dependencias da consellería, centros de saúde, centros de especialidades e os propios hospitais. Tamén había urnas, onde os cidadáns podían depositar todas esas incidencias. E comento datos de participación, sobre todo ao nivel que dicía de cidadán, que é novidoso, que é a primeira vez que se fai e creo que vai ser un exemplo para o resto do país.

Deses 2.379 cidadáns que participaron, un 60 % son mulleres. Preguntouse cantos estiveran no hospital o último ano, por exemplo, e 486 destas persoas que participaron estiveron dez veces, como mínimo, no hospital; é dicir, son persoas que coñecen perfectamente o funcionamento. Evidentemente, o que máis coñecían é a situación da zona de consultas, 1.696. E os tres espazos que para eles son máis importantes e queren mellorar —facendo sempre unha valoración positiva do sistema sanitario—, serían urxencias, nunha porcentaxe do 83 % dos casos; habitacións tamén, é unha petición que o 75 % consideran que hai que mellorar; e tamén o hospital de día, o 71 %.

Á parte disto, para explicar un pouco, tamén se preguntou se mellorarían os accesos ao hospital, que non é un tema sanitario pero que tamén inflúe, loxicamente, nel. As circulacións interiores, se se podían mellorar. Como dicía, as consultas tamén. A área cirúrxica de UCI e as salas de espera, se serían mellorables; tamén a sala de estar de familiares, os aseos, os espazos a mellorar fóra do que é o tema asistencial, como aparcadoiros, espazos exteriores... Ou suxerir a incorporación ao hospital dalgún espazo novo que non exista actualmente, niso tamén participaron.

Creo que, como digo, ao final o proceso é moi positivo, moi, moi positivo, onde se viron os profesionais moi recoñecidos. Houbo reunións —destas noventa e tantas reunións que falamos— nas que houbo cen persoas na reunión de todos os estamentos, non só xefaturas de servizo, senón calquera profesional que quixera pertencer, e colleron con ilusión o proxecto. Desde logo, para empezar, estamos escoitando o que nos queren dicir. E os usuarios, ata 114 persoas deixaron o seu correo electrónico para recibir as novas, as modificacións, querían estar implicados directamente, e creo que é moi positivo.

E dicindo onde hai melloras, sempre unha porcentaxe altísima dixo que estaba contenta co sistema sanitario, pero entendía que podíamos mellorar tendo en conta, ademais, que falamos dos trinta ou corenta próximos anos.

E remato co resumo. Realmente é un...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...plan funcional que ao final foron...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...2.700 persoas as que participaron nel, con moitísimas suxerencias.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Última pregunta.

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual dos recursos e a calidade asistencial dos centros de Política Social da provincia da Coruña

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, boa tarde.

Señor conselleiro, o Comité de Empresa de Política Social da provincia da Coruña ten denunciado durante o ano 2016 a situación de progresiva deterioración e abandono dos centros, especialmente de atención directa, adscritos á Consellería: residencias de maiores, centros de menores, o Centro de Atención ás Persoas Discapacitadas da Coruña, téndose chegado —como dicíamos na pregunta— a unha situación alarmante polos recortes dos postos de traballo que ameazan a calidade das prestacións e o mantemento dos servizos básicos que se prestan nestes centros.

O comité de empresa realizara toda unha serie de visitas aos distintos centros para avaliar as condicións de traballo, o estado das instalacións, as demandas do persoal, as carencias dos centros e todas aquelas circunstancias e factores que puideran influír no traballo diario, na atención aos usuarios, así como na seguridade e saúde dos traballadores.

O comité pretendía tamén así trasladar á Consellería e á propia opinión pública as deficiencias e as necesidades constatadas en centros de tanta transcendencia social como dos que estamos a falar. Incluso chegou esta situación a ser formulada ante a institución do Valedor do Pobo, que deu contestación mediante un —vou dicilo así— simple traslado da contestación da propia Consellería.

Teñamos en conta que, se antes falabamos con motivo dunha anterior pregunta dun sector altamente feminizado do traballo que estaba sufrindo unha situación laboral dura, como era o téxtil, resulta que os centros da Consellería de Política Social na provincia da Coruña, e supoño que con carácter xeral, empregan a máis de 1.500 traballadores, sendo un 95 % mulleres —practicamente o total da plantilla, teñamos en conta moi especialmente esta situación—, cunha alta taxa de temporalidade, e non sendo os representantes de persoal deste comité de empresa a nivel provincial atendidos suficientemente nas súas moi frecuentes solicitudes de información aos distintos cargos e direccións da Consellería.

Unha situación que está a incrementar toda a problemática, incluso asistencial, era a suspensión que temos denunciado en moitas ocasións do artigo 19 do V Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia en materia de libranzas e descansos, que estaba a afectar —e que segue afectando desde 2012— as condicións de traballo e de saúde de todo o persoal, e, polo tanto, as condicións de prestación asistencial.

Nos centros de maiores de forma especial, parece estar totalmente ou moi abandonada a vertente social de atención, limitándose, iso si, aos coidados básicos, e non se revisan coa

periodicidade necesaria os graos de validez ou de invalidez que se necesitan para reasignar os recursos necesarios.

Denúnciase tamén, por parte do conxunto dos profesionais destes centros, a falta de formación suficiente do persoal e, sobre todo, de protocolos de traballo para atender, por exemplo, os recentes ingresos no ámbito de saúde mental que están entrando nestes centros.

Por iso o noso grupo quere trasladar á Consellería esta pregunta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...que foi motivo tamén, precisamente, dunha proposición de resolución con motivo das actuacións do Consello de Contas para coñecer a calidade asistencial dos centros da provincia da Coruña. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor deputado, o obxectivo, dende logo, que ten a Xunta de Galicia nos seus centros é prestar os mellores servizos. Polo tanto, eu non podo coincidir coas súas palabras de que se está prestando un servizo ineficiente nos nosos centros.

En moitas ocasións, precisamente nesta Cámara, tense discutido sobre a xestión directa, sobre a xestión indirecta e outras cousas. Polo tanto, eu o que quero dicir ante esa afirmación que vostede fai é que a atención é moi boa nos nosos centros, e que, ademais, unha parte desa moi boa atención se debe aos magníficos profesionais que a Consellería de Política Social ten nos diferentes centros. Miles de profesionais de centros que temos en toda Galicia.

Efectivamente, fálame na súa pregunta dun escrito do Comité de Empresa da provincia da Coruña que foi remitido á oficina do Valedor do Pobo en maio. A oficina do Valedor do Pobo requiriulle á Consellería de Política Social toda a información. No seguinte mes foi aportada toda a información, que son 50 folios, e supoño que vostede puido comprobar como punto por punto se ían aclarando moitas das cousas que se dicían nese extenso informe que nós —xa digo— contestamos ao mes seguinte.

En todo caso, dicirle que este conselleiro e todo o seu equipo directivo agradece sempre as aportacións que fan os nosos traballadores, os nosos representantes sindicais, e teño a instrución dada a todos os meus altos cargos de ter todas as reunións que se solicitan cos representantes sindicais da Consellería, como me consta que se teñen con carácter mensual e con carácter bimensual, e o propio conselleiro tamén está á disposición para cando é necesario. Esa, dende logo, é a miña cultura e é á que lle teño transmitido ao meu equipo directivo.

Igualmente, en materia de equipamento pódolle dicir que por primeira vez os representantes sindicais da Consellería de Política Social participaron na designación do equipamento dos diferentes centros. Estou falando de equipamento en residencias de maiores, en centros de menores etcétera, no ano 2016.

En canto a algunhas das actuacións, pódolle dicir que os centros máis importantes que se salientan tiveron actuacións moi importantes. O centro de menores San José de Calasanz, reformas moi importantes. Pode ir velo cando queira, pode falar cos seus traballadores cando queira, e pódolle constatar o que estou a dicir neste momento. Un investimento o ano anterior superior a 700.000 euros. Pode tamén facer o mesmo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...no centro de menores de Ferrol...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...na residencia de maiores de Oleiros, na residencia Volta do Castro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...na residencia de maiores de Caranza e no CAP da Coruña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señor conselleiro, se como resultado das accións de queixa e da análise da situación levada a cabo polo propio Comité Provincial de Empresa da provincia da Coruña durante o ano 2016 por fin na Consellería están a falar con eles para que participen no proceso de equipamentos, benvida sexa esa nova actitude en relación coa representación de todos os traballadores, que si que, efectivamente, é o maior capital do que gozan os centros da Consellería.

Pero realmente é difícil entender que se está avanzando demasiado na dotación xa non digo de programas e doutros recursos asistenciais, pero si a nivel de mantemento destes centros. Non hai que estar moi lonxe do Centro de Atención a Persoas Dependentes na cidade da Coruña para darse conta de toda a problemática que teñen. Hai fotos por todas partes de situacións que realmente son bastante elocuentes dunha situación que non debe seguir así. No Centro de maiores Torrente Ballester tamén temos toda unha serie de situacións de mantemento, da que nos están informando permanentemente os traballadores, e creo que debemos, entre todos, seguir corrixindo esta situación.

No Centro de menores Virxe do Carme, de Ferrol, hai prazas suficientes para atender todos os ingresos. E no Centro de maiores de Oleiros, que é un centro cunha preocupación especial, gustaríame saber —e se non é así que nolo diga— se é certo que temos simplemente en quenda de noite unha persoa auxiliar de clínica para atender a 44 grandes dependentes. É unha situación que eu pido que, se non é así e estou equivocado, nola corrixan, porque creo que é suficientemente grave.

Pero, señor conselleiro, a asignación de orzamentos para os mantementos de centros destas características dubido moito que sexa suficiente para seguir nunha mínima progresión de calidade asistencial. En reforma de centros asistenciais, de 2016 ao 2017 reduciron os orzamentos case nun millón de euros. E no programa 312E, de Servizos Sociais, de atención a persoas maiores e con discapacidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...reduciron un 40 % os orzamentos desde 2009.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Teñan en conta toda a problemática...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu turno. Terminou o seu tempo.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...de sinistralidade laboral, precisamente en centros de Política Social, con motivo da aplicación...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Xa terminou o seu tempo. Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...do convenio colectivo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Xa está, terminou o tempo.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moi ben, moitas grazas.

A verdade é que, como dicía antes, temos miles de traballadores na Consellería de Política Social; temos centos de centros de traballo; pasamos momentos de dificultade e de restricións importantes do gasto público; pero estamos nun momento diferente, dígolle a verdade, na Consellería de Política Social.

Soamente na provincia da Coruña, que é pola que vostede me está preguntando, o ano pasado fíxose un investimento nos nosos centros moi superior ao de anos anteriores: 3,2 millóns de euros; 2,6 en obras e 0,6 en investimento.

Neste momento, como sabe vostede e como saben os representantes sindicais da provincia da Coruña, hai orzado 1,6 millóns para obras de mellora e equipamento na provincia da Coruña. Eu dígolle que antes de que acabe o ano non imos executar esta cantidade, senón que imos superar —esas son as nosas expectativas— a cantidade executada no ano anterior, precisamente porque ao ir polos centros, tanto o conselleiro como os altos cargos da consellería, efectivamente se están constatando moitas cousas que podemos ir mellorando e que de verdade estamos mellorando.

Pero, de verdade, eu invíto a que lles pregunte a moitas das persoas que traballan para ver se realmente se está a notar o investimento a maiores que estamos tendo en Galicia destinado á nosa política social.

En relación coa outra parte da pregunta, na que me falaba de condicións laborais, non vou repetir o que se ten falado aquí con respecto ao Convenio colectivo xeral da Xunta de Galicia, pero si cousas concretas que lle corresponden en exclusiva á Consellería de Política Social.

Mire, na última oferta de emprego público conseguimos ter 155 traballadores máis nos centros de atención directa da Consellería de Política Social, están xa cubertos neste momento. Esperamos os presupostos xerais do Estado para ter a nova oferta de emprego público, e esperamos superar tamén, igual que en investimento, esa cantidade que vai permitir mellorar o servizo pero tamén outra cousa moi importante: se dicimos que os traballadores forman unha parte importante da Consellería de Política Social, tamén é moi importante que poidan traballar en condicións moi adecuadas.

Mire, dende o ano 2016 —eu non lle podó dicir de antes—, os días de traballo consecutivos para persoas que traballaban en quendas baixaron de 7 días consecutivos a 5, de 2 noites consecutivas a 3 e a redución de xornada en cómputo anual reduciuse tamén en 85 horas. Foi a primeira vez, no ano 2016, é dicir, o ano anterior, que non se plantexa un conflito colectivo. Todos os anos iamos ao xulgado por un conflito colectivo...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...é a primeira vez que non se plantexa. Eu digo isto tamén desexando...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...que este ano poidamos acadar os acordos necesarios...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ... para que non se volva producir.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.


Remata aquí o pleno.

Boa noite a todos.

Remata a sesión ás seis e vinte e tres minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25